




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

axencia galega de infraestruturas

SPI GALICIA, S.A.
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

EXPEDIENTE SPI	CLAVE XUNTA	TIPO DE ESTUDIO
ATAU15X001	OU/03/042.01.5.4	ANTEPROXECTO

TITULO

OBRA E EXPLOTACIÓN DUN ÁREA DE SERVIZO NO PQ 80 DA AUTOESTRADA AG-53. ALTO DE SANTO DOMINGO - OURENSE

DOCUMENTOS

TOMO UNICO

MEMORIA, PLANOS E PRESUPOSTO

PROVINCIA	CONCELLO
OURENSE	MASIDE

PROMOTOR

SPI GALICIA, S.A.

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO ANTEPROXECTO

D. ENRIQUE COUSELO PAN

ENXEÑEIRO AUTOR DO ANTEPROXECTO

PABLO BLANCO FERREIRO

PBL	DATA	CONSULTOR
4.284.497,24 €	FEBREIRO 2016	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.
PBL + IVE	EXEMPLAR	
5.184.241,66 €	UNICO	

K:\AG-53\PROYECTOS\06 AREA DE SERVICIO\2015 Anteproyecto\FINAL\Documento N°2\00-Portada.dwg

DOCUMENTO Nº1 : MEMORIA E ANEXOS

00. MEMORIA
1. Obxecto do anteproxecto
2. Descrición do anteproxecto
3. Incidencia ambiental
4. Orzamentos
5. Estudo económico previo á explotación
6. Documentos que integran o anteproxecto
7. Consideracións finais

ANEXOS Á MEMORIA

8. ANEXO Nº1. Antecedentes
9. ANEXO Nº2. Cartografía e topografía
10. ANEXO Nº3. Implantación e trazado
11. ANEXO Nº4. Firmes e pavimentos
12. ANEXO Nº5. Edificios e instalacións
13. ANEXO Nº6. Sinalización, balizamento e defensas
14. ANEXO Nº7. Incidencia ambiental e paisaxística
15. ANEXO Nº8. Reportaxe fotográfica
16. ANEXO Nº9. Estimación de prezos
17. ANEXO Nº10. Orzamento para coñecemento da Administración
18. ANEXO Nº11. Estudo económico previo de explotación

DOCUMENTO Nº2: PLANOS

1. Situación e índice
2. Planta conxunto
3. Estado actual
4. Planta xeral
4.1 Planta xeral
4.2 Replanteo
4.3 Circulación
5. Deseño xeométrico
5.1 Replanteo de eixes
5.2-5.7 Perfís lonxitudinais
5.8-5.13 Perfís transversais
5.14 Seccións tipo
6. Pavimentación
7. Redes
7.1 Rede de drenaxe
7.2 Rede de saneamento
7.3 Rede alumeado
7.4 Rede eléctrica
7.5 Rede contraindendios
7.6 Rede abastecemento e aire
7.7 Rede de rega
7.8 Instalacións mecánicas
7.8.1 Subministro combustible
7.8.2 Cargadores eléctricos
8. Sinalización, balizamento e defensas
8.1 Sinalización horizontal
8.2 Sinalización vertical
8.3 Balizamento e defensas
9. Urbanización e organización ecolóxica
10. Estruturas
10.1 Muro escolleira
11 Edificio
11.1 plantas
11.2 alzados

DOCUMENTO Nº3: ORZAMENTO

Relación de prezos
Medicións
Orzamentos
Orzamentos parciais
Resumo do orzamento

DOCUMENTO Nº1: MEMORIA E ANEXOS

Memoria

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES E ORDE DE ESTUDO

2. DESCRICIÓN DO ANTEPROXECTO

2.1 Situación actual

2.2 Xeoloxía e xeotecnia

2.3 Efectos sísmicos

2.4 Climatoloxía e hidroloxía

2.5 Planeamento e trazado

2.6 Tráfico

2.7 Firmes e pavimentos

2.8 Instalacións

2.9 Edificacións

2.10 Sinalización e balizamento

2.11 Estruturas e outros

3. INCIDENCIA AMBIENTAL

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PLAN DE OBRA

5. ORZAMENTOS

6. ESTUDO ECONÓMICO PREVIO DE EXPLOTACIÓN

7. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O ANTEPROXECTO

8. CONSIDERACIÓNS FINAIS

MEMORIA

1. ANTECEDENTES E ORDE DE ESTUDO

É obxecto do presente anteproxecto definir e valorar as instalacións e obras necesarias para construír unha área de servizo na marxe esquerda da autoestrada AG – 53 de Santiago de Compostela a Ourense, á altura do PQ 80, no termo municipal de Maside, na provincia de Ourense.

Tamén ten por obxecto a realización dun estudo previo de explotación das instalacións da área de servizo, que permita establecer un punto de partida para fixar as condicións nas que se realizará a concesión de construción e explotación.

A localización da área de servizo está fixada segundo o establecido no Anexo: "Descrición do tramo de autoestrada " do "Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo – A52 da autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión", que se axunta no Anexo nº1 deste documento. Dito Decreto constitúe a Orde de Estudo para este anteproxecto.

En consecuencia, neste anteproxecto non se realiza ningún estudo de posibles alternativas senón que simplemente se realiza o axuste da área ós terreos dispoñibles, cuxos límites foron definidos no proxecto de construción do tramo adxacente da AG – 53 e expropiados conxuntamente co resto dos necesarios para a execución daquelas obras.

Os antecedentes administrativos que se teñen en conta na redacción do presente anteproxecto son os seguintes:

- Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que, en cumprimento do disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, creouse a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A. co obxecto de levar a cabo as actividades de construción, explotación e conservación do tramo Alto de Santo Domingo – Ourense da autoestrada A – 53, Santiago de Compostela – Ourense.

- Decreto 310/2003, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.

- Decreto 400/2003, do 6 de novembro, polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A.

- Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión.

- Con data 13 de setembro de 2005 a Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aproba o Proxecto de Construción. Autoestrada AP-53. Santiago de Compostela – Ourense. Treito Alto de Santo Domingo – A-52. Subtreito Enlace de Cea – A-52 (excepto viadutos)", de clave OU/03/042.01.5.1, no que se inclúen os carrís e ramais de conexión entre la AG-53 y a área de servizo prevista no P.Q. 80,5, así como a expropiación dos terreos necesarios para a construción da mesma.

- Con data 26 de marzo de 2008 a Dirección Xeral de Obras Públicas de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aproba o "Proxecto Modificado nº 1 del de Construción. Autoestrada AP-53. Santiago de Compostela – Ourense. Treito Alto de Santo Domingo – A-52. Subtreito Enlace de Cea – A-52 (excepto viadutos)", de clave OU/03/042.01.5.1M1.

2. DESCRICIÓN DO ANTEPROXECTO

2.1 Situación actual

Na data de redacción do presente anteproxecto atópase en servizo o tramo Alto de Santo Domingo – A-52, dentro do que localiza a área de servizo en estudo.

Dita área de servizo localízase na marxe esquerda da autoestrada AG – 53 entre os PPQQ 80+250 e 80+750 e presta servizo a ámbolos sentidos de circulación, empregando só a marxe dereita para dotar de acceso á mesma.

Na actualidade están executados os carrís de aceleración e deceleración da autoestrada, parte dos accesos, así como a rotonda da marxe esquerda e o paso superior. A superficie destinada á propia área de servizo atópase sen arboredo nin vexetación na súa maior parte e conta con zonas nas que se levou a cabo certo grado de explanación.

A actuación afecta a unha parcela de 2,2 ha e 7,5 ha nas marxes dereita e esquerda, respectivamente.

2.2 Xeoloxía e xeotecnia

No punto 3.1.2 do anexo nº6. Incidencia ambiental e paisaxística realízase unha aproximación á xeoloxía e a xeotecnia do ámbito de estudo.

2.3 Efectos sísmicos

Para avaliar os posibles efectos sísmicos sobre as instalacións proxectadas tívose en conta a Norma de Construción Sismorresistente: Parte xeral e edificación (NCSE-02), aprobada polo Real Decreto 997/2002, do 27 de setembro.

Dita norma clasifica as construcións segundo o uso ó que se destinan, os danos que poida ocasionar a súa destrución e o independentemente do tipo de obra de que se trata. Polo tanto, as instalacións proxectadas pertenceran o grupo de construcións de importancia especial.

O mapa de perigo sísmico da norma sitúa o concello de Maside, ó que pertencen os terreos da área de servizo, cunha aceleración sísmica básica, a_b, de 0,04 g.

Polo tanto, a norma será de obrigado cumprimento na fase de proxecto, na fase de construción e ó longo da vida útil das instalacións.

2.4 Climatoloxía e hidroloxía

No punto 3.1.1 do anexo nº6. Incidencia ambiental e paisaxística poden consultarse os principais parámetros climatolóxicos da área de estudo .

Así mesmo, pode obterse a información relativa a hidroloxía da zona, coa localización dos ríos e humidais máis importantes, no punto 3.1.3 de dito anexo.

2.5 Planeamento e trazado

O concello de Maside rísese polas Normas Subsidiarias de Planeamento (en adiante NSP) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 29 de outubro de 1985. Segundo o plano de ordenación o ámbito da actuación estaría clasificado como Solo non Urbanizable de Especial Protección.

A totalidade da área de servizo localízase na marxe esquerda da autovía AG – 53, mentres que as obras da marxe contraria están encamiñadas so a dotala de acceso.

No presente anteproxecto contémplase a construción dun só edificio para atender ós servizos de abastecemento de combustible, restauración e tenda. Nos planos do mesmo, tamén se definen os aseos, os vestiarios para o persoal, o almacén e a oficina.

Nesta zona proxéctanse dúas superficies de reserva para a construción e ampliación de futuras instalacións.

Dótase o ámbito cun total de 152 prazas de aparcamento,das cales 115 están destinadas a vehículos lixeiros, 25 a vehículos pesados, 5 para autobuses e 7 resérvanse para discapacitados na zona máis próxima á entrada do restaurante – cafetería.

No extremo este localízase a zona de esparexemento, que estará composta por un área de servizos para 10 caravanas, un merendoiro e un parque infantil. Ademais, nesta zona auméntase o parque de estacionamento con 22 prazas para os vehículos lixeiros que accedan a zona de esparexemento.

A comunicación peonil entre a estación de servizo e a zona de esparexemento realizarase mediante unha pasarela.

Defínese para todo o ámbito o mobiliario urbano necesario: bancos, mesas, papeleiras, barbacoas, xogos infantís, etc. Tamén se proxecta o peche perimetral da parcela e a execución do camiño de servizo que de continuidade ó preexistente.

Durante a construción da propia autoestrada xa foron executados parcialmente os accesos á área de servizo, directos dende o tronco da mesma e compostos polos carrís de cambio velocidade en paralelo con vías de entrada e saída. Polo tanto, ditos carrís de cambio de velocidade e accesos á área se servizo xa foron contemplados no proxecto da propia autoestrada, e cumpren coa normativa vixente en materia de trazado.

A área de servizo proxectada dista 7 km da gasolineira máis próxima en sentido Santiago e 28 km en dirección Ourense, polo que, a distancia media entre estacións é de 17,5 km.

A superficie ocupada pola área de servizo distribúese da seguinte forma:

ZONA	DESIGNACIÓN	SUPERFICIE ACTUACIÓN (m^2)	%
1	Pavimento explanada e área descanso	14.432	15,11%
2	Pavimento zona abastecemento e carga	688	0,72%
3	Beirarrúas	252	0,26%
4	Zonas verdes axardinadas	11.969	12,53%
5	Zonas verdes rexeneradas	28.891	30,25%
6	Zonas verdes naturais	22.783	23,85%
7	Pavimento zona recreo área descanso	2.286	2,39%
8	Pavimento glorieta existente	1.106	1,16%
9	Pavimento nova glorieta	1.257	1,32%
10	Pavimento accesos principais existentes	4.100	4,29%
11	Pavimento novos accesos principais	4.617	4,83%
12	Pavimento paso superior	518	0,54%
13	Pavimento camiño servizo	2.616	2,74%
	TOTAL	**95.516**	100%

Polo, tanto a superficie total ocupada pola área, descontando os noiros é de 95.516 m2.

Procurouse localizar as instalacións de forma que ó entrar na área de servizo se teña unha visión conxunta de tódolos servizos, quedando garantida a visibilidade por motivos de funcionalidade e seguridade.

2.6 Tráfico

O estudo do tráfico que accederá á futura área de servizo constitúe un dato de extrema importancia, tanto para o dimensionamento das seccións de firme do novo viario como para o estudo da rendibilidade financeira da súa explotación.

Como dato de partida empréganse os resultados obtidos pola estación de aforo permanente que a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, encargada da conservación e mantemento da autoestrada AG – 53, conta para o tramo Interc. Maside – A-52, no que se localiza dita área de servizo.

Ano	IMD total	Δ IMD total	IMD total lixeiros	IMD total pesados	% IMD total pesados
2011	12.978	-	11.681	1.297	10,0%
2012	12.455	-4,0%	11.255	1.200	9,6%
2013	12.364	-0,7%	11.161	1.203	9,7%
2014	12.679	2,5%	11.440	1.239	9,8%
2015	13.332	5,2%	12.034	1.298	9,7%
MEDIA	**12.762**	**0,7%**	**11.514**	**1.247**	**9,8%**

Na estimación do tráfico previsto ó longo do período concesional máximo que se establece en 30 anos considéranse dous parámetros constantes, por unha banda, un incremento anual da Intensidade Media Diaria do tráfico total do 1.0 %, e por outra, a unha porcentaxe de vehículos pesados do 9.8 %.

A partires do estudo do tráfico tanto da autoestrada AG – 53, na que se localiza a área de servizo, como das vías lindeiras, chégase á conclusión de que os usuarios da autoestrada se dividen en dous grandes grupos, sumando cada un o 50 % aproximadamente do tráfico total da vía. Por un lado,están os vehículos que fan o recorrido O Carballiño – Ourense e que se engloban dentro do tráfico habitual ou de curta distancia, e por outro lado, os usuarios da autoestrada, que xeralmente á recorren na súa totalidade, e que se poden definir como tráfico ocasional ou de media ou longa distancia.

Tendo en conta diversos estudos sobre o comportamento dos vehículos en áreas de servizo en situación semellante e a análise da competencia na captación de tráfico á que se enfrontan as futuras instalacións, obtense unha previsión ó longo do período concesional máximo de 30 anos do número de vehículos e usuarios que farán uso dos servizos ofertados.

Así, estímase que para o ano de posta en funcionamento, previsto para xaneiro de 2018, o tráfico total captado nun día será de 810 vehículos, dos cales 682 sería lixeiros e 128 pesados.

2.7 Firmes e pavimentos

O firme a executar determinarase en base as especificacións indicadas na Instrución 6.1-I.C., aprobada por Orden de 23 do outubro de 2002 e publicada no B.O.E. de data 30 de outubro de 2002, e a Norma 6.3-IC "Rehabilitación de firmes", aprobada por Orden FOM/3459/03 do 28 de novembro de 2003.

Para unha estimación da IMDp comprendida entre 64 e 84 vehículos por carril a categoría de tráfico pesado que lle correspondería sería a T32.

Con todo, nos ramais construídos dispúxose unha sección de firme para categoría de tráfico T2, polo que, por homoxeneidade con estes tramos, en tódolos ramais que conectan a AG – 53 coa glorieta de acceso ás zonas de servizo e descanso, así como na propia glorieta, considerarase dita categoría de tráfico.

No resto de zonas proxectarase unha sección T31, un nivel superior ó estritamente necesario, tendo en conta que polas mesmas podería circular o 100% do tráfico pesado da área, reducindo así as necesidades de reforzos e actuacións sobre o firme no futuro, e polo tanto, as molestias ós usuarios da área de servizo.

Tanto no viario periférico de acceso como na vía principal do interior da estación de servizo se proxecta un unha sección de firme 231 composta por 20 cm de mestura bituminosa sobre unha capa de 25 cm de zahorra artificial.

O espesor da mestura bituminosa estará composta polas seguintes capas:

- Capa de rodadura: 3 cm de mestura bituminosa para capa de rodadura tipo BBTM 11B 50/70
- Capa intermedia: 7 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 22 bin 50/70 S
- Capa base: 10 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 32 base 50/70 G
- Emulsións asfálticas:

Para a rotonda da marxe esquerda, de nova execución, proxéctanse as seguintes capas:

- Capa de rodadura: 6 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 22 surf 50/70 S
- Capa intermedia: 7 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 22 bin 50/70 S
- Capa base: 7 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 32 base 50/70 G

- Emulsións asfálticas:

Na actualidade, tanto os carrís de acceso á área de servizo de ámbalas marxes como a rotonda da marxe dereita xa se atopan parcialmente executados, restando só a extensión da capa de rodadura.

Polo tanto, nestas zonas, só se proxecta a execución dunha capa de 3 cm de mestura bituminosa para capas de rodadura tipo BBTM 11B 50/70 nos carrís de acceso e 6 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 22 surf 50/70 S na glorieta existente, coa correspondente rega de adherencia.

A solución proposta para o paso superior contempla as seguintes capas:

- Capa de rodadura: 3 cm de mestura bituminosa para capa de rodadura tipo BBTM 11B 50/70
- Capa intermedia: 3.5 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 22 bin 50/70 S
- Mástic betún-caucho con malla de fibra de vidrio en doble capa
- Emulsións asfálticas:

No tramo comprendido entre a rotonda existente e o paso superior a aparición de vexetación na traza fai necesaria unha escavación previa da caixa de 25 cm de profundidade, a reposición da subbase de zahorra artificial e a mestura bituminosa completa.

Para o resto de vías da área de servizo proxéctase unha sección de firme 3131 composta por 16 cm de mestura bituminosa sobre unha capa de 25 cm de zahorra artificial.

- Capa de rodadura:6 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 surf 50/70 D
- Capa intermedia: 10 cm de mestura bituminosa en quente tipo AC 22 bin 50/70 S
- Emulsións asfálticas

Na zona de repostaxe disporase un pavimento composto por unha soleira de formigón HP – 40 de 20 cm de espesor, con mallazo de reparto e fibra de polipropileno sobre unha capa de zahorra artificial de 20 cm de espesor.

Para a beirarrúa na contorna da edificación proxéctase unha baldosa hidráulica sobre unha cama de 10 cm de formigón HM – 20 e unha subbase de 15 cm de zahorra artificial.

As prazas de estacionamento contarán con bordo de formigón, así como as beirarrúas, isletas, xardíns e zonas verdes. Na parte interior das rotondas disporase un bordo remontable de formigón e unha franxa de 2 m de lastro de formigón.

A pavimentación do camiño de servizo realizarase a partires dunha capa de zahorra artificial de 20 cm de espesor e na zona de esparexemento disporanse 20 cm de zahorra natural e un selado de area.

Para as zonas verdes axardinadas, situadas no interior da explanada da área de servizo, nas rotondas e nos xardíns anexos ós aparcamentos executáranse 30 cm de terra vexetal e céspede sementado.

Na superficie anexa ó viario proxéctase unha zona verde rexenerada mediante hidrosemente e para o resto só se contempla unha actuación de limpeza manual co fin de manter o seu estado natural.

2.8 Instalacións

Para o almacenamento de combustible proxéctase a seguinte dotación de tanques cilíndricos de dobre parede aceiro/poliéster reforzado con fibra de vidro:

- Tanque de 60.000 l para gasóleo.
- Tanque de 40.000 l para gasolina 95 octanos.
- Tanque de 40.000 l con dous compartimentos (20+20) para gasolina 98 y gasoleo especial.

Instalarase unha rede de tubarias cuxa función será realizar a condución dende a boca de carga ós tanques e o subministro dende estes ata os surtidores, así como conectar os depósitos coa atmosfera para ventilacións.

Disporanse catro puntos de recarga de vehículos eléctricos, do tipo de recarga rápido, modo de carga 3 e 4 segundo norma internacional IEC 61851.

A gasolineira tamén contará con dous equipos de subministro de aire e auga, tipo columna compacto, un para abastecer a vehículos lixeiros e outro para vehículos pesados.

A instalación eléctrica deséñase de acordo co establecido no Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto e nas Instrucións Técnicas Complementarias correspondentes.

O subministro de enerxía eléctrica realizarase dende o punto de acometida fixado pola compañía subministradora.

Para dar subministro de enerxía eléctrica en baixa tensión instalarase un centro de transformación de 400 kVA en caseta modular prefabricada. A conexión realizarase mediante canalización soterrada de aproximadamente 1,3 km coa rede de subministro eléctrico de Unión Fenosa

Realizarase a iluminación de viarios, zonas de circulación e zonas de aparcamento da área de servizo.

Con carácter xeral, a fonte de luz adoptada será de LED, en función do alto grado de rendemento luminoso, e con un nivel de reprodución cromática suficiente para o uso de alumeado público.

Para os viarios de entrada e saída, vía de acceso, zonas de circulación e zonas de aparcamento realizarase o alumeado mediante luminarias de tipo viario con lámpada LED de 96 W de distribución asimétrica sobre báculo de 9 m de altura e brazo de 1,5 m.

Para as glorietas realizarase o alumeado mediante proxectores con lámpada LED de distribución asimétrica sobre báculo de 15 m de altura.

Para a pasarela metálica que une a área de caravanas coa zona de repostaxe, realizarase o alumeado mediante luminarias estancas apegadas a estrutura de 36 W de potencia.

Para a os camiños peonís da zona de caravanas, realizarase o alumeado mediante balizas de altura 1 m con lámpada de descarga de 60 W.

Para a zona onde se aparcan as caravanas, realizarase o alumeado mediante luminaria esférica para iluminación viaria con esfera difusora en metacrilato, sobre columna de 3,5 m

O subministro de auga realizarase dende a rede municipal do concello de Maside, sendo o lugar de Casanova o máis próximo con servizo de auga. A acometida realizarase con tubo polietileno alta densidade PE-50A.

A instalación de saneamento estará formada por un sistema separativo composto de dúas redes independentes unha de fecais e outra de pluviais

2.9 Edificacións

O edificio proxectado ten unha morfoloxía sensiblemente trapezoidal, cunha planta rectangular, cun pequeno Torreón que identifica a zona de entrada principal, que se canalizará por un único acceso, tanto para os usuarios da tenda, da área de servizo coma do restaurante – cafetería. Provocando, deste modo, que todos os usuarios pasen pola zona adicada a tenda, e teñan una clara visión da zona de cafetería-restaurante.

A maiores destas áreas principais, o edificio albergará un área de aseos, con sala de lactancia e adaptado a persoas de mobilidade reducida; almacéns, un despacho, e vestiarios para persoal, así coma unha zona con duchas para usuarios.

O edificio está previsto con estrutura metálica, para soportar a cuberta e as fachadas, serán de dous tipos, unha de dúas follas de ladrillo con cámara de aire e illamento interior, e revestimento nun aplacado de pedra; e outra ventilada con panel composite de aluminio.

Para a cuberta proxéctase con panel sándwich de aceiro prelacado, gres porcelánico para os pavimentos interiores e carpinterías de aluminio lacado con rotura de ponte térmica, con vidros dobres illantes, baixo emisivos con protección solar temperados cara o exterior.

Os elementos de decoración interior serán propostos pola concesión, sen menoscabo dos acabados descritos.

2.10 Sinalización e balizamento

Para a disposición da sinalización, tanto vertical como horizontal, tívose en conta a normativa vixente da Dirección Xeral de Estradas:

- Norma 8.1-IC. Sinalización vertical, aprobada por Orde Ministerial do 20 de marzo de 2014.
- Norma 8.2-IC. Marcas viais, aprobada por Orde Ministerial do 16 de xullo de 1987.

A sinalización horizontal consta de liñas de borde de calzada, de delimitación de carrís de cambio de velocidade, de prazas de aparcamento, de inscricións, de isletas e de cebreados. A sinalización vertical consta fundamentalmente de carteis e sinais.

O balizamento nas bifurcacións consta de balizas cilíndricas e fitos de vértice, colocados de tal forma que se deixe libre a beiravía.

Os sistemas de contención de vehículos estarán formados por unha barreira metálica simple tipo BMSNA2 ou BMSNC2de acordo coa Orde Circular 35/2014.

Para a sinalización das obras atenderase ó disposto na Orde do 31 de Agosto de 1987, pola que se publica a *Instrución 8.3.I.C. "Señalización de las obras"* e do *"Manual de ejemplos de señalización de obras fijas"* de 1997 do Ministerio de Fomento.

2.11 Estruturas e outros

Para o presente anteproxecto contémplase a execución dun muro de escolleira no linde da marxe esquerda coa autovía AG – 53, para o sustento das terras e o aumento da superficie destinada á explanada da área de servizo.

Na vía principal de acceso a autovía en dirección Santiago é preciso realizar un gunitado de formigón para a estabilización do noiro.

3. INCIDENCIA AMBIENTAL

O presente anteproxecto non se atopa incluído en ningún dos supostos recollidos na lexislación vixente. Tampouco se leva a cabo ou ten relación directa con ningún dos espazos naturais que forman parte da Rede Natura 2000 ou da Rede Galega de Espazos Protexidos, polo tanto, enténdese que non resulta necesaria a súa tramitación conforme ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria nin simplificada.

Os antecedentes ambientais a considerar con respecto á incidencia ambiental da construción e explotación das obras contempladas son os seguintes:

- Acordo do 29 de xullo de 1996 da Comisión Galega de Medio Ambiente polo que se formula, declaración de impacto ambiental do "Estudio informativo con avaliación de impacto ambiental da autoestrada Santiago – Ourense", nos concellos de Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, e A Estrada, Silleda, Lalín, Dozón, Rodeiro, O Irixo, Piñor, O Carballiño, San Cristovo de Cea, Maside, Vilamarín, Amoeiro, Coles, Punxín, Ourense e Pereiro de Aguiar; promovido pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

- Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que, en cumprimento do disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, creouse a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A. co obxecto de levar a cabo as actividades de construción, explotación e conservación do tramo Alto de Santo Domingo – Ourense da autoestrada A – 53, Santiago de Compostela – Ourense.

- Decreto 310/2003, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.

- Decreto 400/2003, do 6 de novembro, polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A.

- Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión.

- Con data 10 de abril de 2007, procédese á aprobación do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, AP – 53, autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo – A-52, Ramal a O Carballiño e Enlace de Maside, clave OU/03/042.01.6 (termo municipal de Maside).

- Con data do 3 de xuño de 2009, procédese á aprobación do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, AP – 53, autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo –

A-52, Ramal a O Carballiño e Enlace de Maside. Modificado nº1, clave OU/03/042.01.6.M1 (termo municipal de Maside).

Para o estudo da incidencia ambiental producida pola área de servizo sobre o medio recórrese o esquema metodolóxico habitual, composto polas seguintes etapas:

a) Descrición do proxecto para identificar todos aqueles aspectos do mesmo que poidan producir un impacto negativo no entorno, tanto de forma directa como indirecta, considerando as fases de construción e posterior explotación.

b) Descrición do estado inicial da área, definindo o medio físico e socioeconómico do ámbito de estudo, con análise de tódolos sistemas naturais que poidan verse afectados pola obra e identificación de aqueles parámetros que poidan sufrir algunha alteración como consecuencia dos impactos que se xeran.

c) Identificación e avaliación dos impactos que se xeran sobre o entorno durante as fases de construción e explotación.

d) Proposta de medidas protectoras e correctoras que permitan corrixir e en todo caso minimizar os efectos negativos de maior transcendencia sobre o entorno natural.

e) Programa de vixilancia ambiental no que se expoñan as medidas que se levarán a cabo para comprobar que se cumpren as medidas protectoras e correctoras propostas.

f) Síntese, que resuma de forma clara e concisa, os aspectos máis relevantes do anexo de incidencia ambiental e paisaxística.

Durante á construción da autoestrada AG-53 Santiago de Compostela – Ourense xa se afectou á case totalidade do ámbito, os terreos foron expropiados, parte da cobertura vexetal eliminada, así como desmontes e acumulación de terras.

Os principais impactos concéntranse na propia presenza humana e de maquinaria na zona de actuación, que desaparecerán unha vez rematadas as obras.

Coa posta en funcionamento da área de servizo, os principais impactos serán os derivados de accidentes, problemas ou avarías, principalmente na almacenaxe e distribución dos hidrocarburos e da concentración de persoas e vehículos na contorna.

Por outra banda, o principal impacto positivo da construción da área de servizo consiste na satisfacción da demanda de servizos dos usuarios da autoestrada e na creación de postos de traballo nos municipios da comarca.

Tralo estudo dos diferentes aspectos ambientais no anexo correspondente conclúese que a avaliación global do anteproxecto considera esta actuación como compatible co medio.

Co fin de minimizar o impacto producido por unha determinada actuación adoptaranse medidas protectoras e correctoras tanto na fase de construción como na posterior fase de explotación.

Por último, está prevista a aplicación dun Programa de Vixilancia Ambiental nas fases de construción e explotación da obra, para conseguir que as medidas protectoras correctoras se leven a cabo correctamente, de forma que, non se produzan alteracións irreversibles no medio.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PLAN DE OBRA

No presente anteproxecto estimáronse os seguintes prazos:

TAREFA	PRAZO
Traballos previos e administrativos	6 meses
Execución das obras	12 meses
Período de explotación	Segundo oferta

5. ORZAMENTOS

O importe do Orzamento de Execución Material, obtido aplicando a Estimación de Prezos ás cantidade de cada unidade correspondente reflectidas nas medicións, ascende á cantidade de TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL CATROCENTOS DEZASETE EUROS con OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (3.600.417,85 €).

Incrementado o Orzamento de Execución Material nun 13 % en concepto de Gastos Xerais e nun 6% de Beneficio Industrial, resulta un importe do Orzamento Base de Licitación das obras do presente anteproxecto que ascende á cantidade de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS OITENTA E CATRO MIL CATROCENTOS NOVENTA E SETE EUROS con VINTE E CATRO CÉNTIMOS (4.284.497,24€).

O Orzamento Base de Licitación mais IVE ascende á cantidade de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E UN EUROS con SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (5.184.241,66 €).

Non foi necesaria a expropiación, nin temporal nin definitiva, de terreos particulares para a execución das obras ou a reposición de servizos afectados, por atoparse os terreos xa expropiados e as explanacións parcialmente realizadas.

Ós datos anteriores engadirase un 3% sobre o Orzamento de Execución Material en concepto de estudos proxectos e dirección de obra e un 1% sobre o Orzamento de Execución Material para facer fronte ó custo das licenzas municipais.

Polo tanto, ascende o Orzamento para Coñecemento da Administración das obras incluídas no presente anteproxecto á cantidade de CINCO MILLÓNS TRESCENTOS CINCUENTA MIL NOVECENTOS CORENTA E UN EUROS con UN CÉNTIMO (5.350.941,01 €).

O I.V.E. ós efectos do cálculo da rendibilidade do proxecto, non se considerará, posto que se trata un imposto que non supón unha mobilización de recursos senón unha transferencia dos mesmos. Segundo isto, o orzamento de investimento inicial a considerar no estudo económico ascende á cantidade de CATRO MILLÓNS CATROCENTOS VINTE E OITO MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS con NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (4.428.513,96 €).

6. ESTUDO ECONÓMICO PREVIO DE EXPLOTACIÓN

No presente anteproxecto realízase unha análise financeira para os períodos de concesión de 15, 20, 25 e 30 anos. Na seguinte táboa reflíctense os resultados principais:

INDICADORES ECONÓMICOS						
PRAZO CONCESIONAL (anos)	BAN (€)	CAN (€)	B/C	VAN (€)	TIR (%)	PERÍODO DE RECUPERACIÓN (anos)
30	30.080.106,06	22.931.323,33	1,31	7.148.782,74	13,37%	13 anos
25	25.448.957,55	20.877.823,70	1,22	4.571.133,84	11,93%	14 anos
20	20.731.457,64	18.651.197,94	1,11	2.080.259,70	9,24%	15 anos
15	15.818.720,72	16.291.660,28	0,97	-472.939,56	3,07%	NON SE RECUPERA

Conclúese, finalmente, que a construción e explotación en réxime de concesión da Área de Servizo de Maside, para un prazo de concesión de 30, 25 ou 20 anos, é un proxecto cuxa inversión inicial é razoable, os parámetros e indicadores económicos son aceptables, e dispón dunha rendibilidade económica que merece terse en consideración.

7. DOCUMENTOS QUE INTEGRAN O ANTEPROXECTO

Os documentos que integran o presente anteproxecto son os seguintes:

DOCUMENTO Nº1 : MEMORIA E ANEXOS

00. MEMORIA
    1. Obxecto do anteproxecto
    2. Descrición do anteproxecto
    3. Incidencia ambiental
    4. Orzamentos
    5. Estudo económico previo á explotación
    6. Documentos que integran o anteproxecto
    7. Consideracións finais

ANEXOS Á MEMORIA

01. ANEXO Nº1. Antecedentes
02. ANEXO Nº2. Cartografía e topografía
03. ANEXO Nº3. Implantación e trazado
04. ANEXO Nº4. Firmes e pavimentos
05. ANEXO Nº5. Edificios e instalacións
06. ANEXO Nº6. Sinalización, balizamento e defensas
07. ANEXO Nº7. Incidencia ambiental e paisaxística
08. ANEXO Nº8. Reportaxe fotográfica
09. ANEXO Nº9. Estimación de prezos
10. ANEXO Nº10. Orzamento para coñecemento da Administración
11. ANEXO Nº11. Estudo económico previo de explotación

DOCUMENTO Nº2: PLANOS

1. Situación e índice
2. Planta conxunto
3. Estado actual
4. Planta xeral
    4.1 Planta xeral
    4.2 Replanteo
    4.3 Circulación
5. Deseño xeométrico
    5.1 Replanteo de eixes
    5.2-5.7 Perfís lonxitudinais
    5.8-5.13 Perfís transversais
    5.14 Seccións tipo
6. Pavimentación
7. Redes
    7.1 Rede de drenaxe
    7.2 Rede de saneamento
    7.3 Rede alumeado
    7.4 Rede eléctrica
    7.5 Rede contraindendios
    7.6 Rede abastecemento e aire
    7.7 Rede de rega
    7.8 Instalacións mecánicas
        7.8.1 Subministro combustible
        7.8.2 Cargadores eléctricos
8. Sinalización, balizamento e defensas
    8.1 Sinalización horizontal
    8.2 Sinalización vertical
    8.3 Balizamento e defensas
9. Urbanización e organización ecolóxica
10. Estruturas
    10.1 Muro escolleira
11 Edificio
    11.1 plantas
    11.2 alzados

DOCUMENTO Nº3: ORZAMENTO

Relación de prezos

Medicións

Orzamentos

Orzamentos parciais

Resumo do orzamento

8. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Co exposto na presente memoria, así como nos seus respectivos anexos e no resto de documentos que integran presentados, considéranse suficientemente definidas as obras necesaria para o establecemento da Área de Servizo de Maside a nivel requirido a un anteproxecto.

Trátase dunha obra completa susceptible de desenvolverse nun proxecto de construción, e unha vez executada de dispoñela ó uso público.

Santiago de Compostela, febreiro 2016

O DIRECTOR DO PROXECTO	O AUTOR DO PROXECTO
Asdo: Enrique Couselo Pan	Asdo: Pablo Blanco Ferreiro
Enxeñeiro de Camiños, C. e P.	Enxeñeiro de Camiños, C. e P.
Nº col.- 16.469	Nº col.- 22.992

Anexo nº1:

Antecedentes

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN
2. SITUACIÓN
   2.1 Encadre territorial
   2.2 Ámbito de actuación
3. CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO MUNICIPAL
4. CONFORMIDADE COA LEI DE ESTRADAS
5. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS E ORDE DE ESTUDO
   5.1 Contactos previos

ANEXO Nº1 – ANTECEDENTES

1. INTRODUCIÓN

O presente anexo ten por obxecto a análise das figuras de planeamento existentes que cualifican o solo que vai ser ocupado pola obra, así coma a verificación da compatibilidade da actuación proxectada cos usos recollidos no planeamento.

No mesmo tamén se recollen os principais antecedentes administrativos pola súa relevancia na redacción do presente anteproxecto.

2. SITUACIÓN

2.1 Encadre territorial

A futura área de servizo obxecto do presente anteproxecto localízase no extremo suroriental do concello de Maside, na provincia de Ourense.

Cunha superficie de 40 km2, o concello de Maside sitúase na parte noroccidental da provincia de Ourense, distando da capital da provincia uns 20 km.

Pertence á comarca do Carballiño e limita cos seguintes concellos: polo norte co concello de San Cristovo de Cea, polo oeste co concello do Carballiño, polo sur co concello de San Amaro e polo leste cos concellos de Punxín e de Amoeiro, este último pertencente á comarca de Ourense.

O concello de Maside está situado entre os 200 e os 500 m de altitude. É unha superficie onde a paisaxe reúne características propias de terreos cun subsolo granítico, fracturado por presións tectónicas que orixinaron multiplicidade de pequenas fallas. En moitos casos condicionaron a dirección dos arroios e regueiros, dando lugar a mananciais de augas termais, como é o caso de A Rañoa.

2.2 Ámbito de actuación

A parcela na que se localiza a futura área de servizo pertence á parroquia de San Miguel de Armeses e atópase no linde co veciño concello de Punxín.

A área de servizo está situada entre os PPQQ 80+250 e 80+750 da autoestrada AG – 53. Alto de Santo Domingo – Ourense. A maior parte da actuación localízase na marxe esquerda de dita estrada, empregando só a marxe dereita para dotar de acceso á mesma.

As coordenadas UTM son:


X: 582.420
Y: 4.694.180


Na actualidade só están executados os carrís de aceleración e de deceleración en ámbalas marxes, así como a rotonda, parte dos viarios de acceso e o paso superior.

A parcela conta cunha superficie irregular e atópase parcialmente explanada e sen vexetación e arboredo na súa parte máis central.

3. CONFORMIDADE CO PLANEAMENTO MUNICIPAL

O concello de Maside rísese polas Normas Subsidiarias de Planeamento (en adiante NSP) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 29 de outubro de 1985. Segundo o plano de ordenación o ámbito da actuación estaría clasificado como Solo non Urbanizable de Especial Protección:





A normativa vixente establece para este tipo de solo:

2.3.2 Zonas de especial protección en solo non urbanizable

2.3.2.1. Localización

Constitúen as Z.E.P. en solo non urbanizable aquelas áreas delimitadas como tales nos planos de zonificación.

2.3.2.2. Condicións de uso, volume e hixiénicas:

Serán de aplicación as determinacións que se sinalan nos cadros de condicións de volume e uso e nas condicións hixiénicas xerais para estas áreas, así como as restantes disposicións establecidas nas presentes Normas.

2.3.2.3. Condicións estéticas

Considerararanse como ambiente de "interese paisaxístico" e grado de "protección medio ambiental".

Os cerramentos das parcelas serán de pedra e sebes verdes etc., sen que en ningún caso resulten distorsionantes coa contorna.

2.3.2.4. Sistemas de actuación e condicións de planeamento:

Prohíbense tódalas edificación de nova planta agás aquelas que resulten de interese público.

Tendo en conta que a área de servizo forma parte dunha infraestrutura maior e que a aprobación dun proxecto de estradas leva implícita a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación, pódese concluír que a presente actuación é conforme ó disposto no vixente planeamento municipal.

4. CONFORMIDADE COA LEI DE ESTRADAS

No presente anteproxecto resulta de aplicación o disposto na seguinte lexislación en materia de estradas:

- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas
- Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Lei 6/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Para á localización da edificación destinada a gasolineira e restaurante – cafetería respectouse a liña límite de edificación de 50 metros para autovías e autoestradas medidos en horizontal e ortogonalmente ás liñas exteriores de delimitación das calzadas tendo en conta os carrís de aceleración e deceleración.

5. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS E ORDE DE ESTUDO

Os antecedentes administrativos que se tiveron en conta na redacción do presente Anteproxecto foron os seguintes:

- Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que, en cumprimento do disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, creouse a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A. co obxecto de levar a cabo as actividades de construción, explotación e conservación do tramo Alto de Santo Domingo – Ourense da autoestrada A – 53, Santiago de Compostela – Ourense.

- Decreto 310/2003, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.

- Decreto 400/2003, do 6 de novembro, polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A.

- Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión.

- Con data 10 de abril de 2007, procédese á aprobación do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, AP – 53, autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo – A-52, Ramal a O Carballiño e Enlace de Maside, clave OU/03/042.01.6 (termo municipal de Maside).

- Con data do 3 de xuño de 2009, procédese á aprobación do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, AP – 53, autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo – A-52, Ramal a O Carballiño e Enlace de Maside. Modificado nº1, clave OU/03/042.01.6.M1 (termo municipal de Maside).

A localización da área de servizo está fixada segundo o establecido no Anexo: “Descrición do tramo de autoestrada “ do “Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo – A52 da autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión”. Dito Decreto constitúe a Orde de Estudo para este anteproxecto.

5.1 Contactos previos

Con anterioridade á redacción do presente anteproxecto establecéronse unha serie de contactos con diversos organismos co fin de coñecer as condicións de implantación da futura infraestrutura nas redes de servizo existentes de enerxía eléctrica, abastecemento de auga e saneamento.

Con respecto ó subministro de enerxía eléctrica, Unión Fenosa Distribución en resposta á solicitude de información formulada fixa as condicións de subministro, así como o punto de conexión.

Para as conexións ás redes de servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento solicítase ó concello de Maside información por correo electrónico o día 10 de decembro de 2015, sen que na data de redacción do presente anteproxecto se obtivera resposta.

Antecedentes administrativos

❖ Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionario da Xunta de Galicia, S.A.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Resolución do 16 de decembro de 2002 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de decembro de 2002, polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Medio Ambiente.

Advertidos erros na resolución publicada no DOG nº 248, do martes 24 de decembro de 2002, cómpre face-las oportunas correccións:

-Na páxina 17.585, no centro de destino «D.X. MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS», no posto «MA.C03.00.000.15770.027.-XEFE GRUPO», na columna Observacións, onde di «(2)», debe dicir «(51)».

-Na páxina 17.586, no centro de destino «D.X. CONSERVACIÓN DA NATUREZA», no posto «MA.C04.00.000.15770.028.-XEFE GRUPO», na columna Observacións, onde di «(2)», debe dicir «(51)».

-Na páxina 17.587, no centro de destino «LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA (A CORUÑA)», no posto «MA.C05.00.003.15001.015.-POSTO BASE GRUPO D», na columna Observacións, debe dicir «(2)».

-Na páxina 17.588:

No centro de destino «CENTRO DE INVESTIGACIÓNS FORESTAIS E AMBIENTAIS DE LOURIZÁN», no posto «MA.C06.00.003.36001.006.-POSTO BASE GRUPO D», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

No centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA», no posto «MA.C99.10.000.15001.058.-POSTO BASE GRUPO D», na columna Observacións, onde di «(2)», debe dicir «(51)».

-Na páxina 17.590, no centro de destino «COMARCA FORESTAL: FERROL», no posto «MA.C99.20.011.15350.007.-AXENTE ZONAL (AUXILIAR TÉCNICO FORESTAL», na columna Denominación, onde di «AXENTE ZONAL (AUXILIAR TÉCNICO FORESTAL)», debe dicir «AXENTE ZONAL».

-Na páxina 17.592, no centro de destino «DISTRITO FORESTAL: III-SANTIAGO-MESETA INTERIOR», no posto «MA.C99.20.030.15580.013.-POSTO BASE GRUPO D», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

-Na páxina 17.596:

No centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO»:

* No posto «MA.C99.10.000.27001.022.-POSTO BASE GRUPO C», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

* No posto «MA.C99.10.000.27001.023.-POSTO BASE GRUPO C», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

* No posto «MA.C99.10.000.27001.047.-POSTO BASE GRUPO D», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

* No posto «MA.C99.10.000.27001.086.-ANALISTA-PROGRAMADOR», na columna Observacións, onde di «(3)», debe dicir «(1)».

-Na páxina 17.600, no centro de destino «COMARCA FORESTAL: CHANTADA», no posto «MA.C99.20.082.27160.002.-POSTO BASE GRUPO D», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

-Na páxina 17.613:

No centro de destino «DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA», no posto «MA.C99.10.000.36001.015.-POSTO BASE GRUPO C», na columna Observacións, debe dicir «(51)».

No centro de destino «SERVICIO PROVINCIAL MONTES/INDUSTRIAS FORESTAIS (PONTEVEDRA)»:

* No posto «MA.C99.10.101.36001.004.-XEFE UNIDADE TÉCNICA I», na columna Tipo posto, onde di «S», debe dicir «N».

* No posto «MA.C99.10.101.36001.007.-XEFE ÁREA TÉCNICA FOMENTO FORESTAL», na columna Tipo posto, onde di «N», debe dicir «S».

-Na páxina 17.619, no centro de destino «CONSERVACIÓN DA NATUREZA-COMPLEXO INTERREXIONAL UMIA-O GROVE», no posto «MA.C03.00.000.15770.027.-XEFE GRUPO», na columna Observacións, debe suprimirse «(2)».

-Na páxina 17.650, no centro de destino «SERVICIO PROVINCIAL DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (PONTEVEDRA)», no posto «MA.C99.10.201.36001.021.-ESCOITA INCENDIOS», na columna Categoría, onde di «9», debe dicir «10C».

-Na páxina 17.659, despois de «50. Cando sexa vacante, transformar en axente (G.F.) na comarca MAN do Deza», débese engadir «51. Ocupado por persoal laboral fixo a extinguir».

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionario da Xunta de Galicia, S.A.

Un dos principais obxectivos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia é dota-lo seu territorio dunha ampla rede de infraestructuras coa finalidade de acada-lo desenvolvemento axeitado da nosa sociedade. Neste sentido xorde a necesidade

de buscar mecanismos de colaboración entre as diferentes administracións así como a conveniencia de coordina-los intereses públicos coas iniciativas privadas con fin de impulsa-la realización das infraestructuras pendentes.

Esta orientación determinou o acordo entre as administracións autonómica e central respecto á necesidade de construír unha autoestrada entre Santiago de Compostela e Ourense, que se plasmou co asinamento dun primeiro convenio de colaboración o día 27 de febreiro de 1997. Neste convenio establecíase que o Ministerio de Fomento, titular da estrada N-525, tramitaría dúas concesións administrativas para a construcción conservación e explotación da autoestrada e dividía o itinerario en dous treitos: Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo e Alto de Santo Domingo-Ourense.

En cumprimento do mencionado convenio adxudicouse, en novembro de 1999, a concesión dunha autoestrada de peaxe para o treito Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo, quedando pendente a licitación do segundo treito a expensas de acadar un determinado volume mínimo de vehículos.

O interese da Administración autonómica por acometer de maneira inmediata o segundo treito levou, o pasado día 23 de decembro, a asinar un segundo convenio entre a Xunta de Galicia e o Goberno da Nación que tivo por obxecto establecer e concreta-lo réxime de coordinación competencial entre ámbalas administracións para a construcción, conservación e explotación do segundo treito da autoestrada entre Santiago de Compostela e Ourense. Neste sentido, será a Xunta de Galicia quen tramitará a correspondente concesión administrativa.

Por outra parte, a disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, autoriza a Xunta de Galicia a constituír unha sociedade pública autonómica das previstas no artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, participada integramente pola *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.*, coa finalidade de construír e, se é o caso, explota-las obras de autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, treito: Alto de Santo Domingo-A52 (Ourense).

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente así como nos artigos 47 e seguintes da Lei 3/1985, do 12 de abril do patrimonio da comundiade autónoma, de acordo igualmente co Real decreto lei 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, e en execución do disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2003 así como polo artigo 25 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, e por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintecatro de abril de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a creación, ó abeiro do artigo 55.2º do Estatuto de autonomía, e de conformidade co previsto no artigo 45.1º e 3º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, da *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionaria da Xunta de Galicia*.

Artigo 2º

O capital fundacional subscrito e desembolsado integramente pola Comunidade Autónoma de Galicia a través da *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.* cífrase en seis millóns de euros (6.000.000 €).

Artigo 3º

Apróbanse os estatutos da *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionario da Xunta de Galicia, S.A.*

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Consellería de Economía e Facenda para dicta-las normas necesarias para a execución, desenvolvemento e aplicación do presente decreto e para a realizaciónde tódolos actos precisos para a constitución da *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.*

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vintecatro de abril de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de abril de 2003 pola que se autoriza a inclusión da Escola de Música Municipal de Santiago de Compostela (A Coruña) no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 39.5º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo,

❖ Decreto 310/2003, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense. Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.

I. DISPOSICIONES GENERALES

CONSELLERÍA DE JUSTICIA, INTERIOR Y ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 309/2003, de 11 de julio, por el que se determina el procedimiento aplicable para el ejercicio de la potestad sancionadora en establecimientos y espectáculos públicos.

La Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, dedica su título IX a la potestad sancionadora, estableciendo en sendos capítulos los principios de potestad sancionadora y el procedimiento sancionador.

El desarrollo reglamentario de estos principios se efectuó por diversas comunidades autónomas que dictaron reglamentos propios para el ámbito de sus competencias y por la Administración general del Estado, que aprobó (Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento para el ejercicio de la potestad sancionadora) un reglamento de aplicación a aquellas materias en las que el Estado tiene competencia exclusiva o normativa plena. Este reglamento es, además, de aplicación supletoria para aquellas comunidades que, como es el caso de Galicia, no disponen de un reglamento propio.

Por lo tanto, la Comunidad Autónoma puede establecer normas propias de procedimiento material, ya sea concreto o general, respetando en todo caso las reglas establecidas en la legislación del Estado dentro del ámbito de sus competencias.

La competencia en la materia de espectáculos públicos se transfirió a la Comunidad Autónoma de Galicia con carácter de exclusiva mediante la Ley orgánica 16/1995, de 27 de septiembre, traspasándose las funciones y servicios que venía desempeñando la Administración del Estado por el Real decreto 1640/1996, de 5 de julio. Mediante el Decreto 336/1996, de 13 de septiembre, se asumieron dichas funciones y servicios, asignándose a la Consellería de Justicia, Interior y Relaciones Laborales.

En la actualidad existe una notoria inseguridad jurídica, derivada de contradictorias interpretaciones judiciales, en relación con el procedimiento a seguir, por lo que es precisa una norma que determine inequivocamente el cauce procedimental que es necesario seguir en los expedientes sancionadores en materia de espectáculos públicos.

En consecuencia, a propuesta del conselleiro de Justicia, Interior y Administración Local, de acuerdo con el dictamen del Consello Consultivo de Galicia y previa deliberación del Consello de la Xunta de Galicia en su reunión de once de julio de dos mil tres,

DISPONGO:

Artículo único.-Los procedimientos sancionadores en materia de establecimientos y espectáculos públicos de competencia de la Consellería de Justicia, Interior y Administración Local, ya sean por infracciones leves, graves o muy graves, se tramitarán siguiendo el procedimiento general establecido en el Reglamento para el ejercicio de la potestad sancionadora, aprobado por Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cuantas disposiciones de igual o inferior rango se opongan al presente decreto.

Disposición final

Este decreto entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de julio de dos mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Justicia, Interior
y Administración Local

III. OTRAS DISPOSICIONES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA Y HACIENDA

Decreto 310/2003, de 11 de julio, por el que se modifica el Decreto 254/2003, de 24 de abril, por el que se crea la Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A.

La disposición adicional séptima de la Ley 6/2002, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2003, autoriza a la Xunta de Galicia a constituir una sociedad pública autonómica de las previstas en el artículo 12 del texto refundido de la Ley de régimen financiero y presupuestario de Galicia, aprobado por el Decreto legislativo 1/1999, de 7 de octubre, participada íntegramente por la *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.*, con la finalidad de construir y, en su caso, explotar las obras de la autopista Santiago de Compostela- Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo-A 52 (Ourense).

En este sentido, por el Decreto 254/2003, de 24 de abril, se creó la *Sociedad Publica Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.*, aprobándose, al mismo tiempo, los estatutos sociales.

Las actuaciones a realizar por la citada sociedad pública, en relación con la construcción, conservación y explotación de la autopista Santiago de Compostela-Ourense, tramo Alto de Santo Domingo-A 52,

aconsejan modificar su denominación con el fin de concretar con mayor precisión su relación con la Administración autonómica.

En consecuencia, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su presidente, así como en el artículo 111 del reglamento para la ejecución de la Ley del patrimonio de la Comunidad Autónoma gallega, aprobado por el Decreto 50/1989, de 9 de marzo, y con el artículo 25 de la Ley 4/1994, de 14 de septiembre, de carreteras de Galicia, de acuerdo igualmente con el Real decreto legislativo 1564/1989, de 22 de diciembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de sociedades anónimas, a propuesta del conselleiro de Economía y Hacienda y previa deliberación del Consello de la Xunta de Galicia en su reunión del día once de julio de dos mil tres,

DISPONGO:

Artículo 1º

Se modifica la denominación de la *Sociedad Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.*, que pasará a denominarse *Sociedad Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*

Artículo 2º

Los artículos 1, 2 y 3 de los estatutos de la *Sociedad Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*, aprobados por el Decreto 254/2003, de 24 de abril, quedan redactados en los siguientes términos:

«Artículo 1º.-Denominación y normativa.

Con la denominación *Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*, se constituye, al amparo de la disposición adicional séptima de la Ley de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2003, una sociedad pública autonómica de las previstas en el artículo 12 del texto refundido de la Ley de régimen financiero y presupuestario de Galicia, aprobado por el Decreto legislativo 1/1999, de 7 de octubre, que se regirá además por la Ley de sociedades anónimas, por los presentes estatutos y por las disposiciones legales que en cada momento le sean aplicables, en particular por el decreto que recoja los terminos de la gestión, a los que se refiere el artículo 25 de la Ley 4/1994, de carreteras de Galicia, por el que se regule la construcción, conservación y explotación de la autopista de peaje Santiago de Compostela-Ourense, tramo Alto de Santo Domingo-A 52.

Asimismo, para el desarrollo de su actividad, esta sociedad está sujeta a la Ley 3/1985, de 12 de abril, del patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia, a la Ley 10/1996, de 5 de noviembre, de actuación de entes y empresas en las que tiene participación mayoritaria la Xunta de Galicia, en materia de persoal y contratación, y a cualquier otra disposición que le sea aplicable por su propio carácter público.

Artículo 2º.-Objeto social.

La sociedad tiene como objeto el ejercicio de los derechos y el cumplimiento de las obligaciones relativas a la gestión que se otorgue, por decreto de la Xunta de Galicia, para la construcción, conservación y explotación de la autopista Santiago de Compostela-Ourense, tramo Alto de Santo Domingo-A 52.

Forman parte del objeto social las actividades dirigidas a la explotación de las áreas de servicio, centros de transporte y aparcamientos y cualquier otra actividad directa o indirectamente relacionada con su conservación y explotación, siempre que se encuentren dentro del área de influencia de la autopista, así como las actividades que sean complementarias de la construcción, conservación y explotación de ésta.

Artículo 3º.-Duración.

La duración de la sociedad vendrá determinada por el número de años que se recoja en el decreto por el que se regule la construcción, conservación y explotación de la autopista de peaje Santiago de Compostela-Ourense, tramo Alto de Santo Domingo-A 52».

Disposición final

El presente decreto entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de julio de dos mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía y Hacienda

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS Y VIVIENDA

Resolución de 4 de julio de 2003 por la que se da publicidad al acuerdo del tribunal designado para juzgar las pruebas encaminadas a la obtención del certificado de consejero de seguridad CE, convocadas por Resolución de 3 de marzo de 2003, de la Dirección General de Transportes, por la que se elevan a definitivas las listas provisionales de admitidos y excluidos y se fijan los horarios de los distintos ejercicios.

En cumplimiento de lo establecido en la Resolución de 3 de marzo de 2003, por la que se convocan pruebas para la obtención del certificado CE de consejeros de seguridad para el transporte de mercancías peligrosas por carretera y ferrocarril, este tribunal,

ACORDÓ:

Primero.-Anunciar la exposición pública de las listas definitivas de admitidos y excluidos, de conformidad con la base cuarta punto 4 de la resolución de la convocatoria, en los organismos siguientes: servicios centrales de la Consellería de Política Territorial,

❖ Decreto 400/2003, do 6 de novembro, polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A.

-No corpo subalterno da Xunta de Galicia, grupo E, o persoal subalterno de lonxa, grupo E, pertencente á escala específica creada pola disposición transitoria quinta da Lei 4/1988.

Artigo 3º.-Reserva de postos de traballo.

Consecuentemente co disposto no artigo anterior, os postos de traballo reservados á escala específica creada pola disposición transitoria quinta da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que, como tal, figuren nas relacións de postos de traballo da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos quedarán reservados ós correspondentes corpos da Administración xeral nos que queda integrado o persoal da extinta escala.

Disposición derradeira

Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vintesete de outubro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

II. AUTORIDADES E PERSOAL

c) SUBSTITUCIÓNS:

PRESIDENCIA

Decreto 399/2003, do 6 de novembro, polo que se acorda encargar do despacho de asuntos da Presidencia, durante a ausencia do seu titular, ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Con motivo da viaxe do presidente da Xunta de Galicia á República Arxentina e á República Oriental de Uruguai, é necesario prove-la substitución durante o tempo da súa ausencia.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.-Durante a ausencia do presidente da Xunta de Galicia, con motivo da súa viaxe á República Arxentina e á República Oriental de Uruguai, encárgaselle o despacho de asuntos da Presidencia, desde o día 7 de novembro ata o seu regreso, ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Santiago de Compostela, seis de novembro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 400/2003, do 6 de novembro, polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.

A *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*, foi creada polo Decreto 254/2003, do 24 de abril, en cumprimento do disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, que autorizaba a Xunta de Galicia a constituír unha sociedade pública autonómica das previstas no artigo 12 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, participada integramente pola *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.*, coa finalidade de construír e, se é o caso, explota-las obras da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, treito alto de Santo Domingo-A52 (Ourense).

O Decreto 310/2003, do 11 de xullo, modificou o devandito Decreto 254/2003, establecendo a denominación actual da sociedade e modificando os seus estatutos, coa finalidade de concreta-la súa relación coa Administración autonómica.

Non obstante, vista a redacción actual, cómpre modifica-lo parágrafo primeiro do artigo 2º, co fin de describi-lo obxecto social de xeito máis directo, limitándose ó que constitúe o verdadeiro obxecto da sociedade: a construcción, conservación e explotación da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, tramo alto de Santo Domingo-A52.

Así mesmo, modifícase o artigo 3º, que fixaba a duración da sociedade por referencia ó número de anos que se recolla no decreto polo que se regule a construcción, conservación e explotación do referido tramo da autoestrada. A nova redacción establece, xa nos propios estatutos, unha duración indefinida, acorde coa natureza das actividades que constitúen o obxecto social.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, así como no artigo 111.2º do Regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, e co artigo 25 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, de acordo igualmente co Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello

da Xunta de Galicia, na súa reunión do día seis de novembro de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícanse os artigos 2º e 3º dos estatutos da *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*, aprobados polo Decreto 254/2003, do 24 de abril, e modificados polo Decreto 310/2003, do 11 de xullo, que pasarán a te-la seguinte redacción:

«Artigo 2º.-Obxecto social.

A sociedade ten por obxecto a construcción, conservación e explotación da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, tramo alto de Santo Domingo-A52.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servicio, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia da autoestrada, así como as actividades que sexan complementarias da construcción, conservación e explotación desta.

Artigo 3º.-Duración.

A sociedade terá unha duración indefinida».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, seis de novembro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Resolución do 30 de outubro de 2003 pola que se adxudican as bolsas para persoal auxiliar de investigación (técnicos especialistas de FP-2) convocadas pola Orde do 7 de xullo de 2003 (*Diario Oficial de Galicia *do 15 de xullo).*

A orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 7 de xullo de 2003 (DOG do 15 de xullo) aproba as bases que rexerán as convocatorias de bolsas para persoal auxiliar de investigación (técnicos especialistas de FP-2).

De acordo co establecido na base 5 da devandita orde, desde o 16 ó 26 de setembro expuxéronse as listas de solicitudes admitidas e excluídas, podendo durante ese período os interesados formular reclamacións para emendar erros e falta de documentos.

Rematado este prazo e revisadas as reclamacións presentadas, as solicitudes admitidas foron estudiadas pola Comisión de Selección, conforme o establecido na base 6 da convocatoria.

Na súa virtude, atendendo á proposta elaborada pola aludida comisión,

RESOLVO:

Primeiro.-Concederlles bolsas ás persoas que se relacionan no anexo I a esta resolución, para colaborar nas actividades de investigación dos centros que en cada caso se indican.

Dentro de cada especialidade, as adxudicacións realizáronse tendo en conta a puntuación obtida polo solicitante así como o centro solicitado.

Os beneficiarios das bolsas relaciónanse por orde alfabética.

Segundo.-Establecer unha lista de suplentes constituída polas persoas que se relacionan no anexo II, ordenados por puntuación decrecente dentro de cada especialidade.

Os suplentes que sexan convocados para cubri-las vacantes que puidesen producirse, para poder acada-la bolsa correspondente, deberán cumprir, na data prevista para o comezo da bolsa os requisitos establecidos no punto 1 das bases da convocatoria.

Terceira.-Para calquera incidencia durante o período de aproveitamento destas bolsas, será de aplicación o disposto na base 11 da Orde do 7 de xullo de 2003.

Cuarto.-A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde de convocatoria suporá a perda do dereito a percibi-la bolsa correspondente.

Quinto.-Contra esta resolución poderán os interesados interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non estima-la presentación deste recurso poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2003.

P.D. (Orde 21-1-2003, DOG do 27 de xaneiro)
Jesús Vázquez San Luis
Secretario xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio

❖ Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construcción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense *e se establecen os termos da xestión.*

A Xunta de Galicia persegue dota-lo seu territorio dunha ampla rede de infraestructuras viarias que posibilite a súa mellor estructuración e articulación interior. Entre estas infraestructuras viarias atópase o eixe que une Santiago de Compostela e Ourense, considerado pola Xunta de Galicia como fundamental para equilibra-lo sistema viario intrarrexional.

Por outra banda, para acada-los seus obxectivos, a Xunta de Galicia articula os mecanismos necesarios para establece-la colaboración entre as diferentes administracións e coordina-los intereses públicos coas iniciativas privadas, para impulsa-la realización das infraestructuras pendentes.

Desta forma, tralo acordo entre as administracións autonómica e central para a construcción dunha autoestrada entre Santiago de Compostela e Ourense, plasmado coa sinatura dun convenio de colaboración o 27 de febreiro de 1997, o Ministerio de Fomento abordou a execución dun primeiro treito da autoestrada, entre Santiago de Compostela e o Alto de Santo Domingo, mediante a adxudicación dunha concesión administrativa para a súa construcción, conservación e explotación.

O interese da Xunta de Galicia por acometer de maneira inmediata o treito restante, levou a ámbalas dúas administracións a subscribir un segundo acordo o pasado 23 de decembro de 2002, polo que a Xunta de Galicia se comprometía a acomete-la continuación da autoestrada desde o Alto de Santo Domingo ata a conexión coa autovía A-52, rematando así a articulación do eixe Santiago de Compostela-Ourense.

Para iso, a Xunta de Galicia optou por un modelo de construcción e xestión que permita facer fronte ás necesidades financeiras derivadas destas actividades, destinando para este fin os recursos que tal infraestructura xere a través do correspondente prezo aboado polos seus usuarios e polas achegas da Xunta de Galicia calculadas en función dos usuarios da infraestructura.

En consecuencia, ó amparo do establecido nos artigos 23 e 25 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, trala súa recente modificación pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, e, en virtude do establecido na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, a construcción, conservación e explotación do treito da autoestrada entre Alto de Santo Domingo e a A-52 levarase a cabo mediante unha sociedade pública participada integramente pola *Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.*

Con este obxecto, e segundo o establecido no artigo 25.3º da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, establécense os termos da constitución desta sociedade, mediante o Decreto 254/2003, do 24 de abril, modificado polos decretos 310/2003, do 11 de xullo, e 400/2003, do 6 de novembro, e, créase a *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*, que ten por obxecto social: a construcción, conservación e explotación da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, treito Alto de Santo Domingo-A52, incluídas as actividades dirixidas á explotación das áreas de servicio, centros de transporte e aparcamentos e calquera outra actividade, directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia da autoestrada, así como as actividades que sexan complementarias da construcción, conservación e explotación dela.

Adicionalmente, de conformidade co artigo 25.3º da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, debe regula-los termos da xestión da infraestructura, termos que se recollen no presente decreto.

En consecuencia, en virtude do presente decreto, da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, e do Decreto 254/2003, do 24 de abril, a *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.* realizará as actividades de construcción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada A-53, e establécense os termos xerais da xestión.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de día cinco de decembro de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Atribucións.

De conformidade co disposto nos artigos 23 e 25 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a *Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.*, en diante ASDO, constituída segundo o disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, realizará as actividades de construcción, explotación e conservación, do treito Alto de Santo Domingo-Ourense da autoestrada A-53, Santiago de Compostela-Ourense, cos puntos de orixe e fin, localización de enlaces, ramais, área de servicio e estacións de cobramento recollidos, e/ou previstos, no proxecto de trazado, de clave OU/03/042.01, aprobado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda o 18 de agosto de 2003, e de acordo coas prescricións impostas por esta consellería ó mencionado proxecto no acto de aprobación, que serán de obrigado cumprimento para ASDO, de forma que a autoestrada enlace no seu inicio co treito Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo da A-53, dando continuidade a este, e remate na conexión coa autovía A-52.

ASDO rexerase polo establecido na Lei 4/1994, de estradas de Galicia, polo presente decreto, polo convenio previsto no seu artigo 11, así como pola normativa reguladora das estradas, nas materias que resulte de aplicación.

ASDO actuará en nome propio, e, para o cumprimento do seu obxecto correspóndelle a esta sociedade o exercicio das seguintes funcións con respecto ó treito Alto de Santo Domingo-Ourense da autoestrada A-53, Santiago de Compostela-Ourense:

-A redacción de estudios, proxectos de trazado que poidan derivarse das prescricións citadas con anterioridade, e proxectos de construcción.

-A construcción do treito de autoestrada , incluíndo a dunha área de servicio, segundo os correspondentes proxectos de construcción redactados por ASDO e aprobados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

-A conservación, mantemento e explotación do treito de autoestrada, incluíndo a dunha área de servicio, segundo os proxectos aprobados.

-O cobramento do correspondente prezo aboado polos usuarios polo uso da infraestructura.

-Calquera outra función de asesoramento, redacción, estudio ou execución que, en relación co treito de autoestrada, se considere necesaria.

Artigo 2º.-Duración.

ASDO exercerá estas funcións ata o día 31 de decembro de 2057, podendo ser prorrogado este prazo mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.

Unha vez finalizado o prazo, o servicio reverterá á Administración, debendo ASDO entrega-las obras e instalacións construídas en estado de conservación e funcionamento axeitado.

Artigo 3º.-Recursos da sociedade.

O financiamento dos investimentos, custos de amortización, conservación e explotación da infraestructura, así como os gastos do propio funcionamento de ASDO, cubriranse mediante os recursos propios de ASDO, os xerados pola explotación da infraestructura e daquelas outras actividades comprendidas no seu obxecto social, polas transferencias procedentes da Xunta de Galicia e polos recursos alleos que ASDO poida obter.

Artigo 4º.-Ingresos por uso da infraestructura.

Para os efectos previstos no artigo anterior, ASDO percibirá como ingresos propios os procedentes do prezo aboado polos usuarios pola utilización da

autoestrada, de acordo cos criterios e termos que normativamente se establezan. Esta contía virá determinada, con carácter xeral, pola aplicación das tarifas ó percorrido efectivo realizado polo usuario. O Consello da Xunta de Galicia aprobará as tarifas correspondentes segundo o disposto no artigo 23.2º de la Lei 4/1994, de estradas de Galicia.

En virtude do mecanismo previsto no artigo 23.3º da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, a Xunta de Galicia realizará mensualmente transferencias de fondos públicos, con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, mediante pagamentos calculados en función dos vehículos usuarios dela (por veh.-km), a favor de ASDO, quen facturará o importe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, en función do número de vehículos-quilómetro que houbo durante o mes anterior, e esta procederá ó seu aboamento. No primeiro semestre de cada exercicio orzamentario, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda auditará os tráficos que houbo durante o exercicio anterior, procedendo con posterioridade á correspondente liquidación, se existise diferencia entre os importes aboados no exercicio anterior e o importe que proceda en función dos tráficos reais unha vez auditados; o total das diferencias existentes será compensado, mediante aumento ou reducción pola mesma contía, nos pagamentos efectuados polas seguintes mensualidades que se transfiran a ASDO.

ASDO poderá percibir ingresos pola explotación das áreas de servicio, centros de transporte, aparcamentos e calquera outra actividade establecida no seu obxecto social.

Artigo 5º.-Actuacións.

ASDO elaborará un programa de actuacións detallando tódalas fases que se realizarán no exercicio das súas funcións, de acordo cos criterios básicos que para a súa elaboración se inclúen como anexo.

ASDO deberá presentarlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para a súa supervisión e aprobación tódolos proxectos, incluíndo as súas posibles modificacións unha vez autorizadas, que poderán ser acordadas con carácter excepcional e por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas durante a súa elaboración.

Os proxectos de construcción deberán corresponder a obras completas, susceptibles de seren utilizadas, debendo conecta-los enlaces recollidos na descrición do treito incluída no anexo. Así mesmo, antes da apertura ó tráfico, o treito ou subtreito deberá contar co sistema de cobramento do prezo establecido e cos sistemas de control de tráfico de vehículos en funcionamento.

O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, poderá modificar por razón de interese público, as características dos servicios prestados e as tarifas que serán aboadas polos usuarios, con informe previo da Consellería de Economía e Facenda, se as modificacións afectan o plan económico-financeiro de ASDO. Neste último suposto, e mediante as correccións necesarias, procurarase de novo o equilibrio económico-financeiro da sociedade, de modo que, considerando os parámetros obxectivos previstos no plan económico-financeiro, resulten compensados o interese xeral e o interese de ASDO.

As obras de construcción axustaranse estrictamente ó especificado nos proxectos de construcción e ó programa de actuacións aprobados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

ASDO desempeñará as funcións relacionadas coa explotación da autoestrada, o que supón a realización das operacións de conservación e mantemento, as actuacións encamiñadas á defensa da vía e do usuario, as operacións referentes á sinalización, á ordenación de accesos, á imposición de límites e ó control do uso do dominio público viario, así como os labores de recadación do prezo aboado polos usuarios da infraestructura. Correspóndelle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a regulación, autorización e sanción dos usos do solo nas zonas de protección.

ASDO deberá realizar tódalas operacións precisas para atrasar en todo o posible o proceso de degradación das características funcionais e/ou estructurais dos elementos do treito de autoestrada, e co obxecto de impedi-la deterioración de todos aqueles elementos que, sen formar parte da vía poidan dificulta-lo seu correcto funcionamento. Deberá conserva-la autoestrada en perfectas condicións de utilización, procedendo á periódica reparación ou substitución daqueles elementos dela que se deterioren polo uso continuo.

Artigo 6º.-Obrigas de ASDO.

ASDO queda obrigada a prestar eficazmente o servicio en función das necesidades do tráfico, da capacidade da infraestructura, da obtención do mellor resultado posible e da optimización das contraprestacións que reciba.

ASDO velará polo mantemento da infraestructura de conformidade co que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa técnica, ambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguridade dos usuarios, que resulte de aplicación.

ASDO queda obrigada a admiti-la utilización da infraestructura por todo usuario, nas condicións que foran establecidas de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, mediante o aboamento do prezo previamente establecido.

ASDO deberá protexe-lo dominio público vinculado á autoestrada, en especial, preservando os seus valores ecolóxicos e ambientais. Así mesmo, sen prexuízo das competencias da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, deberá coidar da axeitada aplicación das normas sobre uso, policía e conservación da autoestrada.

ASDO deberá garanti-lo cumprimento dos indicadores de calidade fixados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e queda, ademais, obrigada a que en ningún punto do treito de autoestrada se supere, coa intensidade correspondente á hora 100, o nivel de servicio D (medido tal e como especifica o Manual de Capacidade de Estradas, HCM, para este tipo de vías), debendo levar a cabo, ás súas expensas e coa antelación suficiente, as ampliacións da autoestrada que resulten necesarias para que o dito nivel non sexa superado.

Artigo 7º.-Expropiación forzosa.

ASDO poderá solicitar da Administración a tramitación dos procedementos de expropiación forzosa, imposición de servidumes e desafiuzamento administrativo que resulten necesarios para a construcción, conservación e explotación da infraestructura.

Para o cumprimento das súas funcións ASDO asumirá as facultades e obrigas previstas para o beneficiario da expropiación forzosa establecidas no artigo 5.2º do regulamento da Lei de expropiación forzosa, correspondendo a facultade expropiatoria á Xunta de Galicia.

Os bens e dereitos expropiados incorporaranse ó dominio público.

Artigo 8º.-Contratación de terceiros.

Para o cumprimento das funcións que ten atribuídas, ASDO poderá celebrar contratos con terceiros sen exceder, en ningún caso, do prazo determinado segundo o artigo 2, debendo garantir:

1. O cumprimento das prescricións das directivas comunitarias que resulten de aplicación.

2. A aplicación dos preceptos do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, no concernente á capacidade das empresas, publicidade, procedementos de licitación e formas de adxudicación.

3. A inclusión de cláusulas para garanti-lo estricto cumprimento dos contratos, con obxecto de salvagarda-los intereses públicos afectados, especialmente no relativo á correcta realización das obras, as calidades dos materiais, prazos de execución, prezos establecidos e estándares de calidade.

ASDO será responsable das consecuencias derivadas da execución ou resolución dos contratos que celebre con terceiros, e responsable, así mesmo, único fronte a estes das consecuencias.

ASDO elaborará os pregos de prescricións técnicas para a licitación dos correspondentes concursos que celebre con terceiros, debendo someter á aprobación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda as súas condicións e bases, requisito indispensable previo á súa aprobación.

Artigo 9º.-Inspección e control.

Con independencia dos propios controis exercidos por parte de ASDO en relación coa súa propia actividade, ou a actividade que teña contratada con terceiros, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, terá durante o prazo determinado segundo o artigo 2, as facultades de inspección e control das obras que se realicen e dos servicios que se presten e exercerá as súas facultades en relación coa supervisión e aprobación dos proxectos e as súas posibles modificacións

Artigo 10º.-Delegación da Xunta de Galicia.

A Delegación da Xunta de Galicia nas sociedades galegas concesionarias de autoestradas de peaxe exercerá, en relación coa autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, treito Alto de Santo Domingo-A52, as funcións que ten atribuídas, respecto das autoestradas en réxime de concesión competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndo o órgano de relación da Xunta de Galicia con ASDO en tódolos asuntos e incidencias que se deriven do desenvolvemento das atribucións desta sociedade.

Artigo 11º.-Convenio.

ASDO e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda subscribirán un convenio que rexerá as relacións da Xunta de Galicia con ASDO no que se detallarán: as potestades da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en relación coa inspección e control das actuacións de ASDO, así como en relación coa aprobación dos proxectos e a contratación con terceiros; as funcións dos directores de proxectos, construcción e explotación de ASDO; as cláusulas obrigatorias que hai que introducir nos pregos de licitación; as condicións e o procedemento de posta en servicio da autoestrada; os estándares de calidade do servicio e do estado da autoestrada; as actividades de conservación e explotación da autoestrada; os sistemas de control do tráfico e dos ingresos percibidos por ASDO; e, así como calquera outro extremo que se precise para a correcta execución das atribucións de ASDO. A subscrición deste convenio requirirá a autorización do Consello da Xunta de Galicia.

Disposición adicional

Entrada en vigor.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación oficial no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de decembro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivienda

ANEXO

Descrición do tramo de autoestradas

O treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, de aproximadamente 30,1 quilómetros de lonxitude, enlaza no seu inicio co treito Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo, dando continuidade a este, e remata na conexión coa autovía A-52:

Subtreito I:

I-A: enlace de Dozón-enlace de Cea, de aproximadamente 17,3 quilómetros de lonxitude, con inicio

na conexión co treito de autoestrada Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo (no enlace de Dozón, 56+354) e final na conexión coa estrada OUR-204, e cun enlace completo situado no punto quilométrico 73+620 (enlace de Cea). Este subtreito conta cunha das áreas de cobramento, unha semitroncal (73+500, marxe esquerda) e outra de ramal, situadas no enlace de Cea.

I-B: semienlace sentido Ourense, de conexión coa N-525 nas proximidades de Piñor, a situación e a definición da cal se determinará nun proxecto de trazado, de forma que complete o semienlace de Dozón, sentido Santiago de Compostela, para mellora-la accesibilidade dos municipios de Dozón e Piñor de Cea.

Subtreito II:

II-A: enlace de Cea-enlace de Barbantes da autovía A-52, de aproximadamente 13,1 quilómetros de lonxitude, dando continuación ó subtreito I-A ata a conexión coas vías A-52, N-120 e OUR-402. Inclúe a construcción dunha área de servicio situada no punto quilométrico 80+465, con acceso directo en sentido Santiago de Compostela e conexión mediante un paso a distinto nivel en sentido Ourense. Este subtreito conta cunha área de cobramento semitroncal (79+000, marxe dereita).

II-B: dous enlaces situados no subtreito II-A a situación e a definición da cal se determinará nun proxecto de trazado. O primeiro deles é un enlace completo coa N-541 con obxecto de mellora-la accesibilidade dos municipios de Maside e O Carballiño, que inclúe a construcción dun ramal de conexión coa localidade do Carballiño, con sección de autoestrada; conta cunha área de cobramento de ramal. O segundo enlace, situado no punto final da autoestrada, resolve a conexión coa N-120, a OUR-402 e coa autovía A-52.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda procederá á entrega a ASDO do proxecto de trazado de clave OU/03/042.01, que desenvolve o trazado do tronco da autoestrada (subtreitos I-A e II-A), cumprido o trámite de información pública e a tramitación ambiental correspondente, o día seguinte ó da publicación oficial deste decreto no DOG.

ASDO deberá analiza-las posibles solucións para darlles cumprimento ás prescricións recollidas na resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do 18 de agosto de 2003, debendo elaborar un proxecto de trazado co desenvolvemento do trazado dos subtreitos II-A e II-B, que, dependendo do seu alcance, poderá esixir novos procesos de información pública en materia de estradas e tramitación ambiental. Nese caso, ASDO deberá realiza-las xestións oportunas para que se aprobe definitivamente o expediente de información pública, incluíndo as correspondentes á tramitación ambiental, debendo ser elaborada por esta sociedade a documentación necesaria para completa-la tramitación.

Con obxecto de acelera-la posta en servicio da autoestrada, e, unicamente, para efectos de execución das obras de construcción, poderase dividir esta en subtreitos.

Programa de actuacións.

No prazo de 15 días, contados estes desde o día seguinte ó da publicación oficial deste decreto no DOG, ASDO presentaralle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda o programa de actuacións para a súa aprobación, que deberá respecta-los seguintes prazos:

-Prazo de presentación de proxectos de construcción dos subtreitos I-A e II-A: 4 meses contados desde a data de remisión ó DOG da declaración de utilidade pública e urxente ocupación.

-Prazo de presentación de proxectos de trazado dos subtreitos I-B e II-B: 2 meses contados desde a data da publicación no DOG do presente decreto.

-Prazo de presentación de proxectos de construcción subtreitos I-B e II-B: 3 meses contados desde a formulación da declaración de impacto ambiental.

-Prazo para iniciación das obras: 3 meses contados desde a data de aprobación dos proxectos de construcción.

-Prazo para a apertura ó tráfico: 30 meses contados desde a data de inicio das obras de cada treito ou subtreito.

O programa de actuacións detallará tódalas fases que se realizaran no exercicio das funcións de ASDO para o cumprimento das súas atribucións, especificando os seus prazos e indicando as datas de entrega dos correspondentes proxectos, iniciación das obras e apertura ó tráfico, así como as datas límites para actuacións que non son competencia de ASDO e afecten o seu cumprimento. Deberá ter en conta os prazos para a supervisión e a aprobación dos proxectos (1 mes), funcións que serán realizadas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda no exercicio das súas competencias; tamén deberá ter en consideración, en caso de que resulte preciso, os prazos previsibles para a aprobación definitiva do expediente de información pública dos subtreitos I-B e II-B, incluíndo a súa tramitación ambiental.

Este programa virá acompañado do correspondente diagrama de relacións e precedencias, xustificativo deste en ritmo anual e tempo máximo para a súa íntegra execución, entendéndose por tal, a construcción rematada en condicións de inmediata posta en servicio de cada subtreito.

A aprobación pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda do programa de actuacións efectuarase nos 15 días seguintes á súa remisión definitiva.

Modificación do programa de actuacións.

Calquera modificación do programa inicialmente aprobado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda deberá ser do mesmo modo aprobado por esta no prazo de 15 días desde a súa presentación.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 4 de decembro de 2003 pola que se procede a convocatoria para o ano 2004 das subvencións para a renovación e mellora do pequeno comercio en desenvolvemento do programa cuadrienal de modernización do sector comercial retallista de Galicia, de acordo coas bases reguladoras establecidas no anexo XIII da Orde do 11 de marzo de 2002 publicada no Diario Oficial de Galicia *número 55, do 18 de marzo.*

A evolución da sociedade española nas últimas décadas deu lugar a unha clara variación do modelo de distribución comercial, que se atopa agora como un sector con certo desequilibrio. Esta situación fixo necesaria a elaboración dun conxunto de medidas dentro do marco dunha política de comercio interior que asegure ó sector tradicional do comercio a posibilidade de adaptarse ás novas necesidades que esixen as actuais circunstancias económicas, non só para garanti-la súa supervivencia, senón, así mesmo, para posibilitar que este tipo de comercio siga proporcionando á sociedade en boa parte os servicios de abastecemento, proximidade, diversificación da oferta e mantemento dos conxuntos urbanos que desde sempre viñeron prestando, mediante a creación dun Programa cuadrienal de modernización do sector comercial retallista de Galicia 2001-2004, que se orienta a dar resposta ós problemas actuais do sector.

A orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 11 de marzo de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvención en materia de industria, enerxia, minería, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo, publicada no DOG número 55, do 18 marzo, fixa os criterios básicos da súa política de fomento de acordo coa previsión efectuda no artigo 4 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autonoma de Galicia.

O amplo alcance desta orde que establece con vixencia ilimitada no tempo as normas básicas reguladoras na concesión de axudas e subvencións que outorgue a Conselleria de Innovación, Industria e Comercio nos seus distintos programas en materia de comercio, fai necesaria a súa concrección a traves da correspondente convocatoria para o exercicio 2004.

En virtude do exposto e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. O obxeto desta orde é a convocatoria para o exercicio 2004 do programa de axudas e subvencións para a renovación e mellora do pequeno comercio a través de investimentos nas actividades subvencionables establecidas no anexo XIII axudas e subvencións para a renovación e mellora do pequeno comercio en desenvolvemento do Programa cuadrienal do sector comercial retallista de Galicia da orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 11 de marzo de 2002, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións en materia de industria, enerxía, tecnoloxía e desenvolvemento sectorial, comercio e consumo.

2. Poderán ser beneficiarios os comerciantes que teñan como actividade principal o comercio retallista, que non superen os 10 traballadores e que reúnan os requisitos que se establecen no anexo XIII da citada Orde do 11 de marzo de 2002.

Os tanques serán cilíndricos de dobre parede aceiro/poliéster reforzado con fibra de vidro, segundo establece a norma UNE 62.650-4. O fondo dos depósitos será dunha soa peza e contará con reforzo contra os impactos que puidera causar a variña de medición. Disporán dunha boca de home na xeratriz superior que contará con orificios roscados para: saída de descarga, ventilación, medición e control de nivel, medición manual, reserva e conexión coa bomba de impulsión. Tanto a superficie interior como a exterior protexeranse contra a corrosión con pinturas e revestimentos adecuados.

Os parafusos empregados para as bocas de inspección serán de aceiro inoxidable e situaranse sobre unha arqueta antiderrame prefabricada.

Todos os tanques carecerán de bocas ou saídas no fondo ou nos laterais e a súa única apertura será a boca de home, disposta na súa xeratriz superior.

Cada depósito contará ademais coa súa correspondente saída de ventilación convenientemente situada e protexida con devasa, dotada de válvula de presión/baleiro.

Presentarán axustes rápidos de 80 mm de diámetro, DIN 28.450 PN10 con tapa e cadea, segundo o establecido pola normativa e construídos de modo que se permita unha sinxela unión, mediante cuarto de volta, coa mangueira do camión cisterna.

Ó tratarse de depósitos totalmente pechados cunha única apertura de acceso, instalaranse arquetas prefabricadas de polietileno reforzado con fibra de vidro sobre cada unha das bocas, que faciliten unha desmontaxe sinxela para a limpeza e revisión dos tanques.

As tapas das arquetas colocaranse a unha distancia igual ou superior a 2 cm. sobre o nivel do chan, de modo que se impida a entrada ó tanque de auga de choiva ou calquera líquido indesexable. Do mesmo xeito, empregaranse conexións desmontables que permitan a manipulación independente de calquera elemento na arqueta de boca de home sen necesidade de desmontar la tapa.

O foso común para a colocación dos tanques será de forma rectangular, cunha distancia mínima de 1 metro entre as paredes dos tanques e de 0,5 metros entre os límites dos tanques e o foso. Os tanques haberanse de enterrar a unha profundidade determinada a partir da altura mínima requirida para o correcto funcionamento das bombas de impulsión. Tal distancia calcúlase en función da distancia existente entre as bocas de home dos tanques e as súas respectivas bocas de carga e das perdas de carga que teñen lugar na tubaxe.

No foso preveranse tamén dúas arquetas, unha en cada extremo oposto, cunha tubaria de formigón de Ø 250 mm colocada verticalmente ata o fondo de forma que permita introducir unha bomba de auga no caso de producirse filtracións de auga.

Unha vez realizada a base de apoio dos tanques cubrirase con area de río lavada de 50 cm, sobre a que se situarán os tanques perfectamente horizontais e sen ningunha pendente. Cada un dos tanques irá amarrado asegurándose que non se dane o revestimento dos depósitos.

Colocados os depósitos sobre a capa de area vexetal, verterase máis area ó redor deles ata 50 cm por enriba ata a subbase do pavimento, unha vez pasadas a tubaxe e colocadas as arquetas dos accesos ós tanques. Do mesmo xeito procurarase realizar o vertido de forma equilibrada para evita que o tanque, pola impacto da area pode moverse e xirar.

En todo caso cumprirase co establecido na Instrución Técnica Complementaria MI-IP04, Instalacións petrolíferas para subministro a vehículos, aprobada polo Real Decreto 1523/1999, de 1 de outubro.

As distancias entre tanques e edificacións cumprirán co previsto no R.D. 1905/1995, de 24 de novembro, existindo para todos os casos máis de dez metros.

2.1.2 Detección de fugas e control de nivel

Os tanques instalados, ó ser de dobre parede, contarán cun sistema de detección de fugas e disporán de manovacuómetro e chaves de corte.

O control de nivel realizarase a través dun sistema de detección electrónica integrado dentro do mesmo equipo de detección de fugas. A medición electrónica estará conectada a un indicador de nivel e a unha alarma, que se activará en caso de sobrepasarse os límites establecidos como máximo e mínimo. O conxunto, ó igual que o equipo de detección de fugas, conectarase a un sistema integrado cuxo cadro de mando atoparase no edificio da estación. Así, existirá unha única consola central que recibe as informacións de ambos sistemas.

Instalaranse válvulas de sobre enchido situadas nas tubarias de descarga, cuxo funcionamento é independente do sistema de control central. Estas montaranse sobre a boca de home e garantirán o peche cando o nivel do produto alcance o máximo durante a operación de descarga.

2.1.3 Rede de tubarias

Instalarase unha rede de tubarias cuxa función será realizar a condución dende a boca de carga ós tanques e o subministro dende estes ata os surtidores, así como conectar os depósitos coa atmosfera para ventilacións.

Todas as tubarias discorrerán ó longo de canalizacións subterráneas, adecuando o terreo e os condutos á normativa de aplicación. A distancia entre tubarias será, polo menos, a equivalente ó seu diámetro exterior.

Utilizaranse, en toda a instalación, tubarias de materiais plásticos, escollendo as súas propiedades e características físicas e xeométricas en función do servizo que vaian a prestar. As tubarias flexibles de plásticos reforzados permiten trazados sen cóbados e demais elementos de unión e non precisan de protección pasiva adicional. En todo caso, as tubarias haberán de certificar o cumprimento dos seguintes requisitos impostos en la ITC MI-IP04:

- Resistencia química interna e externa ós produtos petrolíferos e potencialmente nocivos.
- Permeabilidade nula ós vapores dos produtos petrolíferos.
- Resistencia mecánica adecuada á presión de proba.

O sistema de tubarias componse de varias redes que cumpren cometidos diferentes e presentan distintas características e especificacións.

As tubarias e accesorios metálicos conectaranse á rede de terra.

2.1.3.1 Rede de impulsión

Será a encargada do transporte de combustible dende os depósitos ata os aparatos surtidores a través de bombas de impulsión.

Empregaranse tubarias de polietileno UPP de 2”, cunha pendente de 1%, para impulsar dende os depósitos ós equipos subministradores.

Empregaranse tubarias de polietileno UPP de 3” cunha pendente de 1%, para servir de retorno para recuperación de vapores de fase II.

Nas conducións instalarase unha válvula de retención de modo que se impida a circulación do combustible no caso de que aconteza un defecto no funcionamento das bombas de impulsión ou se produzan fugas nas conducións.

As tubarias instalaranse establecendo recorridos cos maiores tramos rectos posibles e en todo caso a pendente mínima cara o depósito será de polo menos o 1% para asegurar que en ningún tramo se produzan retencións ou acumulacións de hidrocarburos.

As conexións e unións mixtas realizaranse con accesorios normalizados e serán accesibles mediante arquetas de rexistro de inspección rápida.

2.1.3.2 Rede de ventilación

A rede de ventilación será a encargada de comunicar os depósitos coa atmosfera de modo que se poidan extraer os gases de exceso (e que non poden ser recollidos polo camión cisterna) producidos durante a evaporación de hidrocarburos.

Instalaranse tubarias de polietileno UPP, de diámetro de 3”, asegurando que a penetración nos depósitos sexa inferior ou semellante a 2 cm. e que a pendente en dirección ascendente cara a evacuación de gases sexa de polo menos o 1%.

As tubarias disporán dunha válvula de presión-baleiro de funcionamento automático que se abrirá en caso de anomalías na instalación. Todas as conexións entre as tubarias e os seus accesorios realizaranse mediante electrofusión. Colocarase unha válvula de flotador que permita regular a entrada de vapores para ventilación no interior dos tanques e que manterase pechada no caso de anomalía ou defecto nas conducións.

A ventilación, atendendo á normativa de aplicación, disporá dunha válvula de venteo con reixa apaga-lumes e anti-paxaros e a altura de ventilación terá que ser superior ou igual a 3.5 m sobre o pavimento, con obxecto de garantir que os vapores expulsados non poidan penetrar en edificacións próximas nin entrar en contacto con fontes inflamables.

2.1.3.3 Rede de carga e descarga

A rede de carga e descarga é aquela formada polas tubarias que conectan as bocas de carga cos depósitos enterrados, de modo que o enchido destes se efectúe por gravidade. Instalarase unha tubaria por tanque, fabricada en polietileno UPP, de 4" de diámetro nominal e accesorios normalizados de 110 mm de diámetro exterior e dotados con dispositivos de seguridade que impidan a interacción con axentes externos. Todas as conexións realizaranse mediante o método de electrofusión.

Para asegurar unha descarga rápida e eficaz, a pendente descendente cara o depósito será do 4% como mínimo e en cumprimento da ITC MI-IP04, a tubaria entrará no tanque ata 15 cm do fondo e rematará cortada en pico de frauta.

A operación de descarga realizarase en condicións de absoluta estanquidade e continuidade eléctrica, polo que se instalará un dispositivo de toma de terra consistente nun condutor que nun dos seus extremos conectarase ó camión e noutro a unha toma de terra.

A conexión realizada entre o camión cisterna e a boca de home, tal e como establece a normativa vixente, será de enganche rápido, tipo macho-femia, que garantirá transferencias de combustible estancas e seguras e ó mesmo tempo impidan a aparición de chispas por choque con outros materiais e o desenganche accidental.

Dita conexión permitirá, a recuperación de vapores desprazados nos depósitos, ou recuperación en fase I, prevista para os depósitos de gasolina.

2.1.3.4 Rede de recuperación de vapores

En cumprimento coa normativa internacional sobre protección do medio ambiente e seguridade en instalacións petrolíferas, instalarase unha rede de recuperación de vapores, en fase I y II, que discorrerá vía subterránea.

Fase I:

Ten por obxecto a recuperación dos vapores xerados durante a operación da descarga do camión cisterna.

Fase II:

Ten por obxecto a recuperación dos vapores que procedente dos depósitos dos vehículos durante a operación de repostaxe.

2.1.4 Aparatos surtidores

Instalarán tres aparatos surtidores dobres multiproducto de oito mangueiras para o subministro de gasolina sen chumbo 95, gasolina sen chumbo 98, gasóleo A e gasóleo especial.

Os aparatos, destinados a abastecer a turismos y vehículos lixeiros, subministrarán un caudal normal segundo a normativa, correspondente a valores entre 40 e 60 litros/min, para subministro a vehículos pesados un caudal de entre 60 e 90 l/min. Terán indicadores acústicos de produto, de control do tempo máximo de subministro e de bandexas antiderrame para recoller o combustible que se perde e que non se derrame ó redor do surtidor.

O funcionamento será automático, con accionamento eléctrico e chorro continuo.

O motor eléctrico será antideflagrante e funcionará mediante corrente alterna a 230/400 V y frecuencia 50 Hz. O combustible distribuirase dende os depósitos ata os aparatos surtidores mediante bombas de impulsión e a correspondente rede de tubarias que conecta cada tanque cos surtidores.

Os surtidores estarán equipados con computadora electrónica e disporán de visualizadores dixitais, indicadores de prezo do combustible, importe e volume do subministro efectuado e posta a cero manual.

Instalaranse arquetas prefabricadas de plástico reforzado e dunha soa peza, de características e dimensións adecuadas para a montaxe dos aparatos surtidores. Asegurarase que o surtidor queda cuberto na súa totalidade e que a instalación é absolutamente estanca.

En virtude da normativa de aplicación e de protección do medio ambiente, os surtidores haberán de estar equipados coas seguintes características de seguridade e protección:

- Dispositivo de parada da bomba se un minuto despois de levantado o boquerel non hai demanda de caudal.
- Dispositivo de disparo no boquerel se o nivel é alto no tanque do vehículo do usuario.
- Dispositivo de corte de subministro en caso de fallo do computador electrónico.
- Posta a terra de todos os compoñentes.
- Resistencia mínima de 1 MΩ entre os extremos da mangueira.
- Dispositivo antirrotura para o boquerel.
- Compatibilidade co sistema de recuperación de gases en fase II.

Colocarase unha válvula de impacto en cada tubaria de combustible, de modo que no caso de que se produza un golpe que desencaixara a tubaria de impulsión da mangueira de combustible se corte o sunministro.

Se instalarán aparatos surtidores coas súas correspondentes bombas de impulsión homologados polo Ministerio de Industria, e en todo caso seguiranse as indicacións dadas na Instrución Técnica MI-IP04.

2.2 Punto de recarga de vehículos eléctricos

Realizaranse catro puntos de recarga de vehículos eléctricos, serán do tipo de recarga rápido, modo de carga 3 e 4 segundo norma internacional IEC 61851.

Características da conexión col vehículo:

- Recarga rápida en corrente continua.
- Protocolo de comunicación CHAdeMO.
- Conector e cable integrado (Yazaki).
- Protección da batería do vehículo grazas á xestión do proceso de carga segundo metodoloxía - CHAdeMO.

Características eléctricas:

- Conexión á rede en corrente alterna.
- Proceso de carga en corrente continua (DC): 400 V DC / 125 A / 50 kW

2.3 Unidade auga e aire

Instalarán dous equipos de subministro de aire e auga, tipo columna compacto, un para abastecer a vehículos lixeiros e outro para vehículos pesados.

O equipo disporá dun manómetro de fácil e clara lectura e dúas mangueiras de 7 m de lonxitude, un para a auga e outra para o aire.

As características dos dispositivos serán as seguintes

- Dispositivo electro-pneumático que permita o inflado simultáneo de dous pneumáticos ás presións preestablecidas polo usuario.
- Regulador/manómetro de seguridade.
- Sensor de presión.
- Electroválvulas de dúas vías 1/4".
- Autotest e regulación automática da presión.
- Entrada de alimentación con proteccións contra sobretensións e curtocircuítos.
- Toma de auga integrada.
- Porta rolos de papel e papeleira integrados no conxunto.
- Mangueiras autoenrollables.

A rede de auga, contará cunha derivación ó equipo aire/auga, que disporá dunha arqueta de acometida con chave e unha arqueta rexistrable situada baixo a columna de auga.

Para o subministro de aire a presión colocarase un compresor de 8 bares.

2.4 Instalacións eléctricas

Deseñase a instalación eléctrica de acordo co establecido no Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto e nas Instrucións Técnicas Complementarias correspondentes.

Haberase de proceder en función das prescricións particulares recollidas nas Instrucións Técnicas Complementarias correspondentes.

2.4.1 Previsión de cargas

En cumprimento das indicacións dadas na Instrución BT - ITC 010. Previsión de cargas, e atendendo ás circunstancias e necesidades particulares do complexo, realizase unha previsión da potencia necesaria para a instalación, cuxo desglose mostrase a continuación:

- Alumeado xeral: 18.600 W
- Edificio: 80.000 W
- Subministro caravanas: 11.500 W
- Compresor aires: 7.500 W
- Surtidores: 3.000 W
- Recarga vehículo eléctrico: 200.000 W
- Total potencia activa: 320.600 W
- Total potencia: 356.250 kVA

2.4.2 Zonas de clasificación

Segundo o establecido na Instrución ITC BT 029 do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, e de acordo cos elementos presentes e as súas características, a estación de servizo clasificase como emprazamento de CLASE 1, lugar no que hai ou pode haber gases ou vapores capaces de producir atmosferas explosivas ou inflamables.

Os equipos, canalizacións, materiais e accesorios dimensionaranse e instalarán conforme cos requisitos esixidos pola Instrución, segundo a zona na que se coloquen ou discorran.

A clasificación de zonas na estación de servizo realizarase seguindo os criterios recollidos na norma UNE 20-322-86, clasificación de emprazamentos con risco de explosión debido á presenza de gases, vapores e néboas inflamables, así como seguindo o establecido na Instrución Técnica Complementaria MI-IP04, Instalacións petrolíferas para subministro a vehículos.

2.4.3 Acometida e centro de transformación

O subministro de enerxía eléctrica realizarase dende o punto de acometida fixado pola compañía subministradora.

Para dar subministro de enerxía eléctrica en baixa tensión instalarase un centro de transformación de 400 kVA en caseta modular prefabricada. A conexión realizarase mediante canalización soterrada de aproximadamente 1,3 km coa rede de subministro eléctrico de Unión Fenosa

No centro de transformación irán situadas os seguintes equipamentos:

- 1 cela de liña con interruptor seccionador.
- 1 cela de protección por fusibles e seccionadores.
- 1 Cela de medida.
- 1 Transformador trifásico en baño de aceite de 400 kVA
- 1 cadro xeral de distribución de baixa tensión.
- 1 cadro de contadores con contadores de activa (dobre tarifa) e reactiva e reloxo de conmutación de tarifas

En recinto anexo ao centro de transformación realizarase a instalación dos cadros principais de forza e alumeado da estación de servizo.

Todos os circuítos deberán estar adecuadamente conectados e sinalizados coa súa correspondente protección. Instalarase un sistema de alimentación ininterrumpida (S.A.I.) de 3 kVA ó que irán conectados os circuítos que alimentan o sistema electrónico dos aparatos surtidores, con obxecto de asegurar o subministro de enerxía eléctrica en caso de deficiencia na rede.

Os cadros protección e distribución aloxaranse en armarios metálicos, en chapa electrozincada e revestidos con pintura epoxi. Poñeranse etiquetas de designación para a identificación de circuítos e estará construído segundo o establecido no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión en canto a proteccións, procedemento e medidas de seguridade se refire. Os cadros constarán de interruptor automático magnetotérmico para protección xeral e os materiais que se empregarán haberán de ser de primeira calidade en cuanto respecta a fusibles, contactores e interruptores diferenciais e automáticos.

2.4.4 Condutores

Os circuítos de forza que alimentan ás bombas e ós surtidores, así como os de alumeado da marquesiña serán do tipo RMV, segundo a norma UNE, armados con fíos de aceiro e terminados con prensaestopas antideflagrantes.

Para todos os demais circuítos se empregarán cables del tipo RV-0.6/1 kV, excepto no interior do edificio, onde se colocarán cables H-07V-K AS.

A sección mínima dos condutores será de 2,5 mm² para as alimentacións de forza, 1,5 mm² para alumeado e control e de 6 mm² para el alumeado exterior.

As caídas de tensión máximas admisibles dende a orixe da instalación ata as tomas del equipo de consumo serán del 3 % para alumeado e 5 % para forza, con respecto á tensión nominal.

2.4.5 Canalizacións

As canalizacións exteriores de electricidade discorrerán en todo caso enterradas e realizaranse mediante tubos de PVC de diámetro 160 mm, situados a unha profundidade mínima de 0,60 m. Aloxaranse en foxos recheos de area e colocarase unha cinta de aviso por encima dos tubos. A xeometría e dimensións das foxos e arquetas determinaranse en función do número de condutores.

Para a marquesiña, as canalizacións serán de tubo de aceiro galvanizado e discorrerán entre a cuberta e as chapas de aceiro laminado suxeitas á perfilería.

A instalación para o edificio realizarase principalmente de forma encastrada baixo tubos de PVC flexible.

2.4.6 Rede de alumeado

Para a rede de alumeado empregaranse cables de cobre tipo RV-K 0,6/1 kV.

Todos os equipos de acendido serán de alto factor de potencia.

En todo caso haberá de cumprir as prescricións establecidas nas diversas Instrucións en canto respecta a conexións, caixas de derivación e arquetas.

2.4.7 Rede de forza

A instalación de forza deseñarase con cables de cobre tipo RV-K 0,6/1 kV, excepto para as zonas clasificadas.

Todas as canalizacións realizaranse con tubos de PVC enterrados en foxos, cumprindo co establecido nas Instrucións correspondentes.

Haberá de colocar terminais de presión adecuados, con prensaestopas de dobre peche antideflagrante conectadas ós cables armados.

2.4.8 Rede de posta a terra

A rede de posta a terra realizarase de forma íntegra mediante cable de cobre de 35 mm² con arqueta.

Instalaranse derivacións dos circuítos de protección que se conectarán a todas as partes estruturais.

Conectaranse a terra todas as partes e compoñentes metálicas das instalacións receptoras, armarios, tanques, etc.

Os circuítos, tanto de forza como de alumeado, disporán do seu correspondente condutor de protección de idénticas características que os condutores activos.

Haberá que prever unha conexión móbil a terra a través de poste con pinza habilitada para a interconexión ó camión cisterna durante a manobra de descarga de combustible.

En todo caso, a resistencia de terra non haberá de superar os 5 ohmios, polo que a instalación completarase co número de picas que corresponda.

A natureza e sección das liñas principais e derivacións dos condutores de protección cumprirán con todo o establecido na Instrución ITC BT 018, escolléndose un sistema de protección contra impactos indirectos mediante posta a terra das masas e emprego de interruptores diferenciais.

2.4.9 Automatismos e autoservicio

Colocarase unha unidade central de control que se conectará á unidade de mando e o sistema hidráulico dos aparatos surtidores, de modo que se poidan realizar as seguintes funcións:

- Centralización do rexistro de litros vendidos en cada surtidor.
- Medición do subministro realizado.
- Fixación dos prezos dos produtos.
- Control de estado dos aparatos surtidores.
- Impresión de tickets.
- Bloqueo e desbloqueo dos boquereles.

Os circuítos correspondentes que alimentan os aparatos mecánicos e electrónicos dos aparatos surtidores conectaranse con computadoras, pantallas, microordenadores, impresoras e aparatos de control.

Empregaranse circuítos mediante liñas de cable de cobre atendendo ás correspondentes esixencias de illamento e canalización establecidas na normativa

2.5 Rede de alumeado

Realizarase a iluminación de viarios, zonas de circulación e zonas de aparcamento da área de servizo.

Con carácter xeral, a fonte de luz adoptada será de LED, en función do alto grado de rendemento luminoso, e con un nivel de reprodución cromática suficiente para o uso de alumeado público.

O alumeado realizarase segundo o especificado no Real Decreto 1890/2008 Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior.

Para os viarios de entrada e saída, vía de acceso, zonas de circulación e zonas de aparcamento realizarase o alumeado mediante luminarias de tipo viario con lámpada LED de 96 W de distribución asimétrica sobre báculo de 9 m de altura e brazo de 1,5 m.

Para as glorietas realizarase o alumeado mediante proxectores con lámpada LED de distribución asimétrica sobre báculo de 15 m de altura.

Para a pasarela metálica que une a área de caravanas coa zona de repostaxe, realizarase o alumeado mediante luminarias estancas apegadas a estrutura de 36 W de potencia.

Para a os camiños peonís da zona de caravanas, realizarase o alumeado mediante balizas de altura 1 m con lámpada de descarga de 60 W.

Para a zona onde se aparcan as caravanas, realizarase o alumeado mediante luminaria esférica para iluminación viaria con esfera difusora en metacrilato, sobre columna de 3,5 m

As luminarias estarán equipadas con controlador de corrente constante para manter un subministro estable ós LED, ademais serán programables para poder reducir o nivel de alumeado a metade nas horas nocturnas de menor demanda.

Instalaranse descargadores de sobretensión e toda a instalación estará posta a terra.

O cadro de alumeado exterior situarase no edificio de instalacións, no local contigüo ó centro de transformación e conterá os elementos de protección, mando e medida da instalación de alumeado.

Os diferentes circuítos que saen do cadro de alumeado exterior serán con cables de cobre unipolares tipo RV 0,6/1 KV dunha sección mínima de 6 mm², enterrados baixo tubo de PVC de Ø 110 e protexidos con formigonado nos cruces de calzadas.

2.6 Rede de telefonía

Os sistemas de construción que se utilizarán na execución das canalizacións axustaranse á normativa da compañía de distribución

Serán de aplicación as normas xerais para a instalación de redes telefónicas en urbanizacións; norma NP-PI-001, agosto de 1991 e os criterios de deseño para canalizacións subterráneas en urbanizacións e polígonos industriais; norma NT.F1.003, maio de 1993.

Utilizaranse condutos de PVC de diámetro 63 mm en cuxo interior irán instalados os cables. Estes condutos aparecerán formando grupos de 2 situados a un mínimo de 45 cm da superficie e embebidos en prismas de formigón.

As arquetas de recepción de tubaria serán de tipos D e as súas situacións serán acordadas coa compañía de distribución.

2.7 Rede de abastecemento de auga e rega

O subministro de auga realizarase dende a rede municipal do concello de Maside, sendo o lugar de Casanova o máis próximo con servizo de auga. A acometida realizarase con tubo polietileno alta densidade PE-50A.

Os diámetros de tubaria deben quedar por enriba dun valor mínimo para evitar a sedimentación, incrustacións e estancamento, e por debaixo dun máximo para evitar que se produzan erosiones.

O longo de toda a rede situaranse válvulas de seccionamento coa finalidade de poder illar tramos de rede con avarías, sen por elo afectar ós tramos de condución augas abaixo das mesmas, estas válvulas se instalarán en arquetas de fábrica de ladrillo de dimensións adecuadas.

Para acadar un correcto funcionamento e mantemento da rede, colocaranse ventosas nos puntos máis elevados da mesma, que permitirá a saída de posibles oclusións de aire, e desaugues nos puntos baixos para o baleirado en caso de que fora preciso.

O edificio de servizos estará directamente conectada a rede de abastecemento.

A instalación de rega constará dun depósito de almacenamento soterrado de poliester reforzado con fibra de vidro, con reserva de auga para o grupo de presión de rega, contiguo a este depósito estará situada o local cos grupos de presión da instalación de rega, ademais dos elementos de control e mando da mesma.

A distribución da auga para rega realizarase por medio de entubado polietileno uso alimentario alta densidade PE-50A densidade, presión nominal 10 bar, diámetro exterior 63 - 50 ou 32 mm.

As bocas de rega, distribuiranse por toda a superficie da área de servizo para atender tanto a rega das zonas axardinadas como á limpeza das pavimentadas.

3 INSTALACIÓNS EDIFICIO

3.1 Infraestrutura de telecomunicacións e audiovisuais

A conexión coa rede de telefonía da empresa distribuidora realizarase en arqueta de entrada en canalización externa, dende este punto por medio dunha canalización de enlace empotrada accederase ó armario de telecomunicacións do edificio, dende onde se repartirán as liñas cara a todos os rexistros de tomas. A canalización será de tubos de PVC flexible de 20 mm de diámetro.

Instalarase unha Antena exterior UHF para captación de sinais de: televisión analóxica, dixital terrestre (TDT) e de alta definición (HDTV) procedentes de emisións terreais, con preamplificador.

O cableado para a rede de televisión será con condutor coaxial RG-6 non propagador da chama, con condutor central de cobre e cuberta exterior de PVC LSFH libre de halóxenos, con baixa emisión de fumes e gases corrosivos.

O cableado para a rede de datos será con condutor ríxido U/UTP non propagador da chama de 4 pares trenzados de cobre, categoría 6, con vaina exterior de poliolefina termoplástica LSFH libre de halóxenos, con baixa emisión de fumes e gases corrosivos.

As tomas finais de usuario serán dobres con toma TV-R para televisión e RJ-45 para datos.

Realizarase a instalación de megafonía con central de son estéreo-mono, 5 reguladores de son dixitais de 1 canal musical estéreo-mono, 10 altofalantes de 4", 7 W e 8 Ohm, para dar mensaxes de voz e para funcionamento como fío musical.

3.2 Fontanería e auga quente sanitaria

O subministro realizarase a partir de dúas arquetas de acometida situadas na propia parcela, nas que se asegura a dotación e presión necesaria para o edifico. Unha das arquetas de acometida abastecerá de auga para servizos e usos xerais e a outra arqueta abastecerá de auga para a protección contra incendios.

As liñas de abastecemento dende as arquetas realizaranse mediante condución reforzadas de polietileno, xa que discorren por zonas nas que circulan vehículos.

As condución correspondentes ás redes de abastecemento atoparanse polo menos a 50 cm por enriba das de saneamento. Ademais, a rede interior disporase a unha distancia non menor de 30 cm de calquera condución ou cadro eléctrico.

Os recintos alimentados pola rede de fontanería son os seguintes: vestiario, aseo masculino, ducha, aseo feminino, sala de lactancia, cociña e cafetería.

Os equipamento a instalar serán inodoros de tanque baixo, lavabos e duchas con grifería temporizada con auga quente e urinarios murais con grifería temporizada.

Considéranse dúas redes de tubarias no interior do edificio:

- Rede 1 de fontanería: correspondente o uso de servizos e usos xerais. Esta rede estará constituída por canalizacións empotradas nos paramentos do edificio de polietileno reticulado para auga fría e quente. Existirá unha rede de retorno de auga quente para evitar un consumo excesivo de auga nos puntos de consumo.
- Rede 2 de fontanería: correspondente o uso de protección contra incendios. Esta rede estará constituída por canalizacións de aceiro negro con soldadura, unión roscada, con dúas mans de esmalte vermello.

A rede de auga quente axustarase a un sistema de produción individual a partir da rede de auga fría mediante la instalación dun termo acumulador eléctrico.

Disporanse contadores xerais que permitirán o control do consumo total de auga da instalación, tanto de auga fría como de auga quente.

3.3 Instalación de produción de auga quente mediante enerxía solar

Para dar cumprimento á esixencia básica de aforro de enerxía HE-4: contribución solar mínima de auga quente sanitaria do código técnico da edificación realizarase a instalación de tres paneis de 3480x1930x90 mm en conxunto instalados en cuberta, superficie útil total 6,06 m², con depósito de acumulación de 400 l.

3.4 Instalación de saneamento

A instalación de saneamento estará formada por un sistema separativo composto de dúas redes independentes unha de fecais e outra de pluviais

Canalóns e baixantes: as augas pluviais correspondentes á cuberta serán recollidas mediante canalóns de PVC y conducidas por medio de baixantes de PVC ata a rede horizontal de saneamento.

Os canalóns terán unha sección rectangular e unha pendente del 1 %, disporanse baixantes de sección circular conectadas a arquetas a pé de baixante enterradas, a partir das que pasan ditas augas á rede soterrada de saneamento.

Os desaugues dos aparatos sanitarios verterán nas arquetas da rede de saneamento interior. Os correspondentes ós equipos da cociña e da cafetería verterán a unha rede de saneamento independente dotada cun separador de graxas.

3.5 Instalación de ventilación

Para asegurar a calidade do aire interior realizarase a instalación dunha rede de ventilación formada polos seguintes elementos:

Conduto flexible de dobre parede de PVC e polietileno, con illamento.

Recuperador de calor aire-aire, con resistencia eléctrica de 6 kW, intercambiador de fluxo cruzado, para montaxe horizontal, nivel de presión sonora de 48 dBA en campo libre a 1,5 m.

Reixas de impulsión e retorno de aluminio extruído.

Nos baños e aseos instalarase extractores para baño formado por ventilador centrífugo, con interruptor automáticos.

3.6 Instalación eléctrica

O abastecemento de enerxía eléctrica realizarase dende o centro de transformación que se instalará na área de servizo.

A instalación de baixa tensión para a alimentación ó edificio arrancará no embarrado de baixa tensión do cadro xeral do centro de transformación, discorrendo de forma soterrada e formigonada ata chegar ata arqueta de entrada, a partir de aquí, a instalación discorrerá empotrada nos paramentos do edificio.

Instalarase dous cadro de distribución xeral: de forza e de alumeado normal e de emerxencia. Dende este partirán as liñas cara os cadros secundarios para os locais e instalacións particulares: cociña, aire acondicionado, tenda e cafetería/restaurante.

Todos os circuítos terán protección magnetotérmica, diferencial e contra sobretensións. A instalación disporá da aparamenta necesaria para asegurar a correcta manobra e protección da mesma.

Instalarase no mesmo lugar que os cadros xerais un equipo corrector do factor de potencia formado por unha batería automática de condensadores, co que se acada unha compensación discreta en función do factor de potencia da instalación nese momento.

As luminarias e lámpadas que se instalarán serán: luminaria de empotrar downlight e luminaria de empotrar cuadrada (modular), co obxectivo de acadar unha iluminación media de 300 lux.

Para a iluminación exterior da marquesiña instalaranse proxectores empotrados, con difusor de plástico e lámpada de LED.

Os condutores que forman a rede de distribución en baixa tensión serán de cobre, non propagadores de chama (UNE-EN 50265-2-1), non propagadores de incendios (UNE-EN 50266-2), libres de halóxenos (UNE-EN 50267-2-1), con baixa emisión de fumes (UNE-EN 50267-2) e baixa emisión de gases corrosivos (UNE-EN 50267-2-2).

A determinación das seccións dos condutores realizarase de acordo cos criterios de caída de tensión e intensidade máxima admisible recollidos no Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión" e Instrucións Técnicas Complementarias.

3.7 Instalación de climatización

Realizarase unha instalación de climatización por medio de aerotermia multi-split, con seguintes equipamentos:

- Bomba de Combinación de unidades exteriores de aire acondicionado para sistema VRV (Volume de Refrixerante Variable), bomba de calor, para gas R-410A, potencia frigorífica nominal 78,5 kW, potencia calorífica nominal 87,5 kW. Estarán instaladas na cuberta do edificio.

- Splits: unidades interiores de aire acondicionado, de cassette, para sistema aire-aire multi-split, para gas R-410A.
- Liña frigorífica dobre realizada con tubaria para gas mediante tubo de cobre sen soldadura con coquilla de espuma elastomérica e tubaria para líquido mediante tubo de cobre sen soldadura con coquilla de espuma elastomérica.
- Sistema centralizado de xestión de edificios, para sistema VRV (Volumen de Refrixerante Variable) con unidades conectadas mediante bus de control, formado por controlador de sistema centralizado, software para o cálculo do reparto de consumos, software para a xestión de consumos, controlador remoto software e PC con impresora para posto de control.

3.8 Protección contra incendios

Para dar cumprimento á documento SI: seguridade en caso de incendios do código técnico da edificación, realizaranse as seguintes instalacións:

- Sistema de detección e alarma, convencional, formado por central de detección automática de incendios con vairas zonas de detección, detectores termovelocimétricos, pulsadores de alarma, serea interior, serea exterior e canalización de protección empotrada con tubo de poliamida flexible, corrugado, libre de halóxenos, con IP 547.
- Instalación de alumeado de emerxencia constituída por aparatos autónomos automáticos, que se porán en marcha cando produza unha baixada de tensión por debaixo do 70% e manteranse durante polo menos 1 hora.
- Extintor portátil de pó químico ABC polivalente antibrasa, con presión incorporada, de eficacia 21A-144B-C, con 6 kg de axente extintor, aloxado en armario.
- Boca de incendio equipada (BIE), composta de: armario de aceiro, acabado con pintura color vermella e porta de aceiro inoxidable; devanadera metálica xiratoria fixa; mangueira semirríxida de 20 m de lonxitude; lanza de tres efectos e válvula de peche, colocada en paramento.

3.9 Protección contra o raio

Sistema externo de protección fronte ó raio, formado por pararraios tipo "PDC", con radio de protección de 46 m para un nivel de protección 3, colocado en cuberta sobre mástil de aceiro galvanizado e 6 m de altura, e pletina condutora de cobre estañado, incluída toma de terra.

Sistema interno de protección contra sobretensións, para protección de: liñas de subministro eléctrico, liñas telefónicas e liñas informáticas.

Anexo nº6:

Sinalización, balizamento e defensas

ÍNDICE

1. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

1.1 Xeneralidades

1.2 Criterios básicos

2. SINALIZACIÓN VERTICAL

2.1 Xeneralidades e criterios básicos

2.2 Dimensións das sinais

2.3 Selección nivel mínimo de retrorreflexión

2.4 Sinais de aceiro galvanizado.

2.5 Situación dos sinais.

3. SISTEMAS DE CONTENCIÓN DE VEHÍCULOS

3.1 Xeneralidades

3.2 Criterios de instalación

3.3 Criterios de disposición

3.4 Cimentación

3.5 Extremos (Abatimentos)

4. SINALIZACIÓN DURANTE AS OBRAS

ANEXO Nº6 – SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS

1. SINALIZACIÓN HORIZONTAL

1.1 Xeneralidades

Nos planos do Anteproxecto defínense as plantas xerais e os detalles, así como as dimensións da cada unha das marcas viais empregadas: lonxitudinais, transversais, rótulos, frechas, etc.

As marcas viais serán, en xeral, de cor branco. Esta cor corresponderá á referencia B-118 da norma UNE 48 103, con pintura acrílica de base acuosa.

Será de aplicación a normativa e recomendacións vixentes nesta materia no momento de execución dos traballos, que actualmente é a seguinte:

- Apartado 6 do anexo I do *"Regulamento Xeral de Circulación"*, aprobado por Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro.
- *"Norma 8.2-IC da Instrución de Estradas"*, aprobada por Orde de 16/07/1987.
- *"Guía para o proxecto e execución de obras de sinalización horizontal"*, publicada polo Ministerio de Fomento en 2012.

No correspondente Proxecto de Construción da Área de Servizo definirase a sinalización horizontal tanto para o viario de nova creación como para o que se atopa pendente só da capa de rodadura. Ademais, tamén se disporá de sinalización horizontal na área de servizo e na zona de esparexemento. Serán de aplicación as seguintes marcas viais:

Marcas lonxitudinais descontinuas e continuas:

- ✓ M-1.2/M-1.3: Liña de separación de sentidos en calzada dos dous carrís e dobre sentido de circulación con posibilidade de adiantamento. Para vías entre 60 km/h<VM<100 km/h utilizarase a marca lonxitudinal M-1.2, e para vías con VM≤60 km/h utilizarase a marca lonxitudinal M-1.3.
- ✓ M-2.2: Liña de separación de sentidos de circulación en calzada de dous carrís e dobre sentido de circulación con prohibición de adiantamento. Liña continua branca de 0,10 m.
- ✓ M-2.6: Liña de borde de calzada, continua e de 0,10 m de ancho se a beiravía é < 1,5 m, e de 0,15 m de ancho se a beiravía é ≥ 1,5 m.
- ✓ Nas estradas AC-400 e AC-546 a liña de borde terá un ancho de 0,10 cm dado que a beiravía é < 1,5 m e nas estradas AC-432 e AC-400 de 0,15 cm de espesor.
- ✓ M-3.2/M-3.3 Liña de ordenación de adiantamento en función de VM. Para vías con 60 km/h<VM≤100 km/h empregarase a marca lonxitudinal M-3.2, e para vías con VM≤60 km/h empregarase a marca lonxitudinal M-3.3.

Marcas transversais:

- ✓ M-4.1 Liña de detención de 0.4 m de ancho.
- ✓ M-4.2 Liña descontinua de ceda o paso de 0,4 m de ancho, 0,8 m de pintura e un vano de 0,4 m durante toda a anchura do carril ou carrís que se refire a obriga de ceder o paso.

Outras marcas:

- ✓ Inscricións: colocaranse as inscricións necesarias.
- ✓ Outras:

  M-6.3: Indicación ó condutor da obriga de deter o seu vehículo ante unha próxima liña de detención.

  M-6.5: Indicación ó condutor da obriga que ten de ceder o paso ós vehículos que circulen pola calzada á que se aproxima, e de deterse se é preciso ante a liña de CEDA O PASO.

1.2 Criterios básicos

A selección da clase de material máis idónea para cada aplicación de marca vial levarase a cabo mediante a determinación do "factor de desgaste", definido como a suma dos catro valores individuais asignado na táboa 700.1 a todas e cada unha das características da estrada que en dita táboa se explican (situación da marca vial, textura superficial do pavimento, tipo de vía e a súa anchura e intensidade media diaria do tramo).

Pola súa funcionalidade e en base á experiencia, proxéctase a aplicación de pintura acrílica en base acuosa para marcas viais lonxitudinais. Nos símbolos e frechas empregarase, segundo corresponde, pintura plástica en frío de dous compoñentes.

2. SINALIZACIÓN VERTICAL

2.1 Xeneralidades e criterios básicos

Para determinar o punto de colocación das sinais verticais seguíronse as Normas da Dirección de Estradas:

- o Apartado 5 do anexo I do *"Regulamento Xeral de Circulación"*, aprobado por Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro.
- o Orde Circular 8.1-I.C. aprobada por Orde FOM/534/2014
- o Así mesmo, tívose en conta o novo catálogo de sinais publicado polo M.O.P.T. en xuño de 1.992

2.2 Dimensións das sinais

Sinais de contido fixo

O tamaño dos sinais corresponderase co indicado na Norma 8.1-IC para estradas con beiravía:

- Triangulares 135 cm. de lado
- Circulares 90 cm. de diámetro
- Octogonais con distancia de 90 cm. entre lados opostos
- Cadradas 90 cm. de lado
- Rectangulares 135 x 90 cm. de lados

Para a sinalización do interior da explanada da área de servizo empregarase o tamaño de sinais que a mesma normativa fixa para estradas sen beiravía:

- Cadradas 60 cm. de lado
- Rectangulares 90 x 60 cm. de lados

Paneis complementarios

As dimensións dos paneis complementarios deduciranse do tamaño do sinal a que complementan, sendo a súa anchura igual ao lado dos sinais triangulares e cadradas, á anchura dos sinais rectangulares ou ao diámetro das circulares. A altura dependerá das inscricións contidas, e das separacións entre liñas, marxes e orlas. Os paneis complementarios deberán colocarse debaixo do sinal a a que complementan.

Carteis

As dimensións dos carteis deduciranse do tamaño dos carácteres e orlas utilizados, así como das separacións entre liñas, orlas e bordos. Ademais, os carteis formados por lamas axustarán as súas dimensións a un número múltiplo destas.

Os carteis frecha en estradas convencionais só poderán ter as alturas e lonxitudes seguintes:

- Altura: 250, 300, 350, 400, 450, 500 ou 550 mm.
- Lonxitude: 700, 950, 1.200, 1.450, 1.700, 1.950 ou 2.200 mm.

O ángulo exterior na punta dos carteis frecha será de 75º.

2.3 Selección nivel mínimo de retrorreflexión

Os criterios para a selección do nivel de retrorreflexión realizaranse en función das características específicas do tramo de estrada a sinalizar e da súa situación. Para o cal se seguirá o cadro seguinte:

Criterios para a selección do nivel mínimo de retrorreflexión

	Entorno de localización do nivel mínimo ou cartel		
Tipo de sinal ou cartel	Zona periurbana (travesías, circunvalacións ...)	Autopista, autovía e antigas vías rápidas	Estrada convencional
Sinais de contido fixo	RA 2	RA 2	RA 2
Carteis	RA 3	RA 3	RA 2

Na estrada obxecto deste proxecto, os sinais de código terán un Nivel RA 2 mentres que os carteis e os paneis complementarios terán un Nivel RA 3.

2.4 Sinais de aceiro galvanizado.

Os sinais de perigo, preceptivas e frechas, están construídas a base de chapa de aceiro galvanizado, sobre a cal se construirán os símbolos, orlas, textos, etc, mediante a adhesión ó baleiro das láminas reflexivas especiais.

Todos os elementos (fondo, carácteres, orlas, símbolos, frechas, pictogramas) dun sinal, cartel ou panel complementario, cuxo destino sexa o de ser visto dende un vehículo en movemento, agás os de cor negra ou azul escura, deberán ser retrorreflexivos na súa cor.

2.5 Situación dos sinais.

As sinais e carteis situadas nas marxes (excepto carteis frecha) que puidesen ser necesarios situaranse a 1,50 m de altura.

Se o sinal ou cartel se situase sobre beirarrúas ou zonas destinadas á circulación de peóns, a diferenza de cota entre o bordo inferior do sinal ou cartel e a devandita beirarrúa ou zona non será inferior a 2,20 m.

Os carteis frecha empregados situaranse a unha altura de polo menos 2,20 m para non entorpecer a visión do tráfico, agás cando haxa varios amoreados, que se poderán colocar deixando libre unha altura de 1,70 m.

Situación lateral dos sinais.

Os sinais e carteis situados nas marxes da plataforma colocaranse de forma que o seu bordo máis próximo diste polo menos:

- 2,5 m do bordo exterior da calzada, ou 1,5 m onde non houbese beiravía, que se poderán reducir a 1 m logo de xustificación.
- 0,5 m do bordo exterior da beiravía.

Con restricións de espazo, o bordo máis próximo do sinal ou cartel poderase colocar a un mínimo de 0,5 m do bordo da restrición máis próximo á calzada, sempre que con iso non se diminúa a visibilidade dispoñible.

En zona urbana, terreo moi accidentado ou illotes de reducidas dimensións, a separación entre o bordo da calzada e o do sinal ou cartel máis próximo a esta, non baixará de 0,5 m. Excepcionais, en vías urbanas con báculos de iluminación xunto ao bordo, a devandita separación poderá ser igual á daqueles, sempre que non baixe de 0,3 m.

Elementos de sustentación.

Os elementos de sustentación dos sinais baséanse en postes de aceiro galvanizado.

Empregaranse postes galvanizados de diferentes tamaños en función do sinal que sustenten.

Cimentacións.

As cimentacións necesarias para os postes son de dimensións moi variables dependendo do tipo de soporte, dimensións do sinal, perfil do terreo, etc.

3. SISTEMAS DE CONTENCIÓN DE VEHÍCULOS

3.1 Xeneralidades

Para a definición das barreiras de seguridade empregouse a seguinte normativa:

- Orde circular 35/2014 sobre criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos.
- Orde Circular 1/2009 para a Comunidade Autónomo de Galicia de "Criterios de emprego de sistemas para protección de motociclistas"

Os sistemas de contención de vehículos que se prevén no presente anteproxecto consisten nunha barreira metálica simple tipo BMNSA2/120 ou BMSNC2/120.

3.2 Criterios de instalación

A instalación de barreiras de seguridade metálicas estará xustificada nos seguintes casos:

- Zonas nas que se detecte, como consecuencia da presenza de obstáculos, desniveis ou elementos de risco próximos á calzada (caso que nos ocupa), a probabilidade de que se produza un accidente normal, grave o moi grave, e haxa que descartar solucións alternativas.
- Zonas cuxa protección fora incluída entre as medidas correctoras derivadas dunha Declaración de Impacto Ambiental (como lagos, humedais, cursos de auga, xacementos arqueolóxicos, etc.), aínda cando non haxa un obstáculo ou desnivel nas proximidades do borde da calzada.

No primeiro dos casos, considerarase o risco de accidente, relacionado coa probabilidade do suceso e coa magnitude dos danos e lesións previsibles, tanto para os ocupantes do vehículo como para outras persoas ou bens situados nas proximidades. Admitírase que o risco de accidente é o seguinte:

a) Risco de accidente moi grave:

1. Paso sobre unha vía férrea en servizo.
2. Existencia dunha vía férrea paralela próxima á estrada e situada a máis 1 m por debaixo do nivel desta.
3. Existencia a nivel inferior de instalacións contiguas a unha obra de paso, permanentemente habitadas ou empregadas para almacenamento de sustancias perigosas, ou que presten servizo público de interese xeral, previamente autorizadas a tal fin e situadas dentro da zona de afección da estrada.
4. Existencia a nivel inferior de calquera tipo de infraestrutura do transporte terrestre, e que no emprazamento da estrada superior concorran curvas horizontais ou acordos verticais de dimensións inferiores ás contempladas pola Norma 3.1.I.C. Trazado, para a velocidade de proxecto correspondente.
5. Nós de dúas estradas cando a do nivel superior teña unha intensidade media diaria de vehículos pesados igual ou superior a 2000. A intensidade media diaria a considerar será a correspondente ao ano de posta en servizo en vías en fase de proxecto ou construción.
6. Eventualmente, en emprazamentos singulares en, ou xunto á coroación de obras de fábrica.

O treito onde se propón instalar a barreira metálica non se atopa dentro de ningún dos casos para considerar un risco de accidente moi grave.

b) Risco de accidente grave:

1. Casos nos que falte algún dos requisitos descritos para ser considerado como risco de accidente moi grave, sendo a intensidade media diraria (IMD) por calzada superior a 10.000 vehículos.

2. Velocidade de proxecto Vp superior a 80 km/h e existencia nas proximidades de:

   - Ríos, embalses, e outras masas de auga con corrente impetuosa ou profundidade superior a 1, ou a barrancos ou gabias profundas.

   - Accesos a pontes, túneles e pasos estreitos.

3. Velocidade de proxecto Vp superior a 60 km/h e nas proximidade de:

   - Elementos nos que un choque poida producir a caída de obxectos de gran masa sobre a plataforma (tales como pilas de pasos superiores, pórticos ou bandeirolas de sinalización, estruturas de edificios, pantallas antirruido e outros similares).

   - Obstáculos tales que o choque dun vehículo contra eles poida producir danos graves en elementos estruturais dun edificio, paso superior ou outra construción.

   - Caída dende estruturas e obras de paso, exceptuando obras de drenaxe con altura de caída dende a calzada menor de 2 m.

   - Caída dende muros de sostemento (do lado do desnivel) dunha estrada en terreo accidentado ou moi accidentado.

4. Estradas ou calzadas paralelas con circulación no sentido oposto, nas que a anchura da mediana, ou que a distancia entre a calzada principal e a de servizo, sexa inferior á establecida na táboa 1.

O treito onde se propón instalar a barreira metálica non se atopa dentro de ningún dos casos para considerar un risco de accidente grave.

c) Risco de accidente normal:

1. Obras de paso, cando non se dean os requisitos específicos para que o risco de accidente sexa grave ou moi grave.

2. Casos nos que falte algún dos requisitos descritos para ser considerado como risco de accidente grave.

3. Velocidade de proxecto Vp superior a 80 km/h e existencia nas proximidades de:

   - Obstáculos, árbores ou postes, de máis de 15 cm de diámetro, ou postes SOS.

   - Elementos de sustentación de carteis de sinalización ou báculos de alumeado non provistos dun fusible estrutural que permita o seu fácil desprendemento ou abatemento ante un impacto ou que, aínda estando provistos dun fusible estrutural, a súa caída en caso de impacto poida provocar danos a terceiros.

   - Cimentacións ou elementos de drenaxe superficial (arquetas, impostas, etc.) que sobresaian do terreo máis de 7 cm.

   - Sempre que a IMD por calzada sexa superior a 1.500 vehículos, os chanzos e cunetas de máis de 15 cm de profundidade, excepto as cunetas suficientemente tendidas..

   - Desmontes, se o noiro (relación H:V) é inferior a:

     - 3:1, se os cambios de inclinación transversal non se suavizaron.

     - 2:1, se os cambios de inclinación transversal se suavizaron.

   - Terrapléns, se o noiro (relación H:V) é inferior a:

     - 5:1, se os cambios de inclinación transversal non se suavizaron.

     - 3:1, se os cambios de inclinación transversal se suavizaron.

   Ou, en todo caso, se o terraplén é de altura superior a 3 m.

4. Existencia nas proximidades dun muro de sostemento nunha estrada con velocidade de proxecto Vp superior a 60 km/h e terreo accidentado ou moi accidentado.

5. Sempre que se xustifique, en emprazamentos singulares tales como:

   - Nós complexos.

   - Intersecciónss situadas nas proximidades de obras de paso.

   - Emprazamentos cunha accidentalidade anormalmente elevada.

Deste xeito, os treitos nos que se propón a instalación da barreira metálica de seguridade, corresponde cun <u>Risco de Accidente Normal.</u>

A elección da clase de nivel de contención dunha barreira metálica a dispor nas marxes da estrada efectuarase atendendo ó risco de accidente detectado e seguíranse os seguintes criterios:

- Risco de accidente normal, as barreiras de seguridade metálicas deberán ser de contención normal (Nivel N2).

- Risco de accidente grave ou moi grave, as barreiras de seguridade metálicas deberan ser de contención alta (niveis H1, H2 e H3).

- Risco de accidente moi grave, as barreiras de seguridade metálicas poderán ser de contención moi alta (nivel H4) e debéranse empregar con carácter excepcional, previa autorización da Dirección Xeral de Estradas.

Outros parámetros a considerar nas barreiras de seguridade, son o desprazamento transversal durante o impacto, determinados mediante os parámetros de deflexión dinámica (D) e anchura do traballo (W). A deflexión dinámica é o máximo desprazamento lateral do sistema, a anchura de traballo, a distancia entre a cara máis próxima ó tráfico antes do impacto e a posición lateral máis afastada que alcanza o conxunto do sistema e vehículo. Por último, unha característica importante da barreira é a severidade do impacto sobre os pasaxeiros, que ven determinado mediante o índice de severidade do impacto.

Tendo en conta todos os criterios anteriores, o sistema seleccionado é BMSNA2 ou BMSNC2.

3.3 Criterios de disposición

Nas marxes exteriores da estrada as barreiras de seguridade metálicas serán, en xeral do tipo simple.

O tipo de barreira a instalar no proxecto corresponde cunha barreira de seguridade metálica simple.

As barreiras de seguridade metálicas situaranse como norma xeral paralelas ó eixe da estrada, de forma que interceptan a traxectoria dos vehículos fora de control que, de non estar aquelas, chegarían a alcanzar os desniveis ou obstáculos.

As distancias a considerar son as seguintes:

a) Distancias ó borde de calzada

As barreiras de seguridade colocaranse sempre fóra da beiravía da estrada e cando o ancho desta sexa inferior a 0.50 m ou non haxa beiravía situaranse a unha distancia transversal do borde da calzada de, polo menos, 0.50. Recoméndase en calquera caso colocalas o máis lonxe posible do borde afirmado, sen rebasar as distancias máximas indicadas na táboa seguinte, nin afectar á zona prevista para o seu funcionamento en caso de impacto:


NUMERO DE CARRILES POR CALZADA	VELOCIDAD DE PROYECTO Vp (km/h)					
	50	60	70	90	100	120
1	1,5	2,8	4,5	7,5	11,0	16,8
2	0,5	0,5	1,0	4,0	7,5	13,3
3	0,5	0,5	0,5	0,5	4,0	9,8
4	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	6,3

b) Distancias a obstáculos ou desniveis

A distancia entre a parte anterior dunha barreira de seguridade metálica e o obstáculo ou desnivel a protexer non será inferior á anchura de traballo ou deflexión dinámica respectivamente, do sistema a empregar.


En dita distancia, necesaria para permitir o desprazamento transversal da barreira de seguridade metálica en caso de impacto dun vehículo, o terreo tamén deberá ser chan e estar desprovisto de obstáculos.

Distancia mínima entre unha barreira de seguridade metálica e un desnivel (dn) (caso que nos ocupa):




c) Disposición en altura:

Se a distancia da barreira de seguridade metálica ó borde da calzada non excede de 2m, a altura da súa parte superior definiraa un plano paralelo á superficie da beiravía e que pase polo extremo superior da barreira de seguridade metálica:



d) Inclinación:

Durante a súa instalación ou posta en obra, coidarase especialmente a inclinación da barreira de seguridade metálica respecto da plataforma adxacente, de forma que resulte perpendicular:




3.4 Cimentación

Para as barreiras de seguridade metálicas ensaiadas nun terreo asimilable a unha saburra artificial ZA-20, compactado ata alcanzar unha densidade seca do 95% do ensaio Proctor Modificado, con poste tipo C-120 de 2000 mm de lonxitude cimentados por finca no terreo. A maquinaria a empregar para a cimentación finca cumprirá as condicións que se definen na norma UNE 135124.

Para avaliar se a resistencia do terreo é suficiente, realizárase, antes de colocar a barreira de seguridade metálica, un ensaio "in situ" sobre un poste fincado illado, disposto na zona onde se vaia instalar o sistema e á mesma distancia do borde da calzada á que se vaian instalar os postes. O ensaio consistirá en aplicar unha forma de empurre F, sobre o poste, situada no instante inicial nun plano paralelo ó do terreo de referencia e a 55 cm de altura sobre o mesmo, na dirección normal ó eixo da estrada e sentido cara o exterior.

Medírase, en primeiro lugar, a forza de empurre necesaria para un desprazamento do punto de aplicación de 25 cm (L). Posteriormente, incrementárase a forza de empurre ata alcanzar un desprazamento do punto de aplicación de 45 cm, momento no que se medirá o desprazamento da sección do poste a nivel do terreo (Lo).



Considerárase que a resistencia do terreo é axeitada se se cumpren simultaneamente as dúas condicións seguintes:

a) A forza que produce un desprazamento L do seu punto de aplicación igual a 25 cm é superior a 8 KN.

b) Para un desprazamento L do punto de aplicación da forza igual a 4 5cm, o do poste a nivel do terreo (Lo), é inferior a 15 cm.

Se non se cumprise algunha das dúas condicións anterior (resistencia insuficiente do terreo), caixearase ó longo da liña de cimentación dos postes, nunha anchura de 50 cm e unha profundidade de 15 cm; dito caixeo rechearase con formigón HA-25, dispoñendo unha armadura de 4Ø12, con cercos Ø8 cada 50 cm. Deixáranse caxetíns cadrados, de 20 cm de lado, no centro da viga armada así formada, para fincar os postes a través deles. Disporanse xuntas transversais de formigonado a intervalos de 12 m, en correspondencia cun cuarto dunha valla. Os caxetíns encheranse de area cunha capa superior impermeabilizante.

En terreos duros non aptos para a finca, o poste aloxarase nun taladro de diámetro axeitado (140 mm para C120 e poste tubular) e 500 mm de profundidade mínima. Este taladro poderá ser obtido por perforación en macizos pétreos, ou moldeando un tubo nun macizo cúbico de formigón HM25, de 50 cm de lado, nos demais casos. O poste axustarase con cuñas e os ocos encheranse con area cunha capa superior impermeabilizante, e en ningún caso con formigón.

3.5 Extremos (Abatimentos)

Se os extremos constituíran un perigo adicional para os vehículos que choquen contra eles, protexeranse coma se se tratase dun obstáculo illado.

No extremo frontal en estradas de calzada única, como é o caso que nos ocupa, elixiuse a disposición seguinte:

- Abatemento ata o terreo dos 12 m extremos da barreira de seguridade metálica (abatemento en tres vallas ou abatemento normal). Nestas barreiras as tres vallas extremas terán postes cada 2 m, os cinco postes máis baixo non terán separador e os dous últimos quedarán completamente enterrados.

  En calquera das disposicións, a valla permanecerá sempre nun plano perpendicular á calzada, inclusive no tramo abatido ata o terreo. No extremo da valla abatida colocarase unha peza especial de tope, que deberá quedar totalmente enterrada.



4. SINALIZACIÓN DURANTE AS OBRAS

Seguiranse as especificacións da Orde do 31 de Agosto de 1987, publicada no B.O.E. do 18 de Setembro de 1987, polo que se publica a *Instrución 8.3.I.C. "Señalización de las obras"* e do *"Manual de ejemplos de señalización de obras fijas"* de 1997 do Ministerio de Fomento.

Anexo nº7:

Incidencia ambiental e paisaxística

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN
- 1.1 Obxecto do anexo
- 1.2 Marco normativo e antecedentes
- 1.3 Metodoloxía e contido do documento ambiental

2. DESCRICIÓN XERAL DO PROXECTO
- 2.1 Situación da área de servizo
- 2.2 Descrición xeral das obras e instalacións

3. INVENTARIO DO MEDIO
- 3.1 Descrición do medio físico
  - 3.1.1 Climatoloxía
  - 3.1.2 Xeomorfoloxía, xeoloxía e chans
  - 3.1.3 Hidroloxía
- 3.2 Descrición do medio natural
  - 3.2.1 Vexetación e usos do solo
  - 3.2.2 Hábitats naturais
  - 3.2.3 Espazos naturais e áreas de interese natural
  - 3.2.4 Medio perceptual
- 3.3 Descrición do medio socioeconómico
- 3.4 Planeamento
- 3.5 Patrimonio histórico – artístico
- 3.6 Redes de transporte

4. ANÁLISE E AVALIACIÓN DE EFECTOS AMBIENTAIS
- 4.1 Fase de obras
  - 4.1.1 Factores ambientais
  - 4.1.2 Impacto potencial sobre o chan
  - 4.1.3 Impacto potencial sobre la atmosfera
  - 4.1.4 Impacto potencial sobre a hidroloxía
  - 4.1.5 Impacto potencial sobre a vexetación
  - 4.1.6 Impacto potencial sobre os Espazos Naturais Protexidos
  - 4.1.7 Impacto potencial sobre a paisaxe
  - 4.1.8 Impacto potencial sobre la fauna
  - 4.1.9 Impacto potencial sobre o medio socioeconómico
  - 4.1.10 Impacto potencial sobre o Patrimonio Cultural
  - 4.1.11 Resume dos potenciais impactos
- 4.2 Fase de explotación
  - 4.2.1 Impacto potencial sobre o solo
  - 4.2.2 Impacto potencial sobre a auga
  - 4.2.3 Impacto potencial sobre a atmosfera
  - 4.2.4 Efectos sobre a biocenose
  - 4.2.5 Impacto potencial sobre a paisaxe
  - 4.2.6 Outros

5. MEDIDAS PREVENTIVAS, CORRECTORAS OU COMPENSATORIAS
- 5.1 Medidas protectoras na fase de construción
  - 5.1.1 Chan
  - 5.1.2 Auga
  - 5.1.3 Aire
  - 5.1.4 Vexetación
  - 5.1.5 Fauna
  - 5.1.6 Medio socioeconómico
  - 5.1.7 Paisaxe
  - 5.1.8 Patrimonio cultural
- 5.2 Medidas correctoras na fase de explotación
  - 5.2.1 Contaminación das augas
  - 5.2.2 Contaminación do solo
  - 5.2.3 Contaminación atmosférica
  - 5.2.4 Outros
- 5.3 Medidas Correctoras

6. PROGRAMA DE VIXILANCIA AMBIENTAL
- 6.1 Situación preoperacional
- 6.2 Fase de obras
  - 6.2.1 Seguimento da contaminación da auga por sólidos en suspensión
  - 6.2.2 Plan de prevención contra incendios
  - 6.2.3 Plan de vertedura de sobrantes e plan de abastos
  - 6.2.4 Delimitación de áreas sensibles
  - 6.2.5 Parque de maquinaria
  - 6.2.6 Campaña de limpeza ao finalizar a obra
  - 6.2.7 Rega de pistas e accesos provisionais
- 6.3 Fase de explotación
  - 6.3.1 Tanques
  - 6.3.2 Surtidores
  - 6.3.3 Tubaxes
  - 6.3.4 Recuperación de vapores
  - 6.3.5 Augas residuais
  - 6.3.6 Sistemas de depuración

7. CONCLUSIÓNS E SÍNTESE.

ANEXO Nº7 – INCIDENCIA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

1. INTRODUCIÓN

1.1 Obxecto do anexo

O obxecto do presente estudo é realizar unha análise dende unha perspectiva medioambiental, de xeito que permita prever e avaliar os efectos que sobre o entorno poidan xerar a construción e explotación da Área de Servizo de Maside, situada no termo municipal homónimo na provincia de Ourense.

Para tal fin, determinaranse os aspectos do proxecto con capacidade de producir impactos sobre o medio, así coma sobre os seus elementos ou sobre os ecosistemas que o integran. Na análise dos impactos estudaranse aqueles orixinados durante a fase de construción e durante a fase de explotación da área.

1.2 Marco normativo e antecedentes

A crecente problemática medioambiental asociada á execución de proxectos industriais, urbanísticos ou de infraestruturas, derivou na necesidade de abordalos coa previa e simultánea realización dun estudo dos posibles efectos que sobre o entorno implica a súa execución.

A avaliación do impacto ambiental de proxectos constitúe o instrumento máis adecuado para a preservación dos recursos naturais e a defensa do medio ambiente.

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7:

1. *Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria os seguintes proxectos:*

   a) *Os comprendidos no anexo I, así como os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os albores do anexo I mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.*

   b) *Os comprendidos no apartado 2, cando así o decida caso por caso o órgano ambiental, no informe de impacto ambiental de acordo cos criterios do anexo III.*

   c) *Calquera modificación das características dun proxecto consignado no anexo I ou no anexo II, cando dita modificación cumpre, por si soa, os limiares establecidos no anexo I..*

   d) *Os proxectos incluídos no apartado 2, cando así o solicite o promotor.*

2. *Serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada:*

   a) *Os proxectos comprendidos no anexo II.*

b) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin o anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.

c) Calquera modificación das características dun proxecto do anexo I ou do anexo II, distinta das modificacións descritas no artigo 7.1.c) xa autorizados, executados ou en proceso de execución, que poida ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente. Entenderase que esta modificación pode ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente cando supoña:

1.º Un incremento significativo das emisións á atmosfera.
2.º Un incremento significativo dos vertidos a canles públicos ou ó litoral.
3.º Incremento significativo da xeración de residuos.
4.º Un incremento significativo na utilización de recursos naturais.
5.º Una afección a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.
6.º Una afección significativa ó patrimonio cultural.

d) Os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo II mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

e) Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos, sempre que a duración do proxecto non sexa superior a dous anos.

Este proxecto non se atopa incluído en ningún dos supostos recollidos na lexislación vixente. Tampouco se leva a cabo ou ten relación directa con ningún dos espazos naturais que forman parte da Rede Natura 2000 ou da Rede Galega de Espazos Protexidos, polo tanto, enténdese que non resulta necesaria a súa tramitación conforme ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria nin simplificada.

Os antecedentes administrativos que se tiveron en conta na redacción do presente Anexo foron os seguintes:

- Acordo do 29 de xullo de 1996 da Comisión Galega de Medio Ambiente polo que se formula, declaración de impacto ambiental do "Estudio informativo con avaliación de impacto ambiental da autoestrada Santiago – Ourense", nos concellos de Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, e A Estrada, Silleda, Lalín, Dozón, Rodeiro, O Irixo, Piñor, O Carballiño, San Cristovo de Cea, Maside, Vilamarín, Amoeiro, Coles, Punxín, Ourense e Pereiro de Aguiar; promovido pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

- Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que, en cumprimento do disposto na disposición adicional sétima da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, creouse a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A. co obxecto de levar a cabo as actividades de construción, explotación e conservación do tramo Alto de Santo Domingo – Ourense da autoestrada A – 53, Santiago de Compostela – Ourense.

- Decreto 310/2003, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 254/2003, do 24 de abril, polo que se crea a Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.

- Decreto 400/2003, do 6 de novembro, polo que se modifican os estatutos da Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, S.A.

- Decreto 432/2003, do 5 de decembro, polo que se regula a construción, explotación e conservación do treito Alto de Santo Domingo-A52 da autoestrada Santiago de Compostela – Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense e se establecen os termos da xestión.

- Con data 10 de abril de 2007, procédese á aprobación do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, AP – 53, autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo – A-52, Ramal a O Carballiño e Enlace de Maside, clave OU/03/042.01.6 (termo municipal de Maside).

- Con data do 3 de xuño de 2009, procédese á aprobación do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental, AP – 53, autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, tramo: Alto de Santo Domingo – A-52, Ramal a O Carballiño e Enlace de Maside. Modificado nº1, clave OU/03/042.01.6.M1 (termo municipal de Maside).

1.3 Metodoloxía e contido do documento ambiental

O presente documento estruturouse nos seguintes apartados:

a) Descrición do proxecto para identificar todos aqueles aspectos do mesmo que poidan producir un impacto negativo no entorno, tanto de forma directa como indirecta, considerando as fases de construción e posterior explotación.

b) Descrición do estado inicial da área, definindo o medio físico e socioeconómico do ámbito de estudo, con análise de tódolos sistemas naturais que poidan verse afectados pola obra e identificación de aqueles parámetros que poidan sufrir algunha alteración como consecuencia dos impactos que se xeran.

c) Identificación e avaliación dos impactos que se xeran sobre o entorno durante as fases de construción e explotación.

d) Proposta de medidas protectoras e correctoras que permitan corrixir e en todo caso minimizar os efectos negativos de maior transcendencia sobre o entorno natural.

e) Programa de vixilancia ambiental no que se expoñan as medidas que se levarán a cabo para comprobar que se cumpren as medidas protectoras e correctoras propostas.

f) Síntese, que resuma de forma clara e concisa, os aspectos máis relevantes do anexo de incidencia ambiental e paisaxística.

2. DESCRICIÓN XERAL DO PROXECTO


2.1 Situación da área de servizo

A área de actuación sitúase no termo municipal de Maside, na provincia de Ourense.



Cunha superficie de 40 km2, o concello de Maside sitúase na parte noroccidental da provincia de Ourense, distando da capital da provincia uns 20 km.

Pertence á comarca do Carballiño e limita cos seguintes concellos: polo norte co concello de San Cristovo de Cea, polo oeste co concello do Carballiño, polo sur co concello de San Amaro e polo leste cos concellos de Punxín e de Amoeiro, este último pertencente á comarca de Ourense.




O concello de Maside está situado entre os 200 e os 500 m de altitude. É unha superficie onde a paisaxe reúne características propias de terreos cun subsolo granítico, fracturado por presións tectónicas que orixinaron multiplicidade de pequenas fallas. En moitos casos condicionaron a dirección dos arroios e regueiros, dando lugar a mananciais de augas termais, como é o caso de A Rañoa.

Sempre figurou entre os concellos rurais máis poboados da provincia de Ourense e aínda que perdeu moita poboación ó longo dos últimos cincuenta anos por mor da emigración, principalmente cara países de Iberoamérica e Centroeuropa, segue a estar ben posicionado no conxunto provincial.

O territorio conta cun total de 63 poboacións repartidas nun total de nove parroquias:

- Santo Tomé de Maside
- Santa María de Amarante
- San Pedro de Garabás
- Santa María de Louredo
- San Xoan de Piñeiro
- San Miguel de Armeses
- San Mamede de Rañestres
- San Martiño de O Lago
- Santa Comba do Treboedo



A parcela na que se localiza a futura área de servizo pertence á parroquia de San Miguel de Armeses e atópase no linde co veciño concello de Punxín.

A área de servizo está situada entre os PPQQ 80+250 e 80+750 da autoestrada AG – 53. Alto de Santo Domingo – Ourense. A maior parte da actuación localízase na marxe esquerda de dita estrada, empregando só a marxe dereita para dotar de acceso á mesma.

As coordenadas UTM son:

X: 582420
Y: 4694180



Como se pode observar na imaxe da ortofoto, na actualidade só están executados os carrís de aceleración e de deceleración en ámbalas marxes, así como a rotonda, parte dos viarios de acceso e o paso superior.

A parcela conta cunha superficie irregular e atópase parcialmente explanada e sen vexetación e arboredo na súa parte máis central.

2.2 Descrición xeral das obras e instalacións

A área de servizo proxectada dará servizo a ámbalas marxes da autoestrada AG-53 e estará composta por un único edificio destinado a gasolineira, tenda e restaurante – cafetería, un área para caravanas e unha zona de esparexemento composta por merendoiro e parque infantil.

A gasolineira proxectada conta con 3 surtidores dobres para abastecemento de carburante, cun poste de subministro de auga e medición da presión dos pneumáticos, e con catro puntos de recarga de vehículos eléctricos. Na zona este do ámbito deixase unha superficie de reserva para a localización dunha futura zona de lavado.

O anteproxecto tamén contempla a execución do viario interior e a finalización dos carrís de acceso dende a autoestrada, así como a distribución das zonas de estacionamento para vehículos lixeiros e pesados e a delimitación das zonas verdes.

O acceso ó extremo este, no que se localiza a área de caravanas e a zona de esparexemento realízase ben a pé dende a gasolineira mediante sendas e unha pasarela ou ben en coche a través da rotonda de reparto.

Dótase a área de caravanas dos servizos necesarios de subministro de auga, evacuacións de augas residuais e subministro e recarga eléctrica. Para a zona de esparexemento contémplase a dotación do mobiliario urbano correspondente.

Todo o ámbito contará con rede de alumeado público, subministro de enerxía eléctrica, rede de depuración de augas residuais e rede de recollida de augas pluviais. Ademais, tendo en conta a natureza do presente anteproxecto establécese unha liña de depuración de augas carburadas

3. INVENTARIO DO MEDIO

A descrición do medio pre–operacional ten como finalidade definir e valorar o estado en que se atopa o medio natural e social antes da execución do proxecto.

Os aspectos do medio que se estudan nesta fase refírense ao medio físico, natural, socioeconómico, cultural e perceptual.

En calquera caso, a descrición destes elementos realizarase de forma sucinta para maior comprensión dos posibles efectos do proxecto sobre o medio ambiente.

3.1 Descrición do medio físico

3.1.1 Climatoloxía



Dentro dos grandes grupos climatolóxicos de España a zona de estudo atópase no denominado Clima Oceánico ou Atlántico, que se caracteriza por:

- Precipitacións abundantes (>800 mm anuais) e regulares, repartidas ó longo do ano (chove máis de 150 días ó ano), sendo maioritarias en inverno e mínimas en verán. Ningún mes está por debaixo dos 30 mm e non hai aridez estival. Esta abundancia de precipitacións débese á acción frecuente das borrascas da Fronte Polar e á proximidade das montañas ó mar que potencia a acción das borrascas (chuvias orográficas).
- Temperaturas suaves ó longo de todo o ano (media próxima a 15º) e amplitude térmica anual baixa (en torno a 10ºC). Debido á acción termorreguladora do Atlántico o inverno é moderado, sen xeadas, e o verán fresco.
- Variedades rexionais, pode diferenciarse un clima oceánico de transición ou interior, con precipitacións inferiores ás da franxa costeira e maior amplitude térmica (entre 12º e 15ª), con invernos máis fríos (baixan de 6º), consecuencia do carácter máis ou menos montañoso do terreo e da distancia da costa, o que reduce a influencia reguladora do mar.

Para unha clasificación climatolóxica do termo municipal máis precisa empregáronse os datos da dúas estacións máis próximas, as correspondentes a Amiudal no municipio de Avión e Ourense – Ciencias, no municipio homónimo.




A continuación, recóllese un resumo dos datos máis relevantes das dúas estacións:

AMIUDAL









RESUMO ANUAL

Tª media:	11.5	ºC	
Tª máx. media:	17.1	ºC	
Tª min. media:	7.3	ºC	
Tª máx. absoluta:	36.1	ºC	28/07/2010
Tª min. absoluta:	-4.2	ºC	12/02/2010
Humidade relativa:	74	%	
Chuvia total:	1443	mm	
Chuvia máxima diaria:	106	mm	03/10/2010
Días de chuvia (>0mm):	160		
Días de xeada:	40		
Horas de sol:	2335	h	
Irradiación media diaria:	1482	10kJ/m2	
Velocidade media do vento:	-	m/s	
Refacho máximo diario:	-	m/s	






OURENSE-CIENCIAS











RESUMO ANUAL

Tª media:	14.4	ºC	
Tª máx. media:	20.4	ºC	
Tª min. media:	9.5	ºC	
Tª máx. absoluta:	38.7	ºC	28/07/2010
Tª min. absoluta:	-2.7	ºC	13/02/2010
Humidade relativa:	73	%	
Chuvia total:	906	mm	
Chuvia máxima diaria:	75	mm	03/10/2010
Dias de chuvia (>0mm):	144		
Dias de xeada:	24		
Horas de sol:	2205	h	
Irradiación media diaria:	1364	10kJ/m2	
Velocidade media do vento:	1.7	m/s	
Refacho máximo diario:	18.8	m/s	03/10/2010









Observase, segundo os datos mostrados anteriormente, que a temperatura media anual da zona sitúase entre os 11,5ºC e os 14,4ºC. A temperatura máxima absoluta observada é de 38,7ºC e a mínima de -4,2ºC, sendo a media das máximas de 20,4ºC e a media das mínimas de 7,3ºC.

En canto aos datos pluviométricos, as precipitacións da zona na que se actúa son abundantes, cunha precipitación media anual oscilante entre 906 mm e 1.443 mm. O período máis húmido corresponde ós meses comprendidos entre outubro e marzo, nos que se concentra máis do 50% das chuvias. Os meses máis chuviosos son outubro e febreiro e o máis seco agosto.

Para obter a clasificación climática da zona recórrese á análise de tres índices térmicos que teñen en conta os datos de temperatura e precipitación medias. Estes son o índice de Dantin-Revenga, o índice de Lang e o índice de Martonne.

ÍNDICE DANTIN – REVENGA

Os parámetros obtéñense a partir dos datos de pluviometría e temperatura medios anuais da estación correspondente e veñen dados pola seguinte fórmula:

$$I_{DR} = \frac{100 \;\; x \;\; Temperatura \;\; media \;\; anual}{\Pr ecipitación \;\; media \;\; anual}$$

O seu criterio é o seguinte:

- 0<IDR<2: Climas húmidos.
- 2<IDR<4: Climas semiáridos e secos.
- IDR>4: Terreos áridos.

Aplicando dito índice ós datos obtidos das estacións meteorolóxicas, obtense o seguinte resultado:

	AMIUDAL	OURENSE – CIENCIAS
Temperatura media anual (ºC):	11,5	14,4
Precipitación media anual (mm):	1443	906
Índice de Dantin-Revenga:	**0,8**	**1,6**

Os dous valores correspóndense cun **clima húmido.**

ÍNDICE DE LANG

Este índice tamén relaciona a temperatura media anual e a precipitación anual a partires da seguinte fórmula:

$$I_l = \frac{Lluvia \;\; anual \;\; en \;\; (mm)}{Temperatura \;\; media \;\; anual \;\; en \;\; (°C)} = \frac{\Pr ecipitación}{Temperatura}$$

Sendo:

- 0<Il<20: Zona de desertos.
- 20<Il<40: Zona árida
- 40<Il<60: Zona húmida de estepas e sabanas
- 60<Il<100: Zona húmida de bosques ralos.
- 100<Il<160: Zona húmida de bosques densos.
- Il>160: Zona hiperhúmida de prados e tundras.

Aplicando os datos obtidos das estacións meteorolóxicas de referencia á fórmula indicada, obtense:

	AMIUDAL	OURENSE – CIENCIAS
Temperatura media anual (ºC):	11,5	14,4
Precipitación media anual (mm):	1443	906
Índice de Lang	**125,5**	**62,9**

Polo tanto, esta zona inclúese dentro da **Zona húmida de bosques densos** e **zona húmida de bosques ralos,** segundo nos desprazamos ó oeste ou o este, respectivamente.

ÍNDICE DE MARTONNE

Ó igual que nos casos anteriores, relaciona a precipitación anual e a temperatura media anual, e a súa expresión é:

$$I_M = \frac{\text{Precipitaciones}}{\text{Temperatura media anual} + 10°C}$$

Sendo:

- $0<I_M<5$: Desertos
- $5< I_M<10$: Semidesertos
- $10< I_M<20$: Etapas e países secos mediterráneos
- $20< I_M<30$: Rexión do olivo e dos cereais
- $30< I_M<40$: Rexión subhúmidas, prados e bosques
- $I_M>40$: Zona hiperhúmida de prados e tundras.

Para os datos obtidos, o Índice de Martonne toma os seguintes valores:

	AMIUDAL	OURENSE – CIENCIAS
Temperatura media anual (ºC):	11,5	14,4
Precipitación media anual (mm):	1443	906
Índice de Martonne	**67,1**	**37,1**

Tendo en conta os ratios adoptados por dito índice a zona atópase entre a **Zona hiperhúmida de prados e tundras** e a **Rexión subhúmida, prados e bosques** conforme nos acercamos á parte este do ámbito.

3.1.2 Xeomorfoloxía, xeoloxía e chans


Para a realización da aproximación á xeoloxía do ámbito de actuación utilizáronse os datos do mapa Xeolóxico de España, escala 1:50.000 do I.G.M.E.. A zona estudada atópase situada na zona máis Occidental da Península Ibérica e no leste da Provincia de Ourense. Xeoloxicamente atópase na zona centro ibérica do Macizo Hespérico, segundo a división da cadea hercínica da Península realizada por JULIVERT et al. (1974).



I: Zona Cantábrica
II: Zona asturoccidental leonesa
III: Zona centro Ibérica
IV: Zona de Ossa-Morena
V: Zona sur portuguesa

Galicia está situada morfoloxicamente no extremo noroccidental do Macizo Hespérico, estruturado sobre series metamórficas orto e paraderivadas do Precámbrico e do Paleozoico.

Atendendo ás características das rochas que afloran en Galicia, distínguense as seguintes zonas paleoxeográficas :



A: Zona Astur-Occidental Leonesa

B: Zona Centroibérica

Zona de Galicia-Tra-los-Montes:

C: Dominio esquistoso de Galicia-Tra-los-Montes

Complexos de rochas máficas e relacionadas:

D: Unidade de Malpica-Tui

E: Complexo de Ordes

F: Complexo de Cabo Ortegal

A zona Astur Occidental Leonesa é a de situación máis externa respecto ó eixe da cadea Hercínica. Ten forma de arco coa convexidade dirixida cara ó Oeste, a causa da deformación Hercínica. Consta de varias series metasedimentarias (de Villalba, de Cándana, de Os Cabos) con algunhas intercalacións calcarias. Abarca dende do Precámbrico ata o Cámbrico e o Devónico Inferior.


A zona Centroibérica ocupa un banda estreita. Son series vulcanosedimentarias, pedras de gra e pelitas de idade precámbrica que a consecuencia do metamorfismo hercínico transformáronse nos gneises porfiroides Ollo de Sapo, e diversas series de gneises, lousas, cuarcitas (entre elas a denominada cuarcita armoricana) e xistos.

A zona de Galicia-Tra-los Montes corresponde case ó núcleo do oróxeno hercínico. Nela distínguense:


- Dominio esquistoso de Galicia-Tra-los Montes. Abarca dende o Precámbrico ata o Devónico, e consta dunha complexa sucesión de lousas, xistos, cuarcitas, mármores, anfibolitas, migmatitas e vulcanitas metamorfizadas.

- Dominio das rochas máficas e relacionadas, componse de tres afloramentos: o complexo de Cabo Ortegal, o complexo de Ordes e a unidade de Malpica-Tui. Constan de series de xistos, lousas e gneises parecidos ós do dominio anterior e de rochas básicas e ultrabásicas como gabros, serpentinitas, eclogitas, anfibolitas e granulitas. Estas estruturas interpretáronse como anacos de codia oceánica e materiais subxacentes que durante a deformación hercínica foron empurrados ata quedar situados enriba de materiais continentais máis recentes.

Segundo a división de Lillo e outros, 1997, a zona de estudo atoparíase na zona C.



Das cinco zonas paleoxeográficas establecidas no NW da Península Ibérica por MATTE (1968), a zona da área de servizo obxecto do presente proxecto atópase na Zona IV “Galicia Media Tras Os Montes”.



A litoloxía no ámbito de estudo caracterízase pola presenta predominante de granitoides alcalinos, e depósitos detríticos da idade cuaternaria e xistos e metavulcanitas en menor grado.


No referente á xeoloxía económica os únicos materiais de interese no ámbito de estudo son os granitos de dúas micas e as granodioritas tardías.

Existen varias canteiras de granito na saída de Ourense, pola estrada de Pontevedra, e tamén nos arredores de O Carballiño.

Maior importancia teñen as existentes na granodiorita tardía da esquina suroccidental da folla nas proximidades de Ribadavia, que se usa como pedra de construción e ornamental.


En canto á hidroloxía subterránea, as posibilidades son escasas, por mor da falta de porosidade dos materiais paleozoicos. As únicas labores que deron algún resultado positivo son as escavadas aproveitando os "lem" graníticos formados por alteración "in situ" de granitos, e que conteñen sempre certa cantidade de auga.

Existen algúns mananciais de augas termais que foron aproveitados para a realizacións de balnearios, como é o caso de Partovía cerca de O Carballiño, As Burgas no centro da cidade de Ourense ou Chavasqueira e Outariz nas aforas.



3.1.3 Hidroloxía

Os cursos fluviais máis importantes no ámbito da actuación son:




Nas proximidades da área de servizo discorren pequenos cursos fluviais, como son o regato de Piñeiro e o arroio de Lisanco, cuxas augas van dar ó río Barbantiño ó sur do ámbito.

O río Barbantiño atravesa os concellos de Maside, Amoeiro e Punxín para aportar as súas augas ó río Miño augas arriba do encoro de Castrelos de Miño. O seu percorrido está salpicado de pequenas pontes e pasarelas, onde a presenza de vellos muíños da fe da súa importancia na economía local.

Para o acceso a estas edificacións percorríase unha serie de sendeiros que facilitaban o transporte de gran e o tránsito de persoas. Na actualidade levouse a cabo unha actuación ambiental da senda que aproveitando estes vellos camiños creou unha ruta respectuosa e adaptada en ámbalas marxes.

No relativo ós humidais, a Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio realizou o inventario dos humedais de Galicia (IHG), tomando como referencia para a súa elaboración a tipoloxía de brañas recollida na Convención Ramsar, determinándose como presentes en Galicia tipoloxías incluídas nos tres grandes grupos considerados: brañas mariñas e costeiras, brañas continentais e brañas artificiais.

A actuación que se formula non está situada ou non afecta directamente a ningunha zona Ramsar e os únicos humidais que se atopa nas proximidades son a Lagoa de Maside, a Fervenza e os humidais de A Esparreliña e Barrio.



Os principais datos destes humidais son:


CÓDIGO IGH	NOME	SUPERFICIE (HA)	UTM X	UTM Y
1130170	Lagoa de Maside	0,21	579245	4695513
1130172	Fervenza do Barbantiño	0,09	583770	4695000
1130027	A Esparreliña	1,58	585582	4687886
1130026	Barrio	0,41	588029	4688523

3.2 Descrición do medio natural

3.2.1 Vexetación e usos do solo

Para establecer os usos do solo recorreuse o Mapa de Coberturas e Usos de Solo de Galicia a escala 1.25000 do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Recolle a descrición dos diferentes usos do solo do territorio galego, a partires da clasificación en 48 clases que foron definidas desagregando as establecidas no proxecto Land Cover do programa europeo Corine. Xerouse mediante a fotointerpretación de imaxe dos satélites Landsat – TM Tematic Mapper) e Spot-P (Pancromatic) a escala 1:25000 con apoio de fotografías aéreas a escala 1:17000, acompañado de traballo de campo.



Na zona da actuación abundan os usos do solo dedicados a cultivos agrarios e prados, así como os ámbitos forestais de matos e especies arbóreas, ou especies caducifolias ou mestura de especies arbóreas.


Aínda que a parcela na que se localiza a área de servizo conta, segundo o mapa anterior, cun cultivo forestal preponderante de mato e especies arbóreas, así coma unha pequena superficie de mestura de especies arbóreas, coa execución da autovía xa quedou afectada parte da cobertura vexetal, permanecendo só nos lindes da parcela e en puntos diseminados.



3.2.2 Hábitats naturais

Os datos cartográficos do Inventario Nacional de Hábitat realizáronse para a aplicación en España da Directiva 92/43/CEE.

O Inventario Nacional de Hábitat foi realizado a escala 1:50.000 en todo o territorio nacional. Como traballo previo houbo que realizar unha adaptación da clasificación de hábitat do Anexo I a unidades sintaxonómicas cartografiables sobre o terreo.



A continuación procédese a describir o hábitats que se atopa no ámbito de estudo baseándonos no Manual de Interpretación de Hábitats da Unión Europea, sendo:

- COD: Código identificador do polígono.
- COD UE: Código (4 díxitos) dos hábitats do Anexo I da Directiva Hábitat.
- PRIOR.: Aparece un * nos hábitats prioritarios.
- ALIANZA.: Nome do tipo de hábitat segundo Anexo I ou DTI español.
- IN: Índice de Naturalidade do hábitat no polígono (1).
- COB.: Porcentaxe de superficie do hábitat con respecto á superficie do polígono.

Inventario Español de Hábitats Terrestre

COD	IN	COB	ALIANZA	Especies alianza	Nome fitosociolóxico	Nome xenérico	COD UE	PRIOR	Definición
81E025	2	95	Osmundo-Alnion (Br.-Bl., P. Silva & Rozeira 1956) Dierschke & Rivas-Martínez in Rivas-Martínez 1975	Arisarum proboscideum, Brachypodium gaditanum, Campanula primulifolia, Clematis campaniflora, Frangula alnus subsp. baetica, Holcus grandiflorus, Scrophularia laevigata, Scrophularia scorodonia.	Alisedas galaico-portuguesas	Alisedas	91E0	*	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)
309036	3	80	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991	Adenocarpus anisochilus subsp. anisochilus, Cytisus commutatus, Cytisus ingramii, Cytisus striatus subsp. striatus, Ulex europaeus.	Xesteiras con toxos.	Escobonales	4090	Np	Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga
309036	2	30	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991	Adenocarpus anisochilus subsp. anisochilus, Cytisus commutatus, Cytisus ingramii, Cytisus striatus subsp. striatus, Ulex europaeus.	Xesteiras con toxos.	Escobonales	4090	Np	Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga
303049	3	20	Daboecion cantabricae (Dupont ex Rivas-Martínez 1979) Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999	Alchemilla angustiserrata, Carex asturica, Centaurium scilloides, Cirsium filipendulum, Daboecia cantabrica, Erica ciliaris, Erica mackaiana, Festuca ovina subsp. hirtula, Festuca paniculata subsp. longiglumis, Laserpitium prutenicum subsp. doufourianum,	Brezal-toxal meso-xerófilo termo-mesotemplado galaico-portugues e galaico-asturiano setentrional	Brezal-toxais	4030	Np	Brezais secos europeos
823013	2	80	Quercion pyrenaicae Rivas Goday ex Rivas-Martínez 1965	Genista falcata, Physospermum cornubiense, Quercus pyrenaica.	Carballedas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica
823013	1	45	Quercion pyrenaicae Rivas Goday ex Rivas-Martínez 1965	Genista falcata, Physospermum cornubiense, Quercus pyrenaica.	Carballedas galaico-portuguesas	Carballedas	9230	Np	Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica


Da análise realizada no presente anteproxecto tamén se observa que a zona de actuacións circunscríbese dentro dun área potencial da especie Emys orbicularis, especie que conta cun Plan de Recuperación aprobado polo decreto 70/2013, do 25 de abril. Con todo, segundo artigo 6 de dito decreto as áreas potenciais asócianse ás masas de auga lenticas e zonas húmidas, así como, as súas correspondentes zonas de policía de 100 m. de largo en cada marxe, polo que, dado que as actuacións se realizarán sobre zonas actualmente xa degradadas, en áreas entre ramais da autovía, non cabe esperar afeccións á área potencial da especie.

3.2.3 Espazos naturais e áreas de interese natural

Na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) recóllense aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias, así como convenios internacionais. Nestes espazos naturais inclúense os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego: costas e rías, lagoas, ecosistemas fluviais, serras do interior, bosques, etc... A normativa autonómica que regula a protección está recollida na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos inclúense: Reservas Naturais, Parques Naturais, Parques Nacionais, Monumentos Naturais, Brañas Protexidas, Paisaxes Protexidas e ZEPVN (Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, incluídas na Rede Natura2000).

Neste caso, as actuacións recollidas no presente proxecto non se atopan incluídas en ningún destes espazos.



Ámbito de actuación

A Rede Natura 2000 créase ó abeiro da Directiva 92/43/CEE(actualiza os seus anexos I e II pola Directiva 97/62/CE), estando composta por aqueles lugares que por albergar hábitats naturais e hábitats de especies, se debe garantir o seu mantemento ou, no seu caso restablecemento dun estado de conservación favorable, incluíndo así mesmo aqueles espazos designados polos Estados membros de acordo ó establecido na Directiva 79/409/CE, derrogada pola Directiva 2009/147/CE.

A proposta galega de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) está composta por 59 espazos, todos eles declarados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004.

O único espazo natural que figura nas proximidades do ámbito de actuación é o Puzo do Lago, catalogado como Espazo Natural de Interés Local (ENIL) dende o 31 de xaneiro de 2014. Localízase no paraxe de A Groba, concello de Maside e ten unha extensión 30,6 has.


O Puzo do Lago nace nos restos dunha explotación mineira a ceo aberto da época romana que en Galicia tivo moi poucos referentes, e que co paso do tempo e tras un longo proceso de rexeneración e de naturalización espontánea, derivaron nunha pequena lagoa na que conviven flora e fauna únicas na zona.

A futura área de servizo está o suficientemente afastada deste recurso natural para considerar que a súa construción e explotación non incidirá negativamente na mesma.

3.2.4 Medio perceptual


Atendendo ás clasificacións da paisaxe de distintos autores e que se encontran dispoñibles no SITEB (Sistema de Información Territorial da Biodiversidade) da Web da Xunta de Galicia, obsérvase que a zona do proxecto se sitúa nas seguintes unidades paisaxísticas:

- Segundo a Clasificación da Paisaxe de Galicia en base á publicación "La Galice. Essai geographique d'interpretation d'un vieux complete agraire" (Bouhier, 1979), o ámbito de actuación atoparíase dentro da categoría de “viñas en terrazas” e a zona máis inmediata en “agras (zona central), como se pode observar no seguinte mapa.




Ámbito da actuación

- A partires da clasificación da paisaxe de Galicia en base ó "Atlas de los paisajes de España" (Mata Olmo & Sanz Herráiz, 2003) todo a zona de actuación e a súa contorna atópanse no ámbito denominado “Montes e vales atlánticos e subatlánticos”.



Ámbito da actuación

- Segundo a clasificación da paisaxe de Galicia en base á publicación "La expresión territorial de la biodiversidad. Paisajes y hábitats" (Ramil et al, 2005), toda a zona caerían dentro da delimitación denominada “chairas e vales interiores”.



Ámbito da actuación

3.3 Descrición do medio socioeconómico

Na seguinte ficha recóllense os principais datos socioeconómicos para o concello de Maside, no que se localiza a totalidade da actuación:

SOCIEDADE E POBOACIÓN

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Poboación total	2.906	1.408	1.498	2014	INE
de 0 a 15 anos	282	150	132	2014	INE
de 16 a 64 anos	1.597	832	765	2014	INE
de 65 e máis anos	1.027	426	601	2014	INE
Poboación estranxeira	62	31	31	2014	INE
Idade media	51,8	49,1	54,4	2014	IGE

Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Nacementos	13	7	6	2014	IGE-INE
Defuncións	53	30	23	2014	IGE-INE
Matrimonios	2			2014	IGE-INE
Saldo vexetativo	-40			2014	IGE-INE

Movementos migratorios	Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte
Á mesma provincia	68	100	2014	INE
A outra provincia	23	20	2014	INE
A outra comunidade	15	11	2014	INE
Estranxeiro	11	7	2014	INE

Paro rexistrado (1)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
Por idade					
Total	256	133	123	2014	CT
menores de 25 anos	22	15	7	2014	CT
outras idades	233	118	115	2014	CT
Por sectores de actividade					
Agricultura	17	7	10	2014	CT
Industria	30	20	10	2014	CT
Construción	44	42	2	2014	CT
Servizos	126	50	76	2014	CT
Sen emprego anterior	39	15	24	2014	CT

Eleccións	Dato	Período	Fonte
Censo electoral	2.584	2012	CP

Indicadores demográficos	Dato	Período	Fonte
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	4	2013	IGE
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	14,6	2013	IGE
Índice de envellecemento	306,4	2014	IGE
Idade media á maternidade	29,5	2013	IGE
Número medio de fillos por muller	0,8	2013	IGE
Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	-	2013	IGE

Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	-	-	2013	IGE

Alumnos matriculados no ensino non universitario	Dato	Período	Fonte
Total	249	2013	CCEOU
Educación infantil	53	2013	CCEOU
Educación primaria	123	2013	CCEOU
ESO	73	2013	CCEOU

Afiliacións en alta laboral	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
	839	471	368	2015/Setembro	SS

Afiliacións en alta laboral por sectores	Dato	Período	Fonte
Agricultura e pesca	44	2015/Setembro	SS
Industria	138	2015/Setembro	SS
Construción	101	2015/Setembro	SS
Servizos	554	2015/Setembro	SS
Nº de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social	77	2014	CT
Nº de contratos iniciais rexistrados	353	2014	CT

ECONOMIA

Agricultura	Dato	Período	Fonte
Número de explotacións de gando bovino	26	2014	IGE-CMR
Total bovinos	126	2014	IGE-CMR

Administración pública	Dato	Período	Fonte
Ingresos municipais	1.719.177	2013	MH
Impostos directos	357.225	2013	MH
Impostos indirectos	28.878	2013	MH
Taxas e outros	379.247	2013	MH
Rendemento medio do IRPF	9.992	2013	AEAT

Construción (2)	Dato	Período	Fonte
Número de vivendas a crear de nova planta	1	2014	IGE-MF
Variación neta do parque de vivendas	1	2014	IGE-MF
Número de edificios a crear de nova planta	1	2014	IGE-MF

Parque de vehículos	Dato	Período	Fonte
Total	2.588	2013	DGT
Turismos	1.863	2013	DGT
Vehículos turismo matriculados	26	2013	DGT

Sistema de contas	Dato	Período	Fonte
Renda dispoñible bruta por habitante	11.118,54	2009	IGE
Produto interior bruto por habitante	10.918	2012	IGE


Empresas (3)	Dato	Período	Fonte
Empresas por condición xurídica			
Total	208	2013	IGE
Persoas físicas	133	2013	IGE
Sociedades anónimas	4	2013	IGE
Sociedades de responsabilidade limitada	55	2013	IGE
Cooperativas	1	2013	IGE
Outras	15	2013	IGE

Empresas por actividade	Industria	Construción	Servizos	Período	Fonte
	26	48	134	2013	IGE

Empresas por estratro de asalariados	Dato	Período	Fonte
Sen asalariados	136	2013	IGE
De 1 a 2 asalariados	39	2013	IGE
De 3 a 5 asalariados	18	2013	IGE
De 6 a 9 asalariados	9	2013	IGE
De 10 a 19 asalariados	5	2013	IGE
De 20 a 49 asalariados	1	2013	IGE
De 50 a 99 asalariados	0	2013	IGE
De 100 a 249 asalariados	0	2013	IGE
De 250 ou máis asalariados	0	2013	IGE
Número de unidades locais	221	2013	IGE

A poboación no concello de Maside caracterízase por unha forte tendencia decrecente propia dos concellos rurais do interior da comunidade galega. Este feito queda reflectido nas seguintes táboas e gráficos:


ANO	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
POBOACIÓN	3252	3223	3190	3139	3128	3124	3160	3160	3130	3136	3078	3025	2985



Esta tendencia decrecente está causada fundamentalmente pola emigración, o abandono do rural cara as grandes cidades e un saldo vexetativo negativo. Na seguinte táboa recollese os resultados de nacementos, defuncións e saldo vexetativo dos últimos 40 anos:

Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. 1975-2014 (P)


Ano	1975	1976	1977	1978	1979	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989
Nacementos	47	57	44	36	34	19	4	4	12	29	39	30	26	36	21
Defuncións	50	53	55	52	49	27	11	12	16	53	46	51	44	52	51
Saldo vexetativo	-3	4	-11	-16	-15	-8	-7	-8	-4	-24	-7	-21	-18	-16	-30
Ano	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Nacementos	25	16	18	18	13	10	16	16	8	14	16	18	17	22	17
Defuncións	57	49	42	55	54	47	53	60	48	77	54	45	57	49	48
Saldo vexetativo	-32	-33	-24	-37	-41	-37	-37	-44	-40	-63	-38	-27	-40	-27	-31
Ano	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014					
Nacementos	13	10	17	18	13	9	16	6	12	13					
Defuncións	58	39	53	58	52	45	54	52	44	53					
Saldo vexetativo	-45	-29	-36	-40	-39	-36	-38	-46	-32	-40					



A continuación, preséntanse os datos referidos ó 2014 da poboación por sexo e rangos de idade. Pódese observar que a poboación presenta un envellecemento progresivo, con máis dun 50% da poboación por riba dos 50 anos.


CIFRAS POBOACIONAIS DE REFERENCIA. ANO 2014

IDADE	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	85 e máis
HOMES	29	63	57	46	68	75	82	109	112	84	95	113	73	116	95	106	70	63
MULLERES	31	37	57	23	41	68	112	80	93	98	94	97	100	119	111	122	104	145
TOTAL POR IDADE	2,0%	3,3%	3,8%	2,3%	3,6%	4,8%	6,5%	6,3%	6,9%	6,1%	6,3%	7,0%	5,8%	7,9%	6,9%	7,6%	5,8%	7,0%




No seguinte gráfico aparecen representada a poboación ocupada segundo as ramas de actividade:

Poboación ocupada segundo rama da actividade



A poboación para o ano 2011 en idade de traballar presentaba a seguinte relación con respecto á actividade económica:


Poboación maior de 16 anos segundo a relación coa actividade económica. Ano 2011




É salientable que a maior porcentaxe é a ocupada por xubilados e pensionistas e que xunto coas persoas paradas suman mais do 50 % da totalidade da poboación maior de 16 anos.

3.4 Planeamento

O concello de Maside rísese polas Normas Subsidiarias de Planeamento (en adiante NSP) aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 29 de outubro de 1985. Segundo o plano de ordenación o ámbito da actuación estaría clasificado como Solo non Urbanizable de especial protección:





Ademais, coa recente execución da autovía AG-53, cuxo proxecto xa contemplaba a localización da área de servizo, os terreos xa foron expropiados, polo que, na actualidade xa forman parte dominio público.

3.5 Patrimonio histórico – artístico

Na análise dos posibles xacementos arqueolóxicos e elementos patrimoniais afectados pola presente actuación realizouse un estudo dos elementos catalogados no vixente planeamento, así como as súas características.

As vixentes NSP non recollen elementos catalogados nin a súa protección, senón que para cada parroquia expoñen os "Valores estéticos das edificacións e conxuntos urbanos". Para a parroquia de San Miguel de Armeses só se refire á igrexa parroquial, ó pazo, ós muíños do río Listanco e á ponte de San Fiz.

Con todo, estes elementos non se atopan nas proximidades da zona de actuación, polo que, aínda impoñendo as áreas de protección descritas pola LOUG non se afectaría a ningún elemento patrimonial.

A posible afección sobre algún dos muíños do rego de Listanco debe estar incluída na análise de impactos da propia autovía, posto que, a zona máis próxima ó rego da nova actuación está composta pola rotonda e vías de acceso da marxe dereita, xa executadas conxuntamente coa propia autovía.

Dada a antigüidade das normas subsidiarias consultouse tamén o inventario actualizado da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o Concello de Maside. Para a parroquia de Armeses, na que se localiza a área de servizo, recolle os seguintes bens inmobles:

- Capela de Santa María
- Castro de Listanco
- Igrexa parroquial de San Miguel de Armeses
- Pazo de Listanco
- Ponte de San Fiz

A información que se recolle no inventario só se limita á súa denominación, localización no concello e parroquia e tipoloxía funcional, sen que se aporten coordenadas dos bens que permitan identificar unha posible afeccións das obras proxectadas.

Os novos bens catalogados tampouco se atopan nas proximidades da zona de actuación. A Capela de Santa María atópase no lugar de Outeiro, e se ben a autoestrada afectaba á contorna de protección da mesma, a área de servizo atópase a máis de 400 m, polo que non se verá afectada. Tampouco se atopa na área de protección do Castro de Listanco.

Co fin de descartar calquera afección nun ben protexido ou nas súas áreas de protección tamén se consultou a Memoria de Control e Seguimento Arqueolóxico do proxecto de contrución: "Autoestrada AG – 53 Santiago de Compostela – Ourense. Treito: Alto de Santo Domingo – A-52. Subtreito: Enlace de Cea – A-52" (Incluídos viadutos sobre os ríos Barbantiño e Miño).

A continuación exporanse as principais conclusión do documento arqueolóxico referidas á contorna do P.Q. 80, no que localiza á a área de servizo e ó denominado Vertedoiro 3, que linda coa área polo este.

No apartado Antecedentes Administrativos. Patrimonio cultural do punto 1. Introdución e antecedentes a memoria refírese ó Informe de Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 23 de marzo de 2006, no que se informa favorablemente o trazado do proxecto, pero tendo en conta varias consideración en función da tipoloxía dos bens:

- ET – 35 Ermida de Santa María de Outeiro: As obras interfiren no contorno de protección de 100 m arredor, polo que, deberá poñerse especial atención no acondicionamento de terrapléns e desmontes plantando especies arbustivas autóctonas se fose necesario, de cara a palialo posible impacto visual.

- No elemento Cruz Gravada e a proximidade ó xacemento de Mosteiro (GA32045025) localizado no contorno da igrexa parroquial, dada a existencia deste gravado e a posibilidade de achado de restos arqueolóxicos nesta área proponse: 1. Establecer un área de cautela entre os P.P.Q.Q. 79+500 e 79+920 no entorno da cruz gravada e o xacemento de Mosteiro, que deberá ser balizada e indicada en planos de obra. 2. Con carácter previo deberá levarse a cabo a documentación e rexistro da rocha co gravado, a súa localización precisa e estudar modificar a obra que o afecta, camiño de servizo, cara a súa conservación in situ. A nova proposta deberá remitirse a esta Dirección Xeral para o seu informe. 3. Limpeza, prospección intensiva e realización dunha intervención arqueolóxica de sondaxes valorativas mecánicas no ámbito da superficie cautelada, co fin de determinar o potencial arqueolóxico da mesma.

- No elemento de O Mourozón A – 11 (GA32045014) e a área de influencia deste xacemento (A – 12) dada a posibilidade de achado de restos arqueolóxicos nesta área, e a dificultade de localizar correctamente o xacemento, é polo que se propón:1. Establecer un área de cautela entre os P.P.Q.Q. 79+900 – 80+200 no entorno do xacemento de O Mourozón, que deberá ser balizada e indicada nos planos de obra. 2. Limpeza, prospección intensiva, e realización dunha intervención arqueolóxica de sondaxes arqueolóxicas manuais e, no seu caso, mecánicas de carácter valorativo no ámbito da superficie cautelada, co fin de determinar o potencial arqueolóxico da mesma, como paso previo, no seu caso, dunha escavación arqueolóxica en área.

No resumo da actuación indícase que os traballos de control e seguimento arqueolóxico deron comezo con data 15 de setembro de 2006 e finalizaron o 11 de outubro de 2008 e consistiron basicamente no control dos movementos de terra da execución do proxecto construtivo da obra de referencia así como tamén a avaliación de impacto de diferentes zonas destinadas a vertedoiros de sedimentos sobrantes.

No punto 6 do informe recóllense os resultados, así como os impactos e o cumprimento das medidas correctoras. Na contorna da área de servizo refírese a:

<u>A – 10 Cruz Gravada e topónimo Mosteiro Vello</u>

- Impacto: moderado – severo
- Medida correctora en avaliación de impacto arqueolóxico: documentación do gravado, traslado, sondaxes valorativas mecánicos.

Traballos de control e seguimento arqueolóxico:

En conto ó soporte ca cruz gravada, finalmente axustáronse as unidades de obra (camiño de servizo) para que o elemento non se vira sometido a unha afección directa. Neste sentido hai que mencionar que se eliminou o impacto directo, aínda que o soporte quedou próximo da cabeza do noiro do tronco da autoestrada, se ben pola contra o elementos goza dun fácil acceso.

Durante os meses posteriores á intervención de sondaxes valorativas realizouse un seguimento dos movementos de terra nos P.P.Q.Q. cautelados. Os resultados foron igualmente negativos dende o punto de vista arqueolóxico.

Traballos de sondaxes:

Do 19 de decembro ó 2 de outubro leváronse a cabo baixo a dirección do arqueólogo Rafael Dorribo Cao a intervención arqueolóxica na zona concretada na apertura dunha serie de gabias manuais e na limpeza da contorna do soporte ca cruz gravada. Os resultados da intervención foron negativos e foron recollidos na Memoria Técnica da intervención remitida á D.X.P.C.

Ademais, axuntan as seguinte imaxes da zona:



Detalle de una de las zanjas mecánicas durante los sondeos en Mosteiro Vello.



Localización del bolo granítico con la cruz grabada en el entorno del camino de servicio.

<u>A – 11 Mourzón GA32045014 e A – 12 área de influencia de Mourozón GA32045014</u>

- Impacto: moderado – severo
- Medida correctora en avaliación de impacto arqueolóxico: sondaxes manuais e mecánicas.

Traballos de control e seguimento arqueolóxico:

Durante os meses posteriores á intervención realizouse un seguimento dos movementos de terra nos P.P.Q.Q. cautelados. Os resultados foron igualmente negativos.

Traballos de sondaxes:

O traballo de campo foi realizado do día 5 ó 16 de setembro de 2006, traballo consistente na apertura de 9 sondaxes valorativas manuais, 8 de 4x4 m e 1 de 3x6 m (un total de 146 m^2) e 10 sondaxes mecánicas

concretadas en gabias de diferentes lonxitudes (os resultados foron comunicados formalmente en forma de Memoria Técnica).

A hipótese de traballo fundamentábase na posibilidade de documentar ou descartar, dentro da banda de expropiación e ocupación da superficie acoutada para a construción da autoestrada algún tipo de evidencia vinculada ó posible xacemento medieval O Mourozón.

As áreas abertas da intervención foron formuladas sobre a base dun sistema de mostraxe aleatorio que se formulou e reorientou unha vez revisada a zona limpa de vexetación (despexada debido a un incendio recente). Tralos resultados negativos das sondaxes manuais, e dada a amplitude da superficie de intervención (300 metros lineais) realizáronse toda unha serie de gabias mecánicas (un total de 10) na zona intervida, tamén con resultados negativos.

A raíz da análise de conxunto de tódalas sondaxes cabe mencionar 2 situacións estratigráficas diferenciadas en todos eles coa identificación dunha estratigrafía natural dual para o total da área sondada. Por un lado atopámonos con solos de desenvolvemento aluvio – coluvial a base de areas limosas e limos areosos e por outro lado cuns solos cun horizonte A, de recente desenvolvemento e escasa potencia, actualmente con restos de carbóns debido a un recente incendio, un horizonte B que se corresponde cun nivel de transición ó substrato a base de xabre en grado de descomposición IV e V, nun caso detectado roca (granito) e un horizonte C que se corresponde cun substrato a base de roca granítica.

A partir de aquí e sobre esta base estratigráfica xenérica de formación natural documéntanse diferentes niveis de manipulación antrópica bastante recentes que distorsionan esta lectura tipo. No referido ós materiais documentados hai que destacar a presenza de cerámicas contemporáneas de alfares tradicionais, tal é o caso de Niñodaguia e Chamas do Mouro, así como outras pezas vidradas de cociña, todo elo hai que poñelo en relación cas chamadas cerámicas de cuadra.

A pesar de tratarse dunha zona de teórico potencial arqueolóxico, os resultados para zona intervida foron negativos dende o punto de vista arqueolóxico xa que non se detectou ningún indicio arqueolóxico de entidade.

No informa axúntanse as seguintes fotos:



Obras de construcción tras la liberación de cautela en el entorno de Mourozón.



Uno de los sondeos manuales de 4x4m y material cerámico contemporáneo asociado.



Zanja mecánica.

No punto 6.3 da memoria trátase a avaliación do impacto nas zonas de vertedoiro. Como xa se indicou en parágrafos anteriores, ó obxecto do presente anteproxecto só interesa o vertedoiro situado no P.Q. 80+750, que linda polo este coa área de servizo. Ó longo da memoria refírense indistintamente coa numeración 3 ou 4, polo que, para evitar confusións neste documento se atenderá ó P.Q. no que se atopa.

Na informe indícase que se localiza na marxe esquerda da obra, anexa á mesma, nun área de morfoloxía rectangular irregular de aproximadamente 37.000 m^2 e que a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural na zona se realizou na 2ª quincena de 2006 e que os resultados foron negativos. Ademais, axúntase unha fotos da súa localización, lindeira coa área de servizo:







Obras en al inicio del vertedero del área de servicio de Maside. En 2º plano a la izqda. Castro de Santa Mariña

O vertedoiro atópase nas proximidades do Castro de Santa María, elemento arqueolóxico GA32045011, polo que se enviou un informe detallado da afección do vertedoiro sobre o mesmo marcando as zonas de protección tanto as que figuran para aprobación no P.X.O.M. do concello de Maside como as áreas tomadas de forma xenérica segundo as N.N.S.S. Ademais disto remítese unha detallada documentación planimétrica coa planta e seccións, así como unha proposta de rexeneración vexetal.

No entorno da roza da área de servizo de Maside detectouse a presenza dun conxunto composto por 10 fragmentos cerámicos, un elemento metálico e un elemento lítico. Foron recollidos nunha visita dos técnicos da Delegación de Cultura de Ourense e postos en coñecemento do director dos traballos de control e seguimento arqueolóxico.

Estes materiais foron localizados posiblemente en posición derivada nunha zona alterada e destinada a vertedoiro de sedimentos na área de servizo de Maside, no lugar de Regas da Viña á altura do P.Q. 80+700.

A súa localización primixenia deriva (aínda que sen descartar que a súa posición orixinal poida estar alí) posiblemente, da zona de desmonte localizada entre os P.p.Q.Q. 79+500 e 79+920, é dicir, nas inmediacións da zona que figuraba como topónimo Mosteiro Vello e que tras unha intervención arqueolóxica consistente en sondaxes valorativas os resultados foron negativos.

No informe recóllese o rexistro de cada unha das pezas atopadas, así como fotografías das mesmas e da zona na que foron atopadas:

sigla	naturaleza	descripción	Ads. cultural	observaciones
MVM-07-1	Cerámica	Galbo cerámico a torno, erosionado, de coloración marrón-anaranjada. Presenta desgrasantes graníticos de gran tamaño (>3mm)	indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-2	Cerámica	Galbo cerámico a torno, de coloración negra en ambas caras. Presenta una pasta compacta y homogénea y abundan los desgrasantes micáceos.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-3	Cerámica	Pequeño galbo cerámico, bastante erosionado. Pasta bicroma (marrón y anaranjada) y abundante presencia de desgrasantes de medio y gran tamaño.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-4	Cerámica	Galbo cerámico a torno, de un cacharro de grandes proporciones. Coloración grisácea en ambas caras. Presenta una pasta compacta y homogénea y líneas de torno en pared interna.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-5	Cerámica	Galbo cerámico muy erosionado perteneciente a teja o ladrillo. Coloración rojiza con abundante presencia de desgrasantes de cuarzo.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-6	Cerámica	Pequeño fragmento de cuello de una olla, de coloración negruzca y de buena calidad con una pasta compacta y homogénea dónde abundan los desgrasantes micáceos.. En su cara externa presenta un detalle decorativo plástico en base a un cordón lineal en disposición horizontal. Presenta un acabado en base a un espatulado de torno en su pared interna.	Indeterminada-s. XV-XVI	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-7	Cerámica	Borde cerámico de una olla, de coloración negruzca y de buena calidad con una pasta compacta y homogénea dónde abundan los desgrasantes micáceos. En su cara externa presenta un detalle decorativo plástico en base a un cordón lineal en disposición horizontal. Presenta un acabado en base a un espatulado de torno en su pared interna.	s. XV-XVI	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.716, Y: 4.694.149
MVM-07-8	Cerámica	Pequeño galbo cerámico a torno, bastante rodado. Presenta un acabado en base a un espatulado en su pared interna.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.660, Y: 4. 694.162
MVM-07-9	Cerámica	Pequeño galbo cerámico a torno, bastante rodado, de coloración negruzca su cara externa.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.660, Y: 4. 694.162
MVM-07-10	Cerámica	Pequeño fragmento cerámico a torno, bastante rodado galbo de coloración anaranjada su cara externa. Presenta en su pared externa una sutil línea incisa.	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.660, Y: 4. 694.162
MVM-07-11	Metal	Fragmento metálico informe con placa de óxido en su superficie	Indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.660, Y: 4. 694.162
MVM-07-12	Lítico	Fragmento de mano de molino en granito. Presente ambas caras abrasionadas, al igual que el canto, aunque éste en menor medida.	indeterminada	Localizado en superficie. Coordenadas UTM: X: 582.660, Y: 4. 694.162



Conjunto cerámico



Sigla MVM-07-7. Borde de olla s. XV-XVI



Sigla MVM-07-12. Mano de molino





Vista general dónde se recogen los materiales

O conxunto de materiais pode englobarse cronoloxicamente en época moderna en torno ó século XVI. De entre tódalas pezas unicamente son individualizables dous fragmentos de pota do século XV – XVI e por extensión poderíanse correlacionar co paquete de materiais que foron atopados nas mesmas coordenadas, aínda que

isto habería que tomalo con cautela pois os materiais están en posición secundaria polo que a súa posición estratigráfica orixinal é imprecisa. Ademais son fragmentos moi xenéricos e que poden atoparse tanto dende a época tardorromana ata practicamente época contemporánea.

Por tanto, a modo de hipótese, tendo en conta o conxunto material e a súa probable área de localización primixenia antes de ser trasladados e depositados no vertedoiro, puideran tratarse de restos vinculados ó lugar de Mosteiro Vello. Cerca da igrexa de S. Miguel de Armeses, existe, segundo consta en fontes documentais, o lugar de "O Mosteiro" GA32045025. Neste lugar erixiuse na Idade Media un mosteiro da orde de Alcántara.


No que respecta ó elemento lítico trátase dunha man de muíño de granito fragmentada cuxa aparición non é usual en cronoloxías tan recentes e cuxa tipoloxía pódese rastrear dende épocas prehistóricas. Tampouco hai que descartar a posible relación co próximo Castro de Santa Mariña que se atopa a algo máis de 300 metros de distancia en dirección NE.

Para a identificación dos materiais usouse a seguinte sigla: MVM-07-01 (materiais vertedoiro Maside, ano 2007, nº correlativo do 1 ó 12) e foron depositados no Museo Provincial de Ourense en data 17/04/2009.

Ó final do presente anexo pódense consultar os planos da zona que forman parte da memoria de control e seguimento arqueolóxico e que constatan que no ámbito de actuación da área de servizo non se afecta a ningún ben catalogado nin a súa zona de protección.

3.6 Redes de transporte

Na seguinte imaxe reflíctense as principais redes de transporte próximas ó ámbito da actuación:



Ámbito da actuación

Na zona de estudo destaca á autovía AG – 53, de titularidade autonómica e da que formará parte a futura área de servizo. O sistema viario complétase coas seguintes estradas:

- AG – 54, tamén de titularidade autonómica e que comunica a AG – 53 co núcleo de O Carballiño
- N – 541, que une as localidade de Ourense e Pontevedra e pertencente á rede estatal
- OU – 203, da rede autonómica
- OU – 0205, de titularidade provincial

A rede de transportes complétase coa liña do AVE Ourense – Santiago, e coa antiga liña convencional de ferrocarril que facía o mesmo traxecto, hoxe en desuso.

4. ANÁLISE E AVALIACIÓN DE EFECTOS AMBIENTAIS

O obxecto deste apartade é identificar e avaliar os efectos previsibles sobre os recursos naturais e culturais nos que exista unha clara relación causa/efecto en modo, tempo e espazo, imputable ás actividades relacionadas dun modo directo ou indirecto coa execución da obra e posterior explotación do servizo.

A avaliación dos impactos realizarase considerando os factores que se relacionan a continuación:

- A calidade ambiental do recurso afectado, avaliada en función do grao de conservación dos recursos, das restricións impostas ó seu manexo, da súa importancia socioeconómica, etc.
- A magnitude da afección determinada en cada caso por parámetros relacionados con esta, tales como a superficie que se rozará dunha formación de vexetación ou a superficie de ocupación.

En termos xerais dirase que a importancia dun efecto ambiental é de **incidencia alta**, cando:

- Se afecte a unha superficie importante, en termos relativos, do territorio ocupado por un recurso natural ou cultural con características ambientais destacadas, xa sexa pola súa singularidade, rareza, polo seu grao de protección, ou por calquera outro criterio xustificado que permita definilo como de calidade ambiental alta.
- Sexa previsible unha modificación das características fundamentais dos recursos afectados ou dos seus procesos fundamentais de funcionamento, que poida producir no futuro repercusións apreciables nestes, independentemente da consideración de medidas protectoras e/ou correctoras.

Pola contra, o efecto ambiental definirase como de **incidencia mínima**, cando:

- Se afecte a unha superficie de escasa magnitude, en termos relativos do territorio ocupado polo recurso en cuestión.
- Se afecte a un recurso natural ou cultural de características ambientais non destacables pola súa singularidade, rareza ou grao de protección.
- Sexa previsible unha modificación pouco significativa das características fundamentais dos recursos afectados ou dos seus procesos fundamentais de funcionamento.

En canto á magnitude do efecto ou risco ambiental definirase do seguinte xeito:

- Dirase que un efecto é **compatible** cando o recurso natural ou cultural afectado sexa capaz de asumir os efectos ocasionados sen que iso supoña unha alteración das súas condicións iniciais nin do seu funcionamento, non sendo necesario adoptar medidas preventivas, protectoras, correctoras ou mitigadoras.
- Un efecto considerarase **moderado**, cando a recuperación do funcionamento e características fundamentais dos recursos naturais e culturais afectados requira a execución dunha serie de medidas con algunha das características seguintes:
  - Simples na súa execución (quedan excluídas as técnicas complexas).
  - De custo económico baixo.
  - Que sexan fiables; deben existir experiencias que permitan asegurar unha recuperación das

condicións iniciais a medio prazo (período de tempo estimado en menos de 10 anos).

- O efecto considerarase **severo** cando a recuperación do funcionamento e características dos recursos afectados requira a execución de medidas que cumpran algunha das seguintes condicións:
  - Tecnicamente complexas.
  - De custo económico elevado.
  - Que existan experiencias que permitan asegurar unha recuperación das condicións iniciais a longo prazo (estimado como un período de tempo superior a dez anos); ou ben que non haxa evidencias ou indicios que permitan asegurar que a recuperación das condicións iniciais terá lugar nun prazo inferior
- O efecto cualificarase coma **crítico** cando non sexa posible a recuperación do funcionamento e características fundamentais dos recursos afectados, nin sequera coa adopción e execución de medidas preventivas, correctoras ou compensatorias; recuperándose en todo caso, coa adopción e execución das devanditas medidas, unha pequena magnitude dos recursos afectados, do seu funcionamento e características fundamentais.

ESCALA DE VALOR OU CUALIFICACIÓN DOS PARÁMETROS CONSIDERADOS	
INCIDENCIA	**MAGNITUDE**
Mínima	Mínima
Baixa	Compatible
Media	Moderada
Alta	Severa
Moi alta	Crítica

4.1 Fase de obras

4.1.1 Factores ambientais

A partir das características físicas, naturais, perceptuais e culturais da zona de estudo, identificaranse os factores ambientais que poderían verse alterados tanto en fase de execución das obras coma en fase de explotación:

MEDIO FÍSICO	**Aire**	*Nivel de contaminantes*
		Confort sonoro
	Chan	*Ocupación de solo*
		Edafoloxía
		Procesos erosivos
	Augas	*Calidade físico – química*
		Calidade biolóxica
MEDIO BIÓTICO	**Vexetación**	
	Fauna	
	Procesos no medio biótico	*Pautas de comportamento*
		Mobilidade especies
		Ciclos de cría e reprodución
		Hábitats e espazos naturais
MEDIO PERCEPTUAL	**Incidencia visual**	
	Calidade	
	Fraxilidade	
MEDIO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL	**Poboación**	
	Actividades	
	Infraestruturas	
	Patrimonio Cultural	
	Economía	
	Usos do chan	

4.1.2 Impacto potencial sobre o chan

En resumo, a intensidade do impacto ó relevo orixinal e ós chans é proporcional á superficie ocupada e á magnitude dos noiros xerados. No presente caso a superficie afectada para a área de servizo é mínima en comparación coa ocupada pola autovía da que forma parte. Ademais, hai que ter en conta que parte do movemento de terras xa tivo lugar coa execución da infraestrutura.

Polo tanto, en virtude de todo o exposto prevese que o potencial impacto sobre o chan será de **intensidade mínima** e de **magnitude mínima**.

4.1.3 Impacto potencial sobre la atmosfera

Os impactos na calidade do aire pódense presentar polo aumento das partículas en suspensión e dos niveis sonoros.

A magnitude dos traballos a realizar, fai que a cantidade de po producida aínda que mínima, poida xerar certo impacto no ámbito, polo que será necesario adoptar medidas protectoras para minimizar estas emisións

durante a fase de construción, como son o rego das áreas de traballo, a cubrición das cubetas de transporte dos materiais áridos mediante lonas, a restrición dos traballos os días de vento, etc. Tamén se producirá emisión de gases de efecto invernadoiro á atmosfera procedente da maquinaria de obra, que debe ser amortecida mediante a correcta posta a punto dos motores de combustión, o emprego de silenciadores, etc.

Non obstante, as labores de construción do proxecto teñen carácter temporal e os impactos producidos por cambios na calidade do aire cesarán unha vez que finalicen as obras.

Como consecuencia da actividade da maquinaria durante as obras (afirmado, trasfego de maquinaria, etc.) producirase un aumento dos niveis sonoros nas zonas circundantes. Estas alteracións serán especialmente significativas polo entorno da obra (zona poboada), así como, nas zonas de fauna máis sensibles ó ruído. Non obstante, a devandita actividade cesará durante o horario nocturno.

Segundo o exposto considérase o potencial impacto como de **intensidade baixa** e de **magnitude compatible**.

4.1.4 Impacto potencial sobre a hidroloxía

A calidade das augas pódese ver afectada por verteduras accidentais debido ó movemento e estacionamento de maquinaria na zona, e da manipulación de materiais de construción, aumentando os niveis de graxas e hidrocarburos. Para evitalos derrames, teranse en conta as correspondentes medidas preventivas e correctoras respecto á xestión de residuos.

A explanación da zona pode supoñer puntuais modificacións da drenaxe natural e a escorrentía durante a fase de construción, quedando restituída e mellorada unha vez rematadas as actuacións.

Tendo en conta as características das obras, pode estimarse que a **incidencia do potencial impacto será baixa** e a **magnitude compatible**.

4.1.5 Impacto potencial sobre a vexetación

As afeccións previstas produciranse sobre unha vexetación de escaso valor, posto que, a eliminación da maior parte da cobertura vexetal do ámbito foi levada a cabo durante a fase de execución da autovía.

Unha coidadosa reformulación da zona de obras, así coma o seu correcto balizamento, evitará as posibles afeccións sobre formacións vexetais fora da zona de actuación.

O propio anteproxecto contempla unha rexeneración forestal nos lindes da parcela que sirvan de transición cara as zonas máis arborizadas.

Tendo en conta o anterior e sumado á pouca superficie utilizada, é polo que se considera que o efecto será asumible polo medio, xa que se entende que a **incidencia do potencial impacto será mínima** e a **magnitude mínima**.

4.1.6 Impacto potencial sobre os Espazos Naturais Protexidos

Para o análise das actuacións que teñen algún tipo de afección a zonas protexidas ambientalmente comprobáronse as seguintes figuras de protección.

- Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA)
- Parques naturais
- Humidais de importancia internacional (RAMSAR)
- Paisaxes naturais
- ENIL Espazos naturais de interese local
- EPIN Espazos privados de interese natural
- Arbores senlleiras ou mouteiras protexidas
- Reservas de caza
- Monumentos naturais
- Hábitats (Directiva 92/43/CEE)
- Inventarios de humidais de Galicia
- Reservas da Biosfera
- Sitios de interese natural
- Coutos de pesca
- IBA (Areas importantes para las aves)

As actuacións do presente proxecto non discorren polo interior de ningún espazo definido na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP).

Debido a que a actuación prevista executarase sobre unha superficie xa alterada como parte da autovía, non se contempla afección sobre as figuras anteriormente indicadas, polo tanto, o efecto pode considerarse de **incidencia baixa** e de **magnitude compatible**.

4.1.7 Impacto potencial sobre a paisaxe

Neste caso, non se vai producir un descenso da naturalidade paisaxística do ámbito, xa que como se citou anteriormente a maior parte xa se atopa explanado, polo que pode considerarse un potencial impacto de **incidencia mínima** e de **magnitude mínima**.

Ademais, o proxecto contempla a execución dunha importante superficie de zonas verdes e dunha rexeneración forestal como zona de transición cara as masas arborizadas das parcelas lindeiras, en contraste co estado actual moi descoidado.

4.1.8 Impacto potencial sobre la fauna

As afeccións sobre a fauna están asociadas á desaparición da cuberta vexetal, polo que, as actuacións levadas a cabo non producirán a destrución do hábitat, posto que, a maior parte da mesma xa foi eliminada coa execución da autovía.

No referente ó efecto barreira, a nova actuación non incrementará o xa xerado pola totalidade da infraestrutura, posto que, na actualidade a zona xa se atopa cercada para evitar o paso dos animais á autovía. Ó sur do ámbito, o viaduto sobre o río Barbantiño, actúa como paso de fauna, mitigando dito efecto barreira.

Tampouco é previsible un efecto de consideración (por alteracións debidas ó ruído e ó tránsito de vehículos e maquinaria) sobre as especies do ámbito en virtude da pequena entidade do proxecto, polo que é de supoñer que se afarán con relativa rapidez á nova situación orixinada polo proxecto.

En función do exposto, é previsible que a fauna desprazada durante a fase de obras retorne á área que lle é propia unha vez que finalicen estas. Polo exposto pódese considerar o potencial impacto sobre a fauna como de **incidencia baixa** e de **magnitude compatible**.

4.1.9 Impacto potencial sobre o medio socioeconómico

Céntrase, por unha banda, nos efectos negativos directos sobre a poboación afectada, e en concreto, sobre a perda de bens e rendas dos propietarios. Os efectos prodúcense como consecuencia das expropiacións e a afección directa/indirecta da execución da obra e da súa explotación sobre o medio de vida da poboación afectada.

A necesidade de chan para a construción da nova infraestrutura, implica proceder á expropiación dos terreos sobre os cales se asenta, o que supón o cambio de titularidade, a expropiación de vivendas naves industriais, o abandono das explotacións e, en xeral, a redución de terras de cultivo.

No presente caso, as expropiación xa están executadas, posto que se levaron a cabo conxuntamente coas da propia autovía, polo que, neste sentido non haberá impacto sobre o medio socioeconómico

En canto á compatibilidade da actuación coa produtividade secundaria, en concreto con explotacións mineiras existentes, no ámbito analizado non se localiza ningunha fronte de explotación activa, polo que non existirá ningún tipo de afección neste sentido.

En relación á pesca, dado que os efectos sobre as augas se supuxeron de baixa entidade, e que non se prevén afeccións sobre os coutos de pesca máis próximos, non se considerarán efectos neste sentido. Na contorna da actuación só figura o couto do Río Barbantiño, con categoría de pesca sen morte e unha lonxitude de 6,3 km entre a fervenza do Barbantiño e a ponte sobre a estrada N-120.

Os posibles efectos sobre a rede viaria derivados da execución do proxecto son debidos á utilización e ocupación do viario existente durante a fase de obras. Así, cabe esperar un aumento de tráfico, o que pode ocasionar efectos e interferencias sobre o existente, podendo producir afeccións sobre a circulación (retencións, impedimentos, ralentización), aínda que, sempre que se teña en conta a priori e se establezan as medidas oportunas (sinalización de obras), non é de esperar un efecto significativo.

Segundo todo o anterior, pode deducirse que non se producirán afeccións significativas, polo que o potencial impacto negativo sobre este medio será de **incidencia baixa e magnitude compatible**.

4.1.10 Impacto potencial sobre o Patrimonio Cultural

A priori, coa información dispoñible no momento en que se redacta o presente documento, derivada do considerado nas normas urbanísticas vixentes no concello de Maside, no inventario actualizado da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da información obtida no control e seguimento arqueolóxico realizado durante a construción da estrada AG – 53,non se prevé risco de destrución ou deterioración do patrimonio, no marco do establecido no artigo nº 32, da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Por estes motivos, pode considerarse un potencial impacto de **incidencia mínima** e de **magnitude mínima**.

4.1.11 Resume dos potenciais impactos

Na táboa seguinte reflíctese a síntese do exposto nos apartados precedentes, que constitúe a táboa resumo dos potenciais impactos e a súa valoración ambiental.

TÁBOA RESUMO DOS POTENCIAIS IMPACTOS		
FACTOR AMBIENTAL POTENCIALMENTE AFECTADO	VALORACIÓN AMBIENTAL	
	INCIDENCIA	MAGNITUDE
CHAN	mínima	**mínima**
ATMOSFERA	baixa	**compatible**
HIDROLOXÍA	baixa	**compatible**
VEXETACIÓN E HÁBITATS	mínima	**mínima**
ESPAZOS NATURAIS	baixa	**compatible**
PAISAXE	mínima	**mínima**
FAUNA	baixa	**compatible**
MEDIO SOCIOECONÓMICO	baixa	**compatible**
PATRIMONIO	mínima	**mínima**

4.2 Fase de explotación

Na fase de explotación analizaranse os posibles impactos xerados pola posta en funcionamento da área de servizo.

4.2.1 Impacto potencial sobre o solo

Calquera derrame de combustible que se filtre leva consigo a contaminación do solo. Pode ser causado polo proceso de descarga de combustible, durante a impulsión de combustible ós surtidores ou debido ó almacenamento de combustible nos depósitos enterrados.

4.2.2 Impacto potencial sobre a auga

O impacto sobre a auga pode estar provocado polas perdas de combustible (durante a carga de tanques, das redes de tubaxes, etc.) que se filtre ó solo chegando ata acuíferos ou que poida desembocar superficialmente nalgún canle próximo.

Prodúcese un consumo de auga, debido á actividade da estación, que producirá uns residuos canalizados de augas fecais que posteriormente deberán ser tratados.

4.2.3 Impacto potencial sobre a atmosfera

- ❖ Contaminación acústica

Está asociada á actividade por ir destinada ó repostaxe de vehículos de motor.

O proxecto contempla a posible execución nun futuro dos boxes e o túnel de lavado, sendo esta última a instalación que provoca máis ruído de toda a actuación.

- ❖ Contaminación atmosférica

Os gases que produce o combustible almacenado contaminan a atmosfera que rodea a estación de servizo. Estes gases tamén poden provir dos solos e augas subterráneas afectados por un derrame, sendo factible a súa infiltración e acumulación no interior de edificios (da gasolineira, garaxes e vivendas próximas), a través das cimentacións.

- ❖ Outros

A actividade desenrolada na área de servizo tamén provocará a produción de olores como consecuencia do almacenamento e subministro de produtos hidrocarburados (combustible, graxas e aceites).

A rede de sumidoiros tamén podería ser fonte de xeración de olores como consecuencia de empozamentos da auga ou mal funcionamento da instalación.

A posta en funcionamento da área de servizo tamén levará consigo un aumento da iluminación artificial como consecuencia da alumeado do viario, as instalacións e os edificios.

4.2.4 Efectos sobre a biocenose

- ❖ Impacto sobre a vexetación

Na fase de posta en funcionamento da área de servizo non se estiman consecuencias significativas sobre a vexetación.

- ❖ Impacto sobre a fauna

O principal impacto sobre a fauna de calquera infraestrutura é o chamado efecto barreira. A posta en funcionamento da área de servizo non agravará o efecto xerado pola propia autovía, posto que, na actualidade toda a zona xa está cercada.

- ❖ Sectores económicos

Para o municipio e a súa contorna, a posta en funcionamento da instalación xerará efectos positivos: traballo, impostos, reclamo de materiais e equipos, etc. producindo un aumento indirecto da situación económica da zona.

4.2.5 Impacto potencial sobre a paisaxe

Finalizadas as obras, o impacto sobre a paisaxe decrecerá como consecuencia da integración paisaxística do conxunto das instalacións no entorno circundante e da ordenación ecolóxica proxectada.

4.2.6 Outros

Ademais, outro factor de risco que teñen as gasolineiras son as zonas onde se almacenan grandes cantidades de combustible, xa que poden acumular gases moi inflamables susceptibles de producir un incendio en contacto cunha chispa.

5. MEDIDAS PREVENTIVAS, CORRECTORAS OU COMPENSATORIAS

Un dos aspectos esenciais para minimizar o impacto ambiental producido por unha determinada actuación é a adopción de medidas que permitan que a intervención se faga de forma compatible co medio.

Distínguense dous tipos de medidas para minimizar o impacto ambiental producido por unha determinada actuación:

1. Medidas protectoras: realízanse coa finalidade de evitar ou reducir o impacto antes de que se produza.
2. Medidas correctoras: son aquelas que se adoptan unha vez realizados os traballos co fin de rexenerar o medio, reducir ou anular os impactos que puidesen producirse.

Estas medidas resultan máis efectivas se se incorporan na fase de proxecto e se executan de forma conxunta durante a construción deste.

5.1 Medidas protectoras na fase de construción

A continuación relaciónanse algunhas das medidas protectoras a levar a cabo durante a execución do proxecto, de acordo ó coñecemento actual do medio e ós efectos do proxecto na zona de implantación.

5.1.1 Chan

- A maquinaria que se vaia utilizar durante a execución das obras será revisada, co obxecto de evitar perdas de lubricantes, combustibles, etc.
- Evitaranse no posible as prácticas que poidan supoñer risco de verteduras. En caso de ser necesario realizar estas actuacións (cambios de aceites, reparacións, lavados da maquinaria) levaranse a cabo en zonas específicas onde non haxa risco de contaminación do chan.
- Realizarase unha axeitada xestión de residuos con entrega a Xestor Autorizado cumprindo a lexislación vixente. En calquera caso, o proxecto incluirá un Estudo de Xestión de Residuos, do que se derivarán as medidas a levar a cabo no referente ós residuos xerados en obra, convenientemente valoradas nun capítulo específico do presuposto do proxecto.
- Antes do inicio das obras definiranse exactamente os lugares de abasto, para as instalacións auxiliares e o parque de maquinaria: zonas de mínima pendente, protexidas de riscos de deslizamento, de inundación e de arrastres por efecto da chuvia e protexidas de zonas de paso de maquinaria.

5.1.2 Auga

- Evitarase na zona calquera tipo de vertedura, tales como aceites, graxas, etc., que poida levar consigo a contaminación das augas.
- Trataranse de evitar os períodos máis chuviosos, co fin de minimizar o risco de achega de partículas ó medio fluvial. Se fose necesario instalaranse balsas de decantación polas que circule a auga de escorrenta e que discorran polas zonas de terreo removido, así como aquelas augas que se utilicen no proceso construtivo, co fin de evitar e reducir a achega de sólidos en suspensión ao medio fluvial.
- Procederase á limpeza e retirada de posibles aterramentos que poidan obstaculizar o fluxo natural das augas superficiais.

5.1.3 Aire

- Empregarase maquinaria que cumpra os valores límite de emisión de ruído establecido pola normativa.

- A realización das obras deberá levarse a cabo estritamente en período diúrno (7:00 horas-22:00 horas).
- Minimizarase o amoreamento de materiais finos en zonas desprotexidas do vento.
- Se resultase necesario, procederase ó rego de camiños e zonas de movemento de maquinaria co fin de diminuír o levantamento de po.

5.1.4 Vexetación

- Minimizarase a produción de po xerado
- O tránsito da maquinaria realizarase exclusivamente polas áreas marcadas para o efecto.

5.1.5 Fauna

Deberase ter en conta o seguinte:

- Respectarase a normativa actual vixente en todo o que a protección ambiental se refire (emisión de ruídos, seguridade e hixiene no traballo, emisión de gases, etc.).
- O tránsito de maquinaria e persoal circunscribirase á zona de traballo, sen ocupar o resto da área de estudo. O horario de traballo será durante o período diúrno, evitando deste xeito os traballos nocturnos.

5.1.6 Medio socioeconómico

- Realizaranse as obras no menor tempo posible.
- Sinalizarase de forma axeitada a obra e procederase ao reforzamento da sinalización nas infraestruturas viarias afectadas.
- Restituirase ao seu estado previo a infraestrutura que poida resultar afectada.
- Procurarase que os transportes por estrada se realicen nas horas de menor intensidade de tráfico habitual.

5.1.7 Paisaxe

- Evitarase a dispersión de residuos pola localización e arredores, principalmente envases de plástico.
- Para os residuos que temporalmente vaian permanecer en obra, habilitarase un lugar no que se dispoñerá de colectores diferenciados segundo a natureza de cada residuo.

5.1.8 Patrimonio cultural

- Localización dos elementos do patrimonio nos planos de obra.
- O contratista está obrigado a paralizar as obras, informar a Patrimonio e agardar resposta, ante calquera obxecto atopado durante a execución das mesmas.
- Aquelas outras medidas que considere precisas a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

5.2 Medidas protectoras na fase de explotación

A continuación, relaciónanse as medidas correctoras necesarias para reducilos efectos ambientais que poidan xurdir coa posta en funcionamento da estación de servizo:

5.2.1 Contaminación das augas

❖ Augas hidrocarburadas.

As augas nas que se poida derramar hidrocarburos (restos de gasolinas, gasóleos ou aceites) recolleranse nunha rede separada e inconexa da auga de chuvia. Estas augas precisarán un tratamento para separar as partículas de hidrocarburos antes de podelas conectar a rede de sumidoiros.

Deberase aplicar un dobre tratamento que consista nun decantador de lodos seguido dun separador de hidrocarburos. Na primeira fase do tratamento as partículas pesadas que arrastre a auga (terra, area, lodos, etc.) depositaranse no fondo do decantador de lodos. Esta auga tratada repousará na primeira cámara do separador, de xeito que, os hidrocarburos suban á superficie e unha vez que se retiren as partículas de maior tamaño, pasaranse as augas a través dunhas placas que funcionan unindo micropartículas para formar outras de maior tamaño que flotarán na superficie.

❖ Augas pluviais.

A pendente da rede será a necesaria para un perfecto funcionamento da mesma, tomándose como base unha inclinación aproximada do 1,5%. Toda a condución da rede de pluviais estará provista dos seus correspondentes arquetas, pozos de rexistros, etc. A súa conexión será directa á rede de sumidoiros existente. Trataranse tamén como augas pluviais aquelas que pasasen polo separador de hidrocarburos.

❖ Augas fecais.

Serán transportadas mediante canalizacións a un pozo de rexistro, no que conflúan coas augas hidrocarburas tratadas e verteranse directamente á rede de sumidoiros.

5.2.2 Contaminación do solo

❖ Depósitos de combustible

Para evitar as fugas e a corrosión instaláranse depósitos con dobre parede e sistema automático de detección de fugas, ademais de realizalos de aceiro – polyester máis resistentes á corrosión.

❖ Proceso de descarga

Os axustes entre a mangueira e a boca de carga serán estancos. As bocas de carga estarán situadas nunha arqueta que recolla o combustible derramado e o conduza á rede de saneamento de augas hidrocarburadas. As bocas de carga dispoñerán dun dispositivo que avise cando o tanque se encha ata o 95% da súa capacidade, para dar tempo a pechar a válvula do camión cisterna e evitar calquera tipo de derrame por sobreenchido. As tubaxes de descarga de combustible desde as bocas de carga ata os depósitos serán de polietileno UPP, estancas e de plástico reforzado, resistente ós hidrocarburos e á corrosión. Estas deberán pasar as probas ás que obriga a ITC MI-IP-04 de Instalacións para subministración a vehículos aprobada mediante o Real Decreto 1523/1999, do 1 de outubro.

❖ Proceso de impulsión de combustible ós surtidores

As tubaxes de impulsión de combustible dende os tanques ós surtidores serán de plástico reforzado de dobre parede resistente á corrosión e ós hidrocarburos, debido á elevada presión a que circula o combustible. Os surtidores deberán levar no seu interior unha bandexa antiderrame para recoller o combustible que se perde cando se unen as tubaxes de impulsión coas mangueiras dos surtidores.

- Pavimento

Será de tipo ríxido de formigón, resistente ós hidrocarburos e impermeable, de maneira que non poidan filtrarse ó chan. Terá unha pendente de aproximadamente o 1,5 % cara aos imbornais e canaletas de recollida de auga. As xuntas do pavimento deberán estar seladas con materiais resistentes e inalterables ós hidrocarburos.

- Rede de saneamento das augas hidrocarburadas

As tubaxes que transporten esta auga serán dun material resistente ós hidrocarburos e á corrosión do terreo. As unións entre varios tramos de canalizacións irán seladas e serán estancas. De igual forma, as arquetas, imbornais e canaletas de recollida de augas hidrocarburadas serán estancos e non haberá filtracións das augas cara ó terreo.

5.2.3 Contaminación atmosférica

- Contaminación atmosférica

Proponse a instalación dun sistema de recuperación dos vapores producidos tanto nas operacións de descarga do camión cisterna como durante a reposición dos vehículos. Tamén se expón a expulsión dos gases a través de venteos, que deberán ter unha altura mínima de 3,5 metros sobre o nivel do pavimento. Nos extremos, levarán un cortachamas para evitar incendios. Por último, os imbornais e canaletas que recollen as augas hidrocarburadas serán sumidoiros que impidan que os vapores disoltos na auga escapen cara ó aire.

- Contaminación acústica

Todas as máquinas que se instalen na gasolineira asentaranse sobre xuntas elásticas de escaso coeficiente de transmisión acústica e vibratoria.

5.2.4 Outros

- Toma de terra

A rede de toma de terra deberá estar moi ben conectada para que a electricidade estática que se acumule, se disipe e non se produzan faíscas. Sobre todo, deberanse vixiar as zonas onde as atmosferas sexan máis inflamables debido á presenza dos vapores dos hidrocarburos. Para iso, débense prever dispositivos de toma de terra nos lugares máis estratéxicos como a zona de descarga, os depósitos de combustible e as máquinas que poidan estar en contacto coas persoas.

5.3 Medidas correctoras

A aplicación de medidas correctoras terá por obxecto reducir os impactos residuais. Outras medidas correctoras a considerar unha vez finalizadas as obras son as seguintes:

- Retirada dos materiais sobrantes nas obras, dos residuos orixinados e das instalacións auxiliares de acordo á normativa.
- Restitución ao seu estado orixinal os elementos ou infraestruturas que resulten afectadas polas obras.
- No presente anteproxecto contémplase unha partida destinada a ordenación ecolóxica co fin de minimizar o impacto das obras realizadas sobre a contorna e a súa integración na mesma. Polo tanto, procederase á plantación de céspede nas zonas axardinadas e hidrosementeira de gramíneas, leguminosas e arbustivas nas zonas verdes rexeneradas. Completarse a actuación coa plantación de árbores de sombra e a roza manual e selectiva para as zonas verdes naturais.

6. PROGRAMA DE VIXILANCIA AMBIENTAL

A programación de labores e contido do Programa de Vixilancia Ambiental formulado responde ao contido do Proxecto. Diferenciáronse dúas fases de proxecto: a situación preoperacional, e a fase de obras, en cada unha das cales propóñense unha serie de actuacións a levar a cabo. O seu obxectivo básico é manter baixo control en especial aqueles aspectos ou impactos analizados sobre os que se estableceron medidas preventivas ou correctoras.

A porcentaxe do 3% considerada no orzamento en concepto de estudos, proxectos e dirección de obra tamén considera o orzamento necesario para executar o Plan de Vixilancia Ambiental. Modificouse o texto para engadir este extremo.

6.1 Situación preoperacional

Previamente ó inicio das obras, comprobarase que se delimita a zona de actuación, evitando así afeccións innecesarias, sobre todo nas áreas máis sensibles.

6.2 Fase de obras

6.2.1 Seguimento da contaminación da auga por sólidos en suspensión

Durante as obras comprobarase visualmente que se garante a mínima afección á calidade das augas, especialmente pola achega de sólidos en suspensión, coa conseguinte xeración de turbidez. A limpeza de ferramentas e maquinaria, incluídas as cubetas de formigón, realizarase nos lugares adecuados, de maneira que non se contamine calquera tipo de curso fluvial, ou mesmo fóra da propia obra, en zonas ou instalacións das plantas correspondentes, e por iso habilitadas para ese fin. Valorarase a conveniencia de establecer un control analítico de auga no Río Barbantiño e o rego de Listanco por proximidade das obras, aínda que se estima que o grao de posible afección neste ámbito é moi reducido, xa que non se prevé actuación directa ningunha sobre o leito, nin no seu entorno máis próximo.

6.2.2 Plan de prevención contra incendios

Prohíbese expresamente o arranque de lumes en todo o ámbito da obra. Dispoñeranse as medidas oportunas de prevención de incendios e de emerxencia ante unha posible eventualidade nas áreas de traballo, abasto, manipulación de maquinaria, utilización de combustibles e zonas de seguridade e saúde dos traballadores.

6.2.3 Plan de vertedura de sobrantes e plan de abastos

Durante o replanteo das obras, revisarase o Plan de vertedura de sobrantes. Teranse en conta aspectos como o transporte de materiais e a situación temporal destes. De forma previa á obra, e igualmente, no caso da situación de novos vertedoiros, o Adxudicatario da Obra deberá presentar, para a súa aprobación, un proxecto de instalación de depósitos de sobrantes, de acordo coa lexislación vixente. Asegurarase que non se vexan afectadas as zonas de vexetación natural ou os cursos de auga.

6.2.4 Delimitación de áreas sensibles

Durante o desenvolvemento das obras comprobarase que o marcado das áreas sensibles se mantén e respecta integramente e, no seu caso, repoñerase a sinalización. Esta sinalización será comprobada a lo menos cunha periodicidade mensual.

6.2.5 Parque de maquinaria

Controlarase a situación máis axeitada para a instalación do parque de maquinaria, onde se levarán a cabo os cambios de aceite, abastecemento de combustible, etc. Teranse en conta sobre todo a litoloxía, a permeabilidade do terreo e a vulnerabilidade á contaminación das augas.

Comprobarase que os aceites usados e alcatráns destinados ao abandono non se mesturen con outros materiais e sexan xestionados como residuos tóxicos e perigosos e polo tanto que o contratista estea

6.2.6 Campaña de limpeza ao finalizar a obra

Unha vez finalice a obra, comprobarase que se realice unha campaña de limpeza da área afectada pola obra e o seu ámbito. Os materiais sobrantes serán desaloxados da zona e enviados a vertedoiros autorizados ou xestionados por xestores autorizados.

6.2.7 Rega de pistas e accesos provisionais

Durante as obras comprobarase que se controla a emisión de partículas sólidas á atmosfera e que se leva a cabo o rego da superficie de rodadura dos camións en épocas de seca. Ademais, vixiarase que os camións conten coa limpeza necesaria antes de saír ás vías públicas.

Estas medidas serán comprobadas pola Dirección Facultativa (Asistencia á Dirección Facultativa, en caso de existir) e polo Coordinador de Seguridade e Saúde (no que atinxe as súas competencias) nas distintas visitas realizadas ás obras.

6.3 Fase de explotación

Débese realizar unha vixilancia e seguimento da actividade, co obxectivo de evitar problemas ambientais graves e no caso de que se produzan minimizar o seu impacto. Os aspectos máis importantes a considerar son:

6.3.1 Tanques

- ✓ Proba sobre o correcto funcionamento do sistema de detección de fugas en tanques de dobre parede co período marcado pola MI IP04.
- ✓ Comprobarase visualmente a estanqueidade das arquetas bocas de home. En caso de existencia de produto nestas, procederase á limpeza das mesmas e á retirada dos residuos xerados a lugares de tratamento. A frecuencia desta limpeza determinará tamén de forma indirecta a existencia dunha fuga nas conexións de entrada ó tanque que haberá que reparar.
- ✓ Frecuentemente farase un recoñecemento do indicador de niveis para comprobar as existencias e variacións que poidan dar indicio a fuga.
- ✓ No caso de que se detecte fuga ben polos sistemas electrónicos ou ben con inspeccións visuais, procederase á reparación ou substitución do elemento. Ademais cuantificaranse os danos producidos e darase paso á aplicación de medidas correctoras pertinentes xa explicadas.

6.3.2 Surtidores

- ✓ Anualmente comprobarase a exactitude de medida e os precintos de seguridade.
- ✓ Vixiarase o funcionamento do dispositivo de disparo no boquerel cando o nivel é alto no depósito do vehículo, desta forma evitaranse vertidos sobre o pavimento por sobreenchido.
- ✓ Vixiarase a estanqueidade das conexións do surtidor así como da arqueta baixo surtidores limpando esta cada vez que sexa necesario.

6.3.3 Tubaxes

- ✓ Vixiarase o bo estado mediante os sistemas de detección de fugas.
- ✓ Realizaranse as probas de estanqueidade marcadas pola MI IP 04.

6.3.4 Recuperación de vapores

- ✓ Utilización obrigada, nas instalacións nas que estea realizada, da recuperación fase 1 por parte dos camións cisterna, con comprobación e notificación do incumprimento á parte correspondente.

6.3.5 Augas residuais

- ✓ Mantemento xeral dos puntos de captación de augas superficiais: imbornais e reixas. Limpeza dos mesmos, selado das xuntas co pavimento. Comprobación do correcto funcionamento das pendentes. Comprobación de posibles deterioracións por paso de vehículos.
- ✓ Mantemento xeral dos pavimentos e control de afundimento, aparición de fisuras ou deterioracións provocados pola circulación de hidrocarburos.
- ✓ Control analítico das verteduras das augas hidrocarburadas e das augas procedentes da zona de lavado para comprobar o correcto funcionamento dos equipos separación de hidrocarburos. Control das verteduras de augas fecais nas instalacións que precisen equipo de tratamento. O control realizarase desde a arqueta toma de mostra. A entidade ou normativa correspondente determinará a frecuencia destes.

6.3.6 Sistemas de depuración

- ✓ Baleirado e mantemento periódico dos decantadores.
- ✓ Baleirado e limpeza periódica de aceite e hidrocarburos dos separadores. Estes residuos serán xestionados por empresa homologada.
- ✓ Coa analítica anterior comprobarase o correcto funcionamento dos equipos de tratamento.

7. CONCLUSIÓNS E SÍNTESE.

O proxecto cuxa análise ambiental se presenta, refírese á execución dun área de servizo na autovía AG – 53. Durante á construción de dita autovía xa se afectou á case totalidade do ámbito, os terreos foron expropiados, parte da cobertura vexetal eliminada, así como desmontes e acumulación de terras.

Analizáronse os posibles impactos ó obxecto de garantir un correcto desenvolvemento dos traballos a realizar, considerando as diferentes sensibilidades do ámbito no que nos encontramos. Definidos os impactos, estes valoráronse coa finalidade de establecer as medidas protectoras e correctoras pertinentes.

Tras esta análise, non se detectan impactos significativos. Dentro dos impactos non significativos, as maiores afeccións concéntranse na propia presenza humana e de maquinaria de obra na zona de actuación na que se acometerán as obras e estes impactos desaparecerán unha vez rematadas as mesmas, polo que se considera que, seguindo os principios das boas prácticas construtivas, delimitando o ámbito de actuación, dispoñendo dos medios necesarios para unha axeitada recollida selectiva de residuos e poñendo os medios para controlar as posibles verteduras, accidentais ou non, no relativo a actuacións próximas a regos ou regatos non se producirán afeccións sobre o medio ambiente diferentes das xa existentes na actualidade.

Coa posta en funcionamento da área de servizo, os principais impactos serán os derivados de accidentes, problemas ou avarías, principalmente na almacenaxe e distribución dos hidrocarburos, pero que coa aplicación das medidas protectoras descritas e o correcto seguimento do plan de vixilancia ambiental non deberían xerar afección sobre o medio.

Declaración de Impacto Ambiental da Autoestrada Santiago – Ourense

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Telefonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

1827

ASUNTO: DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO ESTUDIO INFORMATIVO DA AUTOESTRADA SANTIAGO-OURENSE.

EMPRAZAMENTO: Concellos de Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, A Estrada, Silleda, Lalín. Dozón, Rodeiro, O Irixo, Piñor, O Carballiño, San Cristobo de Cea, Maside, Vilamarín, Amoeiro, Coles, Punxín, Ourense e Pereiro de Aguiar

PROMOTOR: CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE POLITICA TERRIT. OBRAS PUBLICAS E VIVENDA
11.09.96 016616
ENTRADA

En relación ó asunto de referencia, e de acordo co establecido no artigo 5º, punto 4, do Decreto 442/90, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, teño o gusto de remitirlle copia compulsada do acordo do 29 de xullo de 1996, da Comisión Galega do Medio Ambiente, polo que se formula a Declaración de Impacto Ambiental.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 1996

O SECRETARIO XERAL DA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL OBRAS PUBLICAS E VIVENDA
DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS
DATA 12 SET 1996
Nº ENTRADA 5902 | Nº SAIDA —

Asdo: José Luis Aboal García-Tuñón

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Telefonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACORDO DE 29 DE XULLO DE 1996 DA COMISIÓN GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, POLO QUE SE FORMULA DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO "ESTUDIO INFORMATIVO CON AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA AUTOESTRADA SANTIAGO-OURENSE", NOS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VEDRA, BOQUEIXÓN, E A ESTRADA, SILLEDA, LALÍN, DOZÓN, RODEIRO, O IRIXO, PIÑOR, O CARBALLIÑO, SAN CRISTOBO DE CEA, MASIDE, VILAMARÍN, AMOEIRO, COLES, PUNXIN, OURENSE E PEREIRO DE AGUIAR. PROMOVIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE OBRAS PÚBLICAS, CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, DA XUNTA DE GALICIA.

O Decreto 442/90, de 13 de setembro de "Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia", establece a obriga de formular Declaración de Impacto Ambiental, con carácter previo á resolución administrativa que se adopte para a realización, ou no seu caso, a autorización da obra, instalación ou actividade, das comprendidas no anexo da citada disposición, entre as que se encontra o "Estudio Informativo con Avaliación de Impacto Ambiental da Autoestrada Santiago - Ourense", nos Concellos de Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, da Provincia de La Coruña, e A Estrada, Silleda, Lalín, Dozón, Rodeiro, da Provincia de Pontevedra, O Irixo, Piñor, O Carballiño, San Cristobo de Cea, Maside, Vilamarín, Amoeiro, Coles, Punxín, Ourense e Pereiro de Aguiar, da Provincia de Ourense.

En virtude do establecido no artigo 5º, punto 2 do citado Decreto, a Dirección Xeral de Obras Públicas, no proceso da súa tramitación e mediante a publicación da resolución de 22 de xaneiro de 1996 da Subdirección Xeral de Estradas da Conselleria de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, sométese a trámite de Información Pública o Estudio Informativo e Estudio de Impacto Ambiental da Autopista Santiago de Compostela-Orense, Clave AG-SC-94.1., en Boletín Oficial do Estado B.O.E. de 31 de xaneiro de 1996 e no Diario Oficial de Galicia D.O.G. de 13 de febreiro de 1996.

En cumprimento do artigo 34.6 do Regulamento Xeral de Estradas, R.D. 1812/94, e do especificado na Lei 4/1994 de Estradas de Galicia, se remitiron exemplares do Estudio Informativo e Avaliación de Impacto Ambiental, ós efectos oportunos, ós Concellos de Santiago de Compostela, Teo, Vedra, Boqueixón, A Estrada, Silleda, Lalín, Dozón, Rodeiro, O Irixo, Piñor, O Carballiño, San Cristobo de Cea, Maside, Vilamarín, Amoeiro, Coles, Punxín, Ourense e Pereiro de Aguiar. Así como á Deputación Provincial de A Coruña, Deputación Provincial de Ourense, Deputación Provincial de Pontevedra, Demarcación de Carreteras do Estado en

1 de 29

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Galicia, do antigo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente (M.O.P.T.M.A.) hoxe Ministerio de Fomento, Comisión Galega de Medio Ambiente, e ás Delegacións Provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda.

O documento sometido a trámite de Información Pública, Estudio Informativo con Avaliación de Impacto Ambiental da Autoestradá Santiago - Ourense, xurde ante a urxente necesidade, plantexada en numerosas ocasións ante os responsables do antigo Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, de dar solución ós problemas de comunicación no corredor Santiago-Ourense, derivados da intensa carga de tráfico, de turismos e especialmente de vehículos pesados, que hoxe soporta a N-525, as características xeométricas do seu trazado (fortes pendentes, profusión de curvas, áreas de importantes limitacións de velocidade), e a afección a numerosos e importantes núcleos urbanos, que obriga á regulación mediante semáforo, circunstancia que dificulta aínda máis a fluidez del tráfico.

Plantéxanse sete alternativas de trazado, organizadas por tramos de forma alfabética, con caracteristicas xeométricas de Autopista A-100, seguindo a Norma Complementaria da 3.1.-I.C., Trazado de Autopistas.

ALTERNATIVAS A-1, A-2 Y A-3 : Desenroladas para resolver o tramo entre o Vial Periférico Comes-Castiñeiriño, de Santiago, P.K 0+0 da vía ata o alto de Castro, en Roelle Vedra, onde conexiona co Tramo B-1.

A-1 Cunha lonxitude de 11,2 Km, na confluencia do Vial Periférico Comes-Castiñeiriño de Santiago coa Autopista do Atlántico, onde se proxecta o "Enlace de Santiago", para comunicar a Autopista coa área metropolitana de Santiago e o "Enlace da N-525".

Continua paralela á N-525, bordeando o val de Bomais e o núcleo de Barcia, despois de transcurrir en túnel á altura do iglexario de Urceira. A continuación cruza en viaducto o río Sta. Lucía, no P.K. 3+500, bordea Paradela, a media ladeira do monte Cotiño de Nande, para aproximarse á N-525 á altura de A Susana. Finaliza polo Sur e en paralelo á N-525, rodeando o val do río Pereiro sobre o que se deseñan tres estructuras, cruzando en viaducto o val de Roelle ata o P.K. 11+200 á altura de Castro Alto, orixe do Tramo B-1.

A-2 Cunha lonxitude de 10,3 Km e o mesmo orixe que a alternativa A-1, esta solución compártese con ela ata o P.K. 3+100. A partir de aquí prosigue paralela ó río Sta. Lucía, salvando en viaducto o val de Sales, despois de

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

sobrepasar os núcleos de Romaris e Cibrán, ascendendo pola falda do monte Picaraña ata o P.K. 10+300 onde se solapa coa alternativa A-1.

A-3 Ten a súa orixe no P.K. 0+000. Cunha lonxitude de 10,3 Km, discorre polo Norte da N-525, salvando en viaducto o val de Angrois, continúa paralela ó FF.CC. Santiago-Ourense e cruza sobre a N-525 á altura de Susana no P.K. 4+500. Continúa pola ladeira de Cotiño de Nande ata coincidir coa alternativa A-1 no P.K. 6+200, a partir de onde se superpoñen ata o P.K. 10+300.

TRAMO B-1: Cunha lonxitude de 3,8 Km, parte do P.K. 11+200 cun trazado único de descenso ó val do río Ulla, entre as alternativas A e C, que descorre pola ladeira dos montes de Devesa e Penamalleira, prosigue pola Veiga de Arriba ata o final no P.K. 15+000, orixe das alternativas C, no val de San Cristóbal, despois de cruzar en viaducto entre os núcleos rurais de Argunte e Feal. Neste tramo prevese o "Enlace de Ribadulla" con tipoloxía de Trompeta, como conexión de E. Provincial Arzua-Padrón e da área de influencia.

ALTERNATIVAS C-1 y C-2: Solucións plantexadas para resolver o P.K. 15+000, final do tramo B-1, al P.K. 20+000, nas inmediacións de Oca.

C-1 Cun desenrolo de 6,3 Km, dende o val de San Cristóbal cruza a estrada a Ponte de Sarandón, e continúa en estructura sobre o val de Neira cara a ladeira de Castro de Agronovo, salvando o río Ulla, no P.K. 18+000, mediante un viaducto de 800 m., dende onde ascende o Monte Arbella, discurrindo en túnel á altura de Oca ata alcanzar o final no P.K. 21+300, á altura de Riomau.

C-2 Lonxitude de 6,9 Km. Coincide coa C-1, no val de San Cristóbal. A traza descende cara o río Ulla entre os dous núcleos de Neira para salvar o val do Ulla no P.K. 16+700, mediante un viaducto de 700 m e remontar o alto do Monte Arbela, despois de bordear os núcleos de Rabuñado, Vilasusan e Mota, rodeando polo Sur o bosque do Pazo de Oca e percorrendo o val do arroyo de Oca ata o final no P.K. 21+900, onde solapa coa alternativa C-1.

ALTERNATIVAS D-1 y D-2:

D-1 Con orixe no P.K. 19+800 e un desenrolo de 24,2 Km, discurre xirando ó Norte para cruzar a N-525 e continúa paralela á mesma ata sobrepasar o núcleo de Penaporrín, no P.K. 22+600, onde se proxecta o "Enlace de

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Bandeira" como conexión unidireccional para o tráfico con orixe-destino de Bandeira-Santiago. Seguidamente cruza en estructura o val de Domelas e circunvala Lamela polo Norte, entre o casco urbano e os núcleos de Piñeiro, proxectándose un viaducto de 700 m no P.K. 26+400.

Cruza en estructura o río Casela e circunvala polo norte o núcleo de Bandeira á altura de Louras, deseñándose un túnel e un viaducto, nos P.K. 25+800 e 29+200, para minimizar o impacto sobre o val do Toxa. Prosegue o trazado paralelo o FF.CC., bordeando o núcleo de Riobó, onde se prevé, no P.K. 31+000, o "Enlace da N-640" para captar o tráfico con orixe-destino á A Estrada e Caldas de Reis con Lalín e Ourense. A partir de aquí, discurre entre a N-525 e o FF.CC. en dirección Este, contorneando os núcleos de Négreiriós e Tellado para circunvalar na área urbana de Silleda polo Norte do Monte Penanegra ata a altura do Recinto Ferial, onde se proxecta o "Enlace de Silleda" como acceso ó núcleo urbano, ó Parque Empresarial de Silleda e ó citado Recinto Ferial.

Finalmente, a Alternativa D-1 continúa na mesma dirección para descender á garganta do río Deza que cruza en viaducto, bordea os núcleos de Noceda para salvar en estructura o val de Bendóiro e virar cara o Sur para pasar sobre a N-525, á altura do Espacio Comercial e Industrial Lalín 2000, ata alcanzar o final no P.K. 44+000, orixe da alternativa E-1.

Nas proximidades do Polígono Industrial proxectase o "Enlace de Lalín Oeste", para favorecer o acceso ó Polígono e ó casco urbano de Lalín.

D-2 Cunha lonxitude de 23,6 Km, cun trazado que contornea o val de Orazo para pasar polo alto de Mirol ata chegar á Ouzán, no P.K. 26+100, que cruza en viaducto. Neste punto proxéctanse dous enlaces unidireccionais: os "Enlaces de Bandeira e da N-640" coa finalidade de conectar os núcleos de Bandeira e Lamela con Santiago e facilitar o tráfico con orixe-destino a A Estrada e Caldas de Reis con Lalín e Ourense.

Continúa a traza polo Sur de Lamela e Bandeira, paralela á N-525, para descender ó val do río Toxa, sobre o que se proxecta un viaducto de 500 m no P.K. 32+600. Posteriormente circunvala polo Sur o núcleo urbano de Silleda, paralelo á estrada de Campolameiro ata cruzar a estrada de Freixeiro, o P.K. 35+300, sobre a que se proxecta o "Enlace de Silleda" con tipología de Trompeta, para comunicar a área urbana de Silleda, o seu Parque Empresarial e o Recinto Feiral de Galicia. Bordea o Parque Empresarial de Silleda, despois de cruzar en estructura o val de Costoia para descender ó río

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Deza despois de salvar con sendos viaductos o val do Carballeda e a garganta do Deza.

Finalmente continúa ó largo do val do Deza, paralela ó FF.CC., cruzando en viaducto, polo Sur, o núcleo de Eirexe, ata aproximarse polo Sur ó "Espacio Comercial e Industrial Lalín 2000" e continuar ata o final no P.K. 44+000, orixe da alternativa E-1.

No P.K. 43+000 proxectase o "Enlace de Lalín Oeste" coa finalidade de dar acceso ó Polígono Industrial e comunicar preferentemente o fluxo do tráfico do centro urbano de Lalín con dirección a Santiago.

TRAMO E: Con un desenrolo de 2,8 Km, ten a súa orixe no P.K. 44+000, á altura do Parque Empresarial de Lalín. Discorre como solución única entre as alternativas D e F, ó longo do val de Bergazos, paralela ó arroyo Cavirias para pasar a 200 m polo Sur do novo Cementerio de Lalín e chegar ó final no P.K. 46+800, á altura de Fontao na estrada de Botos.

ALTERNATIVAS F-1 y F-2:

F-1 Cunha lonxitude de 17,1 K ten a súa orixe no P.K. 46+800, á altura de Fontao, salva en viaducto ó val de fontao, para cruzar a estrada de Pontevedra, no P.K. 47+700, na que se proxecta o "Enlace de Lalín Sur" con tipoloxía de Diamante, co fin de comunicar a Autopista coa área urbana de Lalín e captar o tráfico con orixe-destino ó Sur da Provincia, Pontevedra e Carballiño.

Seguidamente salva en viaducto o val do río Portas para cruzar a estrada de Carballiño e chegar ata a N-525, no P.K. 50+000, despois de discorrer entre os núcleos de Outeiro e Moneixiñas, continuando en estructura sobre o val de Regoufe. No cruce coa estrada N-525 proxectase o "Enlace de Lalín Este" con obxeto de distribuir o tráfico con orixe-destino de Lalín-Ourense.

Unha vez sobrepasada a N-525, bordea o val de Belelle para superar o alto de Mamasoa, onde se prevé o "Enlace da C-533" que mediante un ramal comunicará a autopista co corredor da C-533 de Lalín a Monforte. A partir deste enlace, situado no P.K. 52+000, retoma a dirección Este para continuar paralela á N-525 salvando os vales de Sisto e do río Deza mediante sendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

estructuras, para aproximarse ó porto de Sto. Domingo, á altura do P.K. 58+500, onde se prevé unha conexión da 1ª Fase Constructiva coa N-525.

Finalmente, esta solución bordea polo Norte o Castro de Dozón e, tras salvar o val en viaducto, alcanza o final no P.K. 63+900, orixe das alternativas G, despois de discorrer entre os núcleos de Revordocovo e Mizoite para cruzar sobre a N-525 unha vez sobrepasado o alto de San Martín.

F-2 A alternativa F-2, cun desenrolo de 15,8 Km, comparte á orixe da solución F-1. Discorre polo val de Fontao, que salva en viaducto, para cruzar a estrada de Pontevedra, no P.K. 48+000, sobre a que se proxecta o "Enlace de Lalín Sur" con tipoloxía de Trompeta, como conexión da Autopista co centro urbano de Lalín e do tráfico con orixe-destino ó Sur da provincia, Pontevedra e Carballiño.

Prosigue esta alternativa polo val de Sante, que cruza en estructura para ascender o alto de Catasós, despois de pasar baixo a estrada de Carballiño, no P.K. 49+900. Circunvala os núcleos de Catasós e Torguedo para continuar polo val do riela e cruzar de novo en viaducto o río Deza, no P.K. 52+300.

Á altura de Fervenza, no P.K. 51+400, proxectase o "Enlace de Lalín Este" con tipoloxía de Diamante, para conectar a Autopista coa N-525 e co futuro ramal de conexión co corredor central de Lalín-Monforte. Este enlace facilitará a comunicación do tráfico con orixe-destino Lugo-Monforte con Santiago-Ourense e a área urbana de Lalín.

Despois de cruzar o río Deza, inicia a subida cara o alto de Sto. Domingo, serpenteando cun trazado a media ladeira ó longo do val dos ríos Seixas e Pulgán ata superar a cota +700 do porto de Sto. Domingo, no P.K. 57+400, onde se prevé un "Enlace coa N-525" como conexión coa estrada nacional dunha 1ª Fase Constructiva.

Posteriormente bordease polo Sur o núcleo de Castro de Dozón, no que se proxecta un viaducto de 500 m, á altura do P.K. 59+000, e finalmente, a traza aproximase á N-525 para discorrer paralela á mesma ó longo das ladeiras dos montes Cándara e Cotofrío, ata o final do trazado no P.K. 62+600, inmediatamente despois de superar a cota +800, no porto de San Martín.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ALTERNATIVAS G-1, G-2 y G-3:

G-1 Cun desenrolo de 29,4 Km, ten a súa orixe no P.K. 62+600, moi próximo ó porto de San Martín, discorre por la ladeira do monte Valdragós para cruzar en viaducto sobre a N-525 e o val de Anseiros e continúa entre os núcleos de Pereira, Comes e Casarelos.

A continuación salva en viaducto as gargantas dos ríos Arenteiro e Oseira, cruza sobre a estrada de Cea a Barrela no P.K. 72+400., despois de percorrer a ladeira dos montes Outeiro e Ardesende. Sobre a citada estrada prevese o "Enlace de Cea-Carballiño" para facilitar a comunicación destes núcleos urbanos e a súa zona de influencia con Santiago-Ourense.

Seguidamente a alternativa G-1 discorre pola falda do monte Viduedos para cruzar entre os núcleos de Rozadas e Viña e salvar cunha ponte o río Barbantiño, no P.K. 78+000. Á altura de Vilamarín, discorre entre os núcleos de Reguengo e Fondevila, cun viaducto de 500 m sobre o val de Orbán, no P.K. 79+300. Percorre os montes Abeledo e Crumilleiro á altura de Tamallancos para aproximarse á N-525, despois de cruzar sobre a N-540 moi próxima a El Empalme, no P.K. 83+500, onde se proxecta o "Enlace da N-540" para facilitar o tráfico con orixe-destino Chantada-Lugo coa Autopista.

Finalmente, cruza en estructura sobre a estrada de A Peroxa á altura de Gustei, para iniciar o descenso a Ourense, polo Este da N-525, de forma paralela, cun trazado a media ladeira en viaducto á altura de Malvedo, no P.K. 89+000. A continuación ciñese á estrada nacional para cruzar polo núcleo de Outeiro ata chegar ó final, no P.K. 92+000, á altura de El Veintiuno. En Ourense proxéctanse tres enlaces:

"Enlace da N-525" Como Enlace Unidireccional de conexión coa N-525.

"Enlace da N-546" Con tipología de Trompeta para captar o tráfico xenerado pola N-546.

"Enlace de Ourense" De doble función: canalizar o tráfico da cidade de Ourense e a súa área de influencia, e facilitar a súa circunvalación mediante o previsto "Vial Periférico da N-525 á N-120" e a súa conexión coa Autovía das Rías Baixas, para o tráfico con orixe-destino Vigo-Madrid.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

G-2 Cunha lonxitude de 30,1 km, discorre pola ladeira dos montes Pena do Cabalo, Laxas e Cobachas, para bordear os núcleos de Corna, Carballeda e Lousada, ata descender, aproximándose á N-525, ós vales dos ríos Arenteiro e Mirela, que salva mediante viaductos. Prosigue pola meseta de S. Cristóbal de Cea, moi próxima á estrada nacional, salvando en estructura os arroios Silvaboa e Texo, para cruzar sobre a estrada de Carballiño, no P.K. 75+100, sobre a que se proxecta o "Enlace de Cea-Carballiño" como conexión da Autopista coas áreas de influencia destes centros urbanos.

Despois de discorrer entre os núcleos de Torre, Carreira, Pereda e Faramontaos cruza en viaducto sobre o arroio de Monzos e o río Barbantiño. Percorre a chaira de Porta Lobos, bordeando o núcleo de Tamallancos ata aproximarse a Cambeo, onde se proxecta o "Enlace da N-540", no P.K. 87+500, como conexión do tráfico con orixe-destino a Chantada-Lugo coa Autopista.

Finalmente, descende á cidade de Ourense polo Oeste da N-525 bordeando os núcleos de Vilarnaz e Gustei. O último tramo debe efectuar un forte descenso ata o P.K. final 94+000, discorrendo entre os núcleos de Povadura, Cudeiro e A Granxa. Proxectándose os mismos enlaces que na G-1.

G-3 Cun desenrolo de 25,8 Km ten a mesma orixe e trazado ca G-2, dende o P.K. 63+900 ata o P.K. 71+300. A partir de aquí a traza segue unha dirección diverxente cara o Sur para cruzar en viaducto sobre o val do río Morañao, no P.K. 74+500, bordeando o monte Pontillón de Milares para cruzar sobre a carretera de Carballiño, no P.K. 75+800 sobre a que se proxecta o "Enlace de Carballiño" como conexión da Autopista coa área urbana de Carballiño e a súa zona de influencia.

Una vez superado o monte Seixo, cruza en viaducto o río Garabáns, no P.K. 79+000, entre os núcleos de Faquín, Pena e Canedo, e continúa pola ladeira Este do val, entre a N-541 e o FF.CC., unha vez sobrepasado o arroio de Piñeiro, no P.K. 81+600.

Finalmente, salva en viaducto o val do río Barbantiño, no P.K. 84+300, á altura do núcleo de Viñao, para continuar pola ladeira do citado val, bordear en estructura os núcleos de Gulpilleira e Casar do Mato, e cruzar en viaducto de 800 m o val do río Miño, no P.K. 89+200 á altura de Barbantiño.

No P.K. final 89+700, á altura de Feá, entronca coa Autovía das Rías Baixas, proxectándose o "Enlace de Barbantes", con tipoloxía de Trompeta.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A alternativa provisionalmente seleccionada no Estudio Informativo e Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental, para a Autoestrada Santiago-Ourense ó A-1, B-1, C-1, D-2, E-1, F-2 y G-1, sen embargo, ó considerar os documentos de alegación presentados durante o proceso de Información Pública, introducíronse modificacións sobre o trazado.

Durante o proceso de Información Pública presentáronse diversas alegacións, se ben, a maioría responden a consideracións de carácter particular, argumentadas pola afección a propiedades e fincas privativas, solicitando modificacións puntuais de trazado ou ben xustificando esixencias na remuneración económica das expropiacións, en virtude da perda da rentabilidade productiva. Preséntanse asimesmo outras alegacións das cales o contido se refire a concepcións políticas, argumentadas na necesidade de modificar a estratexia do sistema de comunicacións, potenciando o uso do ferrocarril fronte ó transporte por estrada. Como queira que estas alegacións superan o preceptuado no art 5º, punto 2 do Decreto 442/90, consideracións ambientais en sentido estricto, determinouse oportuno desestimalas.

As alegaciones referentes a consideracións medioambientais, presentadas no prazo establecido (Anexo IV), de forma esquemática pódense agrupar en;

1º- Aquelas relativas ó grao detalle e precisión desenvolvido no Estudio Informativo e Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental da Autoestrada Santiago-Ourense. Circunstancia que ven imposta pola tipoloxía e fase "Estudio Informativo", que conforme ó Regulamento Xeral de Estradas, que no seu art. 25, 1.b). así como no documento de Recomendacións para os Estudios de Estradas, vol. 3, editadas polo MOPU, que establecen como obriga a "Definición en líneas xerais, tanto xeográficas como funcionais, de tódalas opcións de trazado estudiadas".

As características da obra proxectada, que abarca unha extensa lonxitude para cubrir o tramo Santiago-Ourense, dificulta a elaboración de estudios de detalle nesta fase de traballo.

É competencia do Proxecto de Trazado e do Proxecto Constructivo da Autoestrada, a elaboración de estudios de detalle, a escala de traballo 1:1.000. Momento no que se analizan e detallan consideracións tales como a reposición dos servicios e infraestructuras interceptados, os detalles constructivos das obras de fábrica, das solucións de cruce sobre cursos de auga e dos sistemas de control de drenaxe, entre outros.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

2º- Aquelas relativas á afección a territorios altamente humanizados con gran densidade de poboación, que sinten mermadas as súas condicións de sosego e calidade de vida. Alegacións que motivaron modificacións de trazado no tramo A-1, entre os P.K. 3+500 ó 6+500, desprazando o trazado cara a cumbrera do monte para alexarlo dos núcleos de poboación. Esta modificación da resposta ás alegacións presentadas, además de diversos particulares, polas Asociacións de Veciños de "San Miguel", "Veciños de Trobe", "Sociedade Unión e Progreso", "San Fins de Sales" e "San Miguel de Sarandón de Vedra".

En atención ás afecciones socioambientais postas de manifiesto nas alegacións presentadas, entre outros polos Concellos de Ourense, Punxín e Maside e a "Asociación de veciños de San Pedro de Cudeiro", avalada por 1.200 firmas, nas que se prevé un grave deterioro das condicións de calidade de vida para a poboación residente no ámbito de conexión coa cidade de Ourense, circunstancia que se produce nas alternativas G-1 e G-2, considerouse oportuno desestimar a alternativa G-1, e optar pola G-3 tal e como solicitan os alegantes.

O resto de alegacións deste tipo, afeccións sobre a calidade de vida da poboación, corresponden a especificacións de detalle e diseño puntual das solucións constructivas e abordaranse nas fases de Proxecto de Trazado e Proyecto Constructivo.

3º- Aquelas relativas á necesidade de conservación das masas arbóreas e fauna asociada con alto valor intrínseco, que configuran as formas de paisaxe tradicional de maior interés. Como actuación específica, en atención ás alegacións presentadas, entre outros, polo Concello de Silleda e a Asociación ANIDA-CORA, modificouse o trazado do tronco no tramo D-2, do P.K. 35+200 ó 36+500, desplazándoo uns 100 m ó sur do Parque Empresarial de Silleda, para minimizar a afección sobre a "Carballeira dos Crespos".

Outras solucións de detalle relativas á salvagarda de masas de vexetación de interés, así como a definición dos pasos para fauna, en atención ó solicitado pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, observaranse no Proxecto de Trazado.

4º- Aquelas relativas á necesidade de conservación dos elementos do Patrimonio Histórico Artístico e o seu entorno, señalada pola Dirección Xeral

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Patrimonio Histórico e Documental. Circunstancia que levou a desestimar algunhas modificacións de trazado, no tramo C, suxeridas nas alegacións, pola afección á entorno delimitado como BIC no Pazo de Oca.

Consideracións de modificacións de detalle serán abordadas unha vez se realice a Prospección Arqueolóxica Intensiva e se localicen a escala adecuada (1:1.000), tódolos elementos culturais presentes no entorno da traza. Fase que debe desenvolverse no Proxecto de Trazado.

5º- As relativas á permeabilidade, accesibilidade transversal, efecto barrera e demanda de reposición de vías e servicios. Todas elas contempladas no Estudio Informativo, a efectos indicativos, serán ampliadas e definidas no Proxecto de Trazado, tal e como se sinala anteriormente.

Así, a alternativa definitivamente seleccionada é a A-1, B-1, C-1, D-2, E-1, F-2 y G-3, coas seguintes modificacións:

No Pk 3+500 al Pk 6+500, desplazamento cara o Norte para alonxalo dos núcleos de poboación de Paradela, Quintáns, Torre e Matelo.

No Pk 35+200 ó Pk 36+500, desprazamento de 100 m cara o Sur do Parque Empresarial de Silleda, para evitar a afección á Carballeda dos Castros.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

1.- Considerando adecuadamente tramitado o expediente de Impacto Ambiental do "Estudio Informativo da Autoestrada Santiago-Ourense", a Comisión Galega do Medio Ambiente na súa reunión de 29 de xullo de 1996, resolve, so ós efectos ambientais, INFORMARLO FAVORABLEMENTE, sempre e cando se cumplan as condicións que se establecen na presente Declaración.

2.- Establécense os condicionantes ambientais a desenrolar no Proxecto de Trazado da alternativa seleccionada e con anterioridade á redacción do Proxecto de Construcción.

Considerando que a escala de traballo e nivel de detalle desenvolvido no Estudio Informativo e Estudio de Impacto Ambiental, ainda sendo o axeitado, dada a lonxitude do tramo proxectado, non permite establecer suficiente grao

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

de precisión en relación a determinados elementos ambientais, recollidos nas alegacións presentadas, establécese que:

2.1.- Deberán introducirse, desenvolverse e valorarse con criterios ambientais, aquelas modificacións, técnicamente viables, resultantes da resolución do proceso de Información Pública.

2.2.- Deberá elaborarse un Documento Adicional ó Estudio de Impacto Ambiental, no que, de forma más específica e detallada, se estudien os elementos ambientais afectados pola alternativa definitivamente seleccionada, conforme ó punto 2.1. e se aporten as medidas correctoras oportunas. Prestando especial consideración ós seguintes aspectos: atención ás afeccións sonoras e ó benestar da poboación, atención ó interés da conservación de masas arbóreas climácicas e fauna asociada, derivadas do informe da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e desenvolvemento das consideracións contidas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, en interés da conservación do Patrimonio Histórico.

Os contidos mínimos do Documento Adicional ó E.I.A. establécense no ANEXO I.

3.- Establécense os seguintes condicionantes a cumplir na Fase de Redacción do Proxecto Constructivo.

3.1.- Deberá desenrolarse, necesariamente, o Programa de Medidas Correctoras que se propoñen no E.I.A., modificadas segundo o indicado no ANEXO II, coas precisións que se deriven do cumprimento da condición 2.1. e 2.2., e incorporado ás partidas presupostarias.

3.2.- Deberá presentarse o Plan de Vixilancia e Control Ambiental, conforme ó indicado no ANEXO III, e incorporarse ás partidas presupostarias.

4.- Establécense os seguintes condicionantes a cumplir na Fase de Obras e Fase de Funcionamiento.

4.1.- Deberá iniciarse o desenrolo do Proxecto do Plan de Restauración e Recuperación do Medio Natural e Integración Paisaxística (contido no punto 3.1 desta Declaración), e será preceptiva a súa completa execución antes da recepción definitiva da obra.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.- Deberá executarse o Plan de Vixilancia e Control Ambiental (contido no punto 3.2).

4.3.- O Órgano Sustantivo (neste caso Promotor) asumirá a responsabilidade da correcta execución do Proyecto de Construcción definitivamente aprobado.

4.4.- O Órgano Ambiental da Xunta de Galicia, a Comisión Galega do Medio Ambiente, no desenrolo das súas funcións, poderá exercer labores de inspección ambiental e tomar as medidas pertinentes, no caso de observarse anomalía ou incorrecta execución das obras, o que lle comunicará ó Órgano Sustantivo.

5.- Ó Órgano Sustantivo da Xunta de Galicia, para este proxecto, será a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Santiago a 29 de xullo de 1996

O SECRETARIO XERAL DA COMISIÓN
GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón

VºBº
O PRESIDENTE DA COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

DIL :: Asdo.: Dositeo Rodríguez Rodríguez
copia
Santiago

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO I.- DOCUMENTO ADICIONAL Ó ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL

O Documento Adicional deberá conter polo menos os seguintes estudios:

Estudio das afeccións ó sistema Hidrolóxico, concas e cauces interceptados. Onde además das características propias dun estudio deste tipo, deberán sinalarse e definirse tódalas obras a realizar sobre os cauces, detallando a nivel de proxecto as medidas correctoras que se deriven do estudio.

Estudio das afeccións sobre a Vexetación e Proposta de Medidas correctoras. Unha vez definido os terrenos de ocupación da Autoestrada será preceptiva a definición das medidas correctoras de deseño e solucións constructivas, que permitan minimizar as afeccións sobre os elementos catalogados de interés para a súa conservación.

Estudio faunístico e definición das necesidades de obras de paso para fauna. Tal e como determina o informe emitido pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

Estudio de previsión dos niveis sonoros. A desenrolar sobre unha banda de polo menos 200 m, contados a partir da arista exterior da vía, diferenciando entre valores esperados para situacións de día e noite. Proposta de medidas correctoras.

Estudio de la accesibilidade transversal. Estudio da necesidade de reposición de pasos e vías para solventar o efecto barreira.

Identificación dos elementos arquitectónicos e etnográficos, previsión de impactos e deseño de medidas correctoras. Nunha banda de 500 m tal e como determina o informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental.

Prospección Arqueolóxica Intensiva, Avaliación de Impactos e Proposta de Medidas Correctoras. Tal e como determina o informe emito pola Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental en atención á Lei 8/95 de Protección de Patrimonio Cultural de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO II.- MEDIDAS CORRECTORAS

Proxecto de Restauración e Integración Paisaxística: Deberá estar redactado e aprobado de forma conxunta ó Proxecto Constructivo, tal e como se sinala na condición.3.1 da Declaración.

Os obxectivos do proxecto serán:

- Restaurar e preservar a productividade biolóxica dos solos.
- Reducir e controlar os procesos erosivos.
- Estabilizar os terreos sen consolidar.
- Integrar paisaxísticamente os espacios modificados pola construcción da nova vía co seu entorno.

Para elo deberán contemplarse, polo menos, os siguientes aspectos:

a) Sistema de selección, recollida, acopio, mantemento e empleo dos solos obtidos da explanación.

b) Recubrimento con capas de solo dos taludes e outras superficies denudadas a consecuencia da actuación.

c) A selección das especies a empregar nos labores de revexetación, será suficientemente razoada e axustarase, na medida do posible, ás contidas no inventario da vexetación, ampliado segundo a condición 2.1. e 2.1, presente nos diferentes tramos do territorio polo que discorre esta nova vía. En todo caso, deberá evitarse a introducción de especies de índole exótica, salvo consideracións de tipo ornamental nas áreas máis próximas ás zonas habitadas ou nos enlaces con poboacións e áreas de servicio.

En canto ó modelado da paisaxe vexetal a obteer, a través das formacións vexetais, xa sexan arbóreas, arbustivas ou mixtas; terán formas preferentemente irregulares, salvo criterio suficientemente fundado, de tal maneira que faciliten a integración paisaxística co entorno.

As barreiras vexetais, xa sexan definidas para cumplir unha función sónica, visual, ou receptora de elementos contaminantes, deberán ter un deseño o máis acorde posible coas formas e cores presentes nas unidades circundantes.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sistemas de Drenaxe e Control de erosión: Definición e instalación, tanto nas superficies a revexetar como en todas aquelas outras modificadas a consecuencia da execución do proxecto obxecto deste estudio, dun sistema de drenaxe eficaz, dirixido á recollida das augas de escorrentía superficial difusa, en cabeceira de taludes e terrapléns, e de conducción á cota inferior, mediante sistemas de canalización para o seu posterior desaugue nas redes naturais de drenaxe. Para controlar, tanto os procesos erosivos como os de inestabilidade, además de manter, na medida do posible, os fluxos naturais da escorrentía superficial no espacio.

Proxecto e Deseño das Pantallas Sónicas, para aqueles puntos que determinen as conclusións obtidas do Estudio de Afeccións Sonoras, establecido no punto 2.2. da presente declaración. As barreiras, que poden ser vexetais o constructivas, deberán ter un deseño o máis acorde posible coas formas e cores presentes nas unidades paisaxísticas sobre as que se instalen.

Instruccións de sinalización. Correcta sinalización de aviso de obras e do viario alternativo, para evitar trastornos na circulación, xenerados polas actividades constructivas da nova vía e a presencia de maquinaria pesada.

Control de emisións de polvo. Será necesaria a utilización de camións cuba para o rego dos viais, se no cronograma da fase de construcción coincide coa época estival, a fin de evitar o incremento de partículas en suspensión.

Deseño de Paneis Informativos. Sinalización nos ramais de acceso-saída, mediante paneis informativos, dos servicios existentes nos núcleos próximos á vía, ou nas vías de conexión.

Revisión do planeamento urbanístico e incorporación do novo trazado coas restricción de uso establecidas na Lei 4/1994 de Estradas de Galicia.

Restauración e reposición das vías e servicios interceptados. O viario interceptado xa sexa este, de ámbito nacional, autonómico, provincial, local ou procedente dos Plans de Concentración Parcelaria, así como os servicios de canalizacións e conduccións de auga e outros, deberán repoñerse e/ou sustituirse. Asimesmo deseñarase a construcción de pasos, de forma que se garantice unha correcta accesibilidade transversal, tratando de disipar ó efecto barreira que poida suscitar a infraestructura, prestando especial atención á área escolar de Oca.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
COMISIÓN GALEGA DO MEDIO AMBIENTE
SECRETARÍA XERAL
Teléfonos: 54 60 00 - 54 60 01 - Telefax: 54 60 02
Algalia de Arriba, 31 - 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO III.- PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL

O programa de vixilancia ambiental ten por función básica establecer un sistema que garantice o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras, establecidas no Estudio de Impacto Ambiental, no documento adicional contemplado na condición 2.1. y 2.2. (Anexo I) e na condición 3.1 (Anexo II) da presente Declaración.

Para o logro dos obxectivos así plantexados, é necesario desenrolar os seguintes aspectos:

1.- Seguimento e control do cumprimento das medidas contempladas no plan de recollida e mantemento dos solos.

2.- Seguimento e control, de forma previa ó inicio das obras, do Plan Viario e de Accesos á obra, así como da área, ou ás zonas destinadas a parque de maquinaria e almacenamento de materiais propostas polo promotor.

3.- Unha vez localizados no proxecto de construcción os puntos destinados a vertedeiros dos residuos, tanto orgánicos como inorgánicos, que se xeneren durante o período de construcción, será necesario establecer unha vixilancia para o correcto uso destes; establecendo de igual forma, as disposicións necesarias para asegurar que non se produzan vertidos incontrolados sobre os cauces dos ríos ou sobre zonas colindantes á área de obra. Ante vertidos accidentais estes deberán ser comunicados urxentemente ós Concellos afectados para a adopción de medidas correctoras pertinentes a efectos sanitarios. Unha vez rematada a obra, procederase ó seu selado e restauración.

4.- Localización, de forma previa ó inicio das obras, dos vertedeiros destinados á acollida de solos inadecuados, que, unha vez rematada a obra, deberá ser sometido a un proceso de restauración; ó igual que calqueira posible canteira que se cree para sufragar as necesidades de áridos u otros materiais necesarios para a construcción da nova vía.

5.- Plan de mantemento das cunetas e canais, limpieza e conservación dos mesmos, de maneira que cumplan dun modo correcto o seu cometido, é dicir, canalizar as augas de escorrentia superficial e revertilas sobre os cursos naturais sen modificalos.

6.- Estudio detallado do nivel acústico xenerado pola vía unha vez entre esta en funcionamento. Este estudio, que debe estar realizado antes de que a vía leve en funcionamiento doce meses, comprenderá unha análise e determinación das superficies do territorio afectadas por niveis sonoros superiores a 65 dB(A), en período diurno e 55 dB(A) en horario nocturno. En función dos resultados obtidos, argumentaranse as medidas correctoras oportunas.

